

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 6.

SESION ORDINARIA DO 25 DE ABRIL DE 2018

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
Muñoz Fonteriz, Elena

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Fidalgo Iglesias, Miguel (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)
González Sánchez, Elena (concelleira do grupo municipal do Partido Popular)
Piñeiro López, Ángel (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e seis minutos do día vinte e cinco de abril do ano dous mil dezaioito, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Regades Fernández,

Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do Concello, convocado por orde do día do 23 de abril, sesión ordinaria para o día de hoxe as 9,00 horas. Constatamos quórum, ábrese sesión pública e iniciamos o Pleno.

Antes de comezar quería notificar ao Pleno que faleceu a nai da Sra. González Sánchez no día hoxe, razón pola que non está presente no día de hoxe, queremos enviarlle o noso pésame, o noso abrazo e o noso sentimento polo falecemento da súa nai.

Procedemos co Pleno, en primeiro lugar imos someter á consideración a alteración da orde do día, introducindo un primeiro punto de comparecencia dun representante dos traballadores do sector da xustiza que se atopan en folga indefinida. Recibimos antonte unha petición asinada polo Sr. Pablo Valeiras, propoñendo o seu desexo de intervir neste Pleno para permitir a presenza de traballadores/as de xustiza que se atopan en folga indefinida dende o pasado 7 de febreiro e como á lectura dun manifesto en defensa dos intereses do noso colectivo, sinala o Sr. Pablo Valeiras.

Dado que no momento que se fixo esta solicitude xa estaba convocado o Pleno, asinada a orde do día, e polo tanto xa non había posibilidade de introducilo dada a significación desta petición que compartimos, imos a someter á votación, vou propoñer un cambio da orde do día, de tal modo que de acordo coa forma que se fan estas comparecencias, o introduzamos de punto 1.a) despois da lectura de actas. Sería unha intervención da forma habitual por espazo aproximadamente de 5 minutos con intervención dos grupos se o consideran preciso, despois desa intervención.

Procedemos polo tanto á votación do cambio da orde do día, introducindo un segundo punto, punto 1.a) que sería a intervención dunha traballadora da

administración da Xustiza de Vigo para dar lectura dun manifesto.

VOTACIÓN: Queda aprobado por unanimidade.

PRESIDENCIA: Feito ese cambio, procedemos coa orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1(56).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA DO 28.02.2018).

Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 28.02.2018.

1a)(57). COMPARECENCIA DOS TRABALLADORES DE XUSTIZA, DANDO LECTURA A UN MANIFESTO EN DEFENSA DOS INTERESES DO COLECTIVO. REXISTRO PLENO 1756/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de abril de 2018, a Central Unitaria de Traballadores/as "Alternativa na Xustiza" representada por D. Pablo Valeiras Rios, presenta no Rexistro Xeral (Doc. 180060065) escrito solicitando a comparecencia no Pleno para dar lectura dun manifesto en defensa dos intereses do colectivo.

PRESIDENCIA: A persoa que vai intervir é Dona Teresa Alonso Rivas, traballadora da administración de Xustiza en Vigo que lle prego que ocupe o seu lugar neste presidencia.

SRA. ALONSO RIVAS: Quero comezar cunha cita da película "El gran ditador" de Charles Chaplin, e di así: "¿Cuántos traballadores irán a la huelga? ,- Toda la fábrica. Unos 3000. - Que los fusilen a todos. No quiero que haya obreros

insatisfechos"

Atopámonos nesta batalla, loitamos os traballadores de xustiza contra a intransixencia, as mentiras, as labazadas na nosa dignidade por parte do partido que nos goberna.

Dende o 7 de febreiro, señores, a xustiza está en folga, non vou aburriros con estatísticas de xuízos suspendidos, declaracións non practicadas, infinidade de traballo deixado de facer e todo iso porque con quen temos que negociar non o fai, xoga ao desgaste cos traballadores de xustiza.

Porfían en contar que o seguimento é moi baixo, eu pódolles dicir, porque participo nos recontos, que a porcentaxe de seguidores e seguidoras é dun 70% aproximadamente. Vostedes cren que se non fose así estaría a xustiza tan paralizada?

Os traballadores de xustiza somos xente madura, cabezas de familia, temos ideas propias e a estas alturas xa non somos manipulables como queren facer crer... Non estamos en folga sen motivos que, por suposto, non son só económicos. Cantas folgas de xustiza lembran?

Chámome Teresa, que non me presenteí, tomei posesión un día de San Blas do ano 1989. Dende entón, como os meus compañeiros e compañeiras, traballo sen mirar no Regulamento obsoleto que nos rexe se me corresponde ou non polo meu cargo desempeñar determinadas funcións. O que prima é atender a cidadanía que acode á administración de Xustiza.

E aquí estamos, cumprindo o día número 78, que se di rápido, e o patrón Sr. Rueda e o patrón Sr. Feijóo seguen sen sentarse connosco a negociar. Esta folga incentívana eles cos desprezos aos nosos representantes.

E din que cos impostos dos galegos non poden pagar o que se pide. E nós que somos? Xa nos dixeron que nos fóramos ben clariño. Para publicidade, para obras sen rematar, para os seus incrementos de soldo, para as súas festiñas e encontros si que hai cartos.

Pois nós somos traballadores e traballadoras que dende o ano 2008 perdemos cartos e non protestamos porque había que contribuír, que non pedimos como se fartaron de dicir, incremento salarial que o que queremos equiparación co resto das comunidades autónomas. Ben se ve que a este anaco do oeste do país ninguén o ten en conta.

Agora teiman en dicir que estamos ben, que a nosa comunidade non debe, pero xa se sabe que a río revolto só uns cantos pescadores gañan.

Xa nos manifestamos, escribimos cartas, disfrazámonos, fixemos procesións, almozos solidarios, recollida de alimentos, saímos a cantos actos van o Sr. Rueda e o Sr. Feijóo, despregando o noso cancionero e non hai maneira. E eu con estas guedellas canosas de cinco centímetros, porque me fixen a promesa de non ir tratalas ata rematar o conflito.

Non sei que pasa cos medios, saímos só de cando en vez, iso si, se o Puigdemont nos deixa ou agora tamén a Letizia. Estou por cortar a televisión e a radio porque total esta comunidade non importa en España.

Agora temos a compañeiros e compañeiras, aos que admiro, tirados diante de San Caetano, presentando escritos a diario para que haxa unha reunión e arranxar o conflito de xustiza. Que non os enganen, non son 12 euros o que nos separa soamente, senón tamén o sistema que argallou a patronal para facer a recuperación.

O Sr. Rueda di "non premiarei a quen non traballa". Non se decatou o Sr. Rueda que non queremos agasallos, queremos realizar o traballo que temos pendente por esta folga, facer as horas que faga falla, recuperando, se pode ser, parte dos cartos en proporción aos días que estivemos en folga loitando polos dereitos de todos e todas, incluíndo as persoas que non secundaron a folga.

Agora agardamos a que soe o telefono, cando o Sr. Rueda dispoña ter unha reunión despois de que se lle pase o enoxo coma se dun cativo se tratase e, señores e señoras, eu xa educo a un, non quero educar máis nenos.

A última xogada foi chamar só a catro sindicatos, de costas aos outros tres, pero o Sr. Rueda non contou que temos sete e o arranxo pasa por telos a todos en conta.

Señores e señoras, desta folga lévome coñecer a compañeiros e compañeiras aos que na maioría dos casos só saudaba ao entrar e saír, xente marabillosa coa que paga a pena seguir. Todos imos gardar con orgullo as nosas camisolas.

Para rematar, gustaríame dicir a todos vostedes que a loita segue, que somos de xustiza e que queremos negociar xustamente.

PRESIDENCIA: Moitas grazas Sra. Teresa Alonso Rivas pola súa intervención chea

de emotividade e de contido.

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Nós agradecer que os grupos estivéramos de acordo en escoitar aquí as demandas dos traballadores do colectivo de traballadores/as dun servizo público esencial, nós gustaría que isto, e a expresión deste Pleno tamén fora a expresión fun goberno que non só está a utilizar as prácticas máis antisindicais da historia e posiblemente da democracia desta país, primeiro está en criminalizar o sector, lembremos incluso con colaboración dalgún medio de comunicación en acusar ao sector dos traballadores que están pedindo unha cuestión absolutamente xusta como é unha homologación salarial a unha administración de xustiza que aínda que estea delegada nas comunidades autónomas non deixa de ser un dereito constitucional e polo tanto un servizo público de carácter estatal que tería que ter unha homologación laboral en todo e sobre todo nos sectores e nas categorías máis baixas do sector de xustiza, a practica sindical de criminalizar un colectivo de traballadores que loita por unhas demandas absolutamente xustas, xa non é que sexa vello, e que é do Tribunal do orde público e que case incluso predemocrático e forma parte da peor historia deste país, polo tanto, emprazamos ao goberno do Partido Popular a entender que se está a falar de dignificar un sector que leva moitos anos asumindo cargas de traballo brutais por unha falla ademais de medios, asumindo moitas veces traballadores de xustiza funcións que non son especificamente as súas e creo que non son os xuíces nin os avogados os que sosteñen hoxe en día o sistema xudicial deste país senón que son os cadros de persoal colectivamente, hai un agravio comparativo entre Galicia e o resto das comunidades autónomas deste país, hai un agravio comparativo en canto a medios e tamén e polo que vemos en canto a dereitos sindicais e dende logo hai unha administración autonómica que decidiu facer votar o peito na posibilidade de negociar e utilizar a vella táctica das patronais máis retrógradas de criminalizar, dividir e non darlle ningún tipo de lexitimidade aos representantes sindicais cando estamos a falar dunha loita exemplar, entre outras cousas porque a organización sindical que non teñen por que estar de acordo coas cuestións que teñen que ver coa representación dos traballadores/as de xustiza, levan aguantando moitos días unha unidade sindical

que eu creo que é envexable non só para os traballadores/as do sector público deste país, de calquera administración senón creo que tamén para o privado, creo que para o sector privado é un exemplo, para a industria, para o sector servizos é un exemplo de unidade sindical, de unidade no concreto que para nós é exemplar. Nada mais, animar ás organizacións sindicais a non ceder á chantaxe do goberno da Xunta de Galicia que creo que estamos moitos traballadores de toda Galicia esperando o aguante e a resolución positiva disto, porque se isto sae ben a negociación colectiva non só no sector público senón tamén no privado deste país, vai saír ben para todo o mundo, creo que é unha das loitas sindicais exemplares, eu quero felicitar, así o digo, ás organizacións sindicais da primeira e á última, felicitar aos traballadores porque creo que funcionan nun réxime assemblearia envexable, nunha capacidade incluso de ser imaxinativos na reivindicación, e esperamos que tódolos concellos de Galicia repercutan tamén este acordo que esperemos que saía hoxe de apoio e de solidariedade e obviamente que se lle emprace xa, dunha vez por todas, ao goberno da Xunta de Galicia a non converterse en un instrumento de destrución de dereitos laborais, de dereitos de negociación colectiva porque custou non só moito esforzo senón que custou vidas poder dar hoxe un marco de negociación nas administración públicas e tamén no estamento privado, para que veña agora un partido político a meternos na deriva da situación predemocrática. Polo tanto, ánimo en todo o que podamos votar unha man, creo que os grupos municipais de esquerda imos ser absolutamente solidarios e que sega se fai falla a folga durante moitos días.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Nós dende logo, votamos a favor de que se incluíse por urxencia este punto na orde do día porque como sempre, estamos a favor de que calquera colectivo teña voz neste Pleno, no Pleno do Concello de Vigo que para nós é extraordinariamente importante e por suposto que calquera reivindicación que teñan os cidadás e neste caso os traballadores de xustiza, creo que teñen que ter abertas as portas de tódalas administracións e neste caso do Pleno do Concello de Vigo. Eu creo que neste punto simplemente o que quero dicir é que é evidente que tódolos traballadores teñen dereitos a pedir unha mellora das condicións laborais, en pedir que se teña en conta a súa situación e en pedir que se mellore, sen ningunha dúbida, a nós o que nos trasladan é que a vontade de negociar sempre

estivo enriba da mesa, por parte da Xunta de Galicia e segue estando esa mantida e esa vontade de negociar enriba de mesa, coa intención tamén de tratar por igual a tódolos funcionarios públicos, tódolos que traballan para a Xunta de Galicia, aos de Xustiza por suposto, pero tamén ao resto, neste momento está enriba da mesa unha proposta que de acordo co que trasladan supón unha subida de máis de 300 euros ao mes de media, se se une á anunciada polo goberno, eu estou a falar dos datos que nos están trasladando o que supón máis de 4.000 euros máis ao ano por traballador, que ademais inclúe unha cláusula que garante que os traballadores de xustiza vansen quedar sempre por enriba da media estatal do tódolos traballadores de xustiza, que é unha cláusula que supón que Galicia vai ser a carta comunidade por enriba da media de comunidades que en retribucións aos traballadores para ir recuperando ese desnivel que neste momento existe e que é unha realidade e foi recoñecido pola propia Xunta de Galicia, entre os traballadores de xustiza e o resto de traballadores do resto de comunidades autónomas, que tamén se puxo enriba da mesa unha oferta para incrementar 36 novas prazas nos xulgados, a creación de 7 prazas de psicólogo nos servizos de atención ás vítimas, máis salarios en violencia de xénero, cunha subida a maiores de ata 1.200 euros ao ano por traballador, nun complemento lineal por obxectivos e ampliación dos permisos de maternidade e paternidade, unha oferta que neste momento e de acordo cos nosos datos está enriba da mesa que segue a mantida, que creo que houbo unha oferta por parte de Xunta de Galicia de que esta última oferta que en principio aceptaron catro sindicatos e chegouse un preacordo pero logo rexeitouse polos tres restantes, sigue enriba da mesa e unha oferta de que iso sexa votado individualmente por tódolos traballadores da xustiza de Galicia para que tamén tódolos traballadores volvan a ter a oportunidade de opinar sobre esta oferta, eu creo que dende logo o que nos desexamos é que se chegue a un acordo, que se chegue a unha solución polo ben de todos, porque eu creo que a xustiza é un dos piares da nosa administración e hai que chegar a un acordo. O que nós esperamos é que se chegue a un acordo, que se poidan pechar esas posturas e que esta folga acabe o antes posible con ese acordo entre as partes que esperamos que se produzan polo ben de tódolos cidadáns e tamén polo ben da xustiza en Galicia.

SR. LÓPEZ FONT: Benvidos a este Pleno os traballadores de xustiza que tal e como comentaban atópanse nunha situación de folga que a Sra. Teresa a súa voceira, dicía que non quería dar moitos datos pero o dato dos días que levan en folga é absolutamente horrible, 78 días en folga, nun servizo tan esencial para os cidadáns, dende logo, debería de facer enroxecer a calquera responsable político, isto certamente non parece que sexa así para o Partido Popular e para o goberno que preside o Sr. Feijóo, é absolutamente inxustificable que esteamos 78 días despois, tendo que pedir que se sente a negociar o vicepresidente da Xunta de Galicia, é absolutamente inxustificable e é unha demanda que hai que facer, levar, apoiar neste Pleno porque é, xa digo, inxustificable, a responsabilidade política da situación na que nos atopamos o conxunto dos cidadáns en toda Galicia como consecuencia desta folga, é responsabilidade do goberno galego, pero en primeira persoa é responsabilidade do seu vicepresidente ao que lle corresponde solucionar esta folga e sentarse a negociar, non hai maior desprezo aos traballadores que non sentarse a negociar, non hai maior desprezo aos traballadores que ser absolutamente intolerante, que contar mentiras, desprezalos e utilizar a uns sindicatos contra outros cando certamente estase danando gravemente ao conxunto dos cidadáns, a man tendida do Sr. Rueda xa a coñecemos, a man tendida do Sr. Rueda é só buscar os seus intereses partidistas e en lugar de dialogar o único que fixo, porque iso si que o vimos tódolos cidadáns, é descualificar aos traballadores, os cidadáns que non entramos na autonomía da negociación, os que sabemos que isto se compón de reivindicacións salariais, pero tamén de condicións de traballo, si vemos polos medios de comunicación e si vemos polas actitudes, tamén é certo porque as coñecemos, vemos esas actitudes de descualificacións cara os traballadores. Polo tanto, o Sr. Rueda optou en nome do goberno galego por en vez de dialogar, en vez de sentarse ata que isto se resolva, por esa posición de intransixencia, a negociación lle corresponde aos traballadores dentro de toda a súa autonomía e dentro da súa liberdade para negociar, pero dende logo socialmente, a sociedade, os grupos políticos temos que esixir que o goberno galego solucione este tema, que non se levante ata que sexa capaz de negocialo e solucionalo, e polo tanto, nós aquí, xa o fixemos cunha moción que presentamos, trasladamos todo o noso apoio aos traballadores que están levando a cabo esta folga, aquí solicitamos novamente e formalmente que

se convoque unha negociación de inmediato porque é unha responsabilidade política a que lle corresponde ao Sr. Rueda a e hai que chegar a uns acordos para que esta folga se solucione, claro, aquí en Vigo sabemos moito das boas intencións, das mans tendidas e sabemos moito dese “boismo” que trata de exhibir o Partido Popular, pero tamén neste Pleno sabemos moito e o sufrimos a diario e o levamos sufrindo durante moitos anos que aquí neste Pleno intervencións se convierten en só unha defensa do goberno galego e das actitudes que ten contra a cidade e neste caso contra os traballadores, e a intervención que me precedeu é unha boa proba diso, algúns se sorprendían, eu non, e efectivamente se utiliza esta tribuna para ir en contra do que son os dereitos dos traballadores, nós pedimos aquí formalmente que se convoque de inmediato aos sindicatos inmediatamente, que se negocie ata que este conflito se solucione, e que se isto non se leva a cabo o que é minimamente sentarse a negociar, pediremos formalmente a petición do vicepresidente o Sr. Rueda.

PRESIDENCIA: Atendendo por tanto ao Regulamento, o Sr. Font fai unha proposta de resolución que someteremos a votación, consiste en, primeiro, que se convoque de inmediato ós sindicatos para negociar a resolución da folga. Segundo, que se resolva esta folga satisfactoria. Terceiro, que na negociación se sente o vicepresidente da Xunta de Galicia o Sr. Rueda, e cuarto, de non facerse deste modo este Pleno solicita a dimisión do Sr. Rueda como vicepresidente da Xunta de Galicia.

Estes son os termos da resolución que sometemos a votación.

PRESIDENCIA: Quero transmitirle á Sra. Teresa Alonso e a tódolos traballadores/as do sector da Xustiza en folga, unha folga xusta e lexítima en defensa dos intereses dos traballadores e dos cidadáns, para ter un mellor servizo de xustiza en todo este país, que teñen o apoio deste Alcalde, deste goberno, deste Pleno e desta cidade.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font,

Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Que se convoque de inmediato aos sindicatos para negociar a resolución de folga.

Segundo.-Que se resolva esta folga satisfactoriamente.

Terceiro.- Que na negociación se sente o vicepresidente da Xunta de Galicia o Sr. Rueda.

Cuarto.- De non facerse deste xeito este Pleno solicita a dimisión do Sr. Rueda.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2(58).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NAS LEIS, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DO 2018. EXPTE. 19603/541 (REXISTRO PLENO 1739/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 10 de abril de 2018, o tesoureiro municipal emite o seguinte informe,

"ASUNTO: Informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas do Concello de Vigo, Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e Fundacións que pertencen ao perímetro de consolidación, correspondente ao 1º trimestre do ano 2018 e PMP dos tres primeiros meses do ano 2018.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (entrada en vigor o 1 de abril de 2018).

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINHAP.

INFORME.-

I Ámbito subjectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia da relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Asimismo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos

Así mesmo o artigo 5 do RD 128/2018, RXFALHCN, regula como funcións propias da Tesourería Local:

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del periodo medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP (No mes de abril, incorpórase o sistema de cálculo previsto no Real Decreto 1040/2017).

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

“1. El prazo de pago que debe cumprir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)”

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el

apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón o rexistro automático no rexistro contable de facturas, escomezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como as pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, en coherencia coa normativa de morosidade aplicable «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», tal e como establece o manual, o cómputo dos días para o cálculo do PMP iníciase aos trinta posteriores á data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ou desde a data de aprobación da certificación mensual de obra, segundo corresponda. Consecuentemente, o prazo máximo conforme á normativa actual, serían 60 días en total, (desagregado en 30 días desde entrada en rexistro para aprobar e 30 desde a aprobación ou recoñecemento para o pago).

Salvo de casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato).

IV.- Estrutura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha *Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade*, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(www.minhafp.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAFP en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información é totalmente garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

Pagamentos realizados no trimestre.

- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do

trimestre.

- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o RD 635/2014 e a partires do 1 de abril o previsto no Real Decreto 1040/2017, informando sobre os pagos, e o pendente de pago e o PMP.

V.- Datos correspondentes ao 1º trimestre do ano 2018.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 1º trimestre do exercicio 2018 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO e FAIMEVI), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco e FAIMEVI.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda e Función Pública, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	X. M.	F.	F.FAIMEVI
Pagos feitos no trimestre				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	4.984	70	18	13
Importe dos pagos	32.557.430,79	218.598,58	15.195,68	174,20
<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	0	0	14	
Importe	,00	,00	7.596,89	
PMP (período medio de pago do trimestre)	15,40 días	16,54 días	28,23 días	1,11 días
Intereses de demora pagados no trimestre				
Nº de pagos	,00	,00		
Importe	,00	,00		
Pagos pendentes ao remate do trimestre				

<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	948	10	14	2
Importe dos pagos	2.155.478,87	56.566,54	8.145,23	147,55
<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	3	0	31	5
Importe	6.517,50	,00	40.452,54	22.527,90
PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)	15,46 días	15,22 días	58,71 días	1842,6 días

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FACE ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

En relación coa facturación pendente de pago que afecta a 948 facturas, teñen unha antigüidade media de 15,46 días

En canto ás facturas pendentes de pago ao peche que están fora do período medio de pago, pola súa pequena contía non merece comentario (3 facturas por un importe total de 6,517,50 euros).

Resumo por trimestres de morosidade

En días, 1º trimestre ano 2018, 2º, 3º e 4º do ano 2017

Período	E. Local		XMU		F.MARCO		F.FAIMEVI	
	PMP/días	PMPP/días	PMP/días	PMPP/días	PMP/días	PMPP/días	PMP/días	PMPP/días
1º Trimestre	15,4	15,46	16,54	15,22	28,23	58,71	1,11	1842,6
2º Trimestre ¹	22,95	8,86	18,96	2,36	37,37	23,08	31,27	1989,74
3º Trimestre ²	20,84	14,79	10,93	2,21	40,74	27,62	15,33	1722,24
4º Trimestre ³	16,34	6,85	17,87	9,5	28,31	17,63	69,97	1751,99

En contías e nº de pagos, 1º trimestre ano 2018, 2º, 3º e 4º do ano 2017

Período	Entidade Local	Xerencia M. Urbanismo
1 Ano 2017		
2 Ano 2017		
3 Ano 2017		

1º Trimestre,2018	4.984	32.557.430,79	0	,00	70	218.598,58
2º Trimestre,2017	4.357	32.508.507,61			85	218.632,82
3º Trimestre,2017	4.586	29.695.592,35	6	22.288,84	67	162.392,82
4º Trimestre,2017	4.468	46.190.664,80	3	1.422,94	104	264.509,97
Total	18.395	140.952.195,55	9	23.711,78	326	864.134,19

Período	Fundación MARCO				Fundación FAIMEVI			
	Dentro do PP		Fora do PP		Dentro do PP		Fora do PP	
	Nº pagos	Importe	Nº pagos	Importe	Nº pagos	Importe	Nº pagos	importe
1º Trimestre,2018	18	15.195,68	14	7.596,89	13	174,20	0	,00
2º Trimestre,2017	95	79.163,86	53	61.661,43	15	3.299,44	16	7.760,92
3º Trimestre,2017	58	59.134,29	44	82.719,68	28	47.969,76	8	347,67
4º Trimestre,2017	53	47.616,42	22	26.387,09	16	496,69	7	8.002,57
Total	224	201.110,25	133	178.365,09	72	51.940,09	31	16.111,16

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

En ningún trimestre se chega nin a metade do prazo legal de pago

Dos datos que se amosan na táboa de morosidade comercial, os mesmos están moi alonxados deses 60 días.

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos trimestrais como mensuais en relación co Real Decreto 635/2014.

Resumo do Período medio de pagos mensual (PMP, RD 635/2014 e 1040/2017)

En días para todo o perímetro de consolidación, 1º trimestre ano 2018, resto do ano 2017.

PMP , Real Decreto 635/2014, ano 2018- 2017 (ano)												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maió	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	-15,16	-13,27	-14,05	-9,23	-9,14	-	-	-9,98	-11,36	-13,95	-11,69	-19,87

						11,50	12,54					
FAIMEVI	28,92	56,99	85,10	10	-25,13	-7,96	-15,32	18,81	-4,26	-0,20	9,81	27,15
MARCO	10,27	10,65	25,83	16,27	9,96	14,12	9,68	10,63	6,88	-8,39	-1,05	-1,14
XMU	-10,57	-23,49	-15,44	-11,59	-17,13	-	-20,01	-20,70	-25,68	-14,56	-18,11	-17,08
PMPGlob.	-15,05	-13,20	-13,83	-9,06	-9,06	-	-11,38	-9,89	-11,43	-13,94	-11,69	-19,81

Por contías, para a Entidade, Organismo Autónomo e Fundacións, 1º trimestre ano 2018, resto do ano 2017.

Meses	Entidade			X.M.Urbanismo			F.MARCO			F. FAIMEVI		
	Importe		PMP	Importe		PMP	Importe		PMP	Importe		PMP
	Pagado	Pt. pago		Pagado	Pt. pago		Pagado	Pt. pago		Pagado	Pt. pago	
Xaneiro	13.825.781,59	2.357.487,86	-15,16	110.322,15	5.887,94	-10,57	7.002,45	34.887,27	10,27	77,40	4.827,90	28,92
Febreiro	8.969.584,14	2.511.866,47	-13,27	39.216,02	27.391,03	-23,49	7.596,40	42.817,95	10,65	48,40	4.827,90	56,99
Marzo	9.685.980,42	2.162.301,14	-14,05	69.060,41	56.566,54	-15,44	8.193,32	48.597,77	25,83	48,40	4.975,45	85,10
Abril	9.616.170,47	5.172.242,28	-9,23	60117,36	23578,89	-11,59	40584,01	60896,94	16,27	7930,18	378,53	10,00
Maio	11.451.704,00	4.609.696,80	-9,14	60330,57	34780,68	-17,13	59116,42	50536,89	9,69	2801,92	462,32	-25,13
Xuño	11.413.173,43	3333494,19	-11,50	55085,10	23329,75	-20,01	41484,46	56903,23	14,12	328,26	576,13	-7,96
Xullo	7.962.620,28	5.815.713,43	-12,54	43707,50	34823,68	-18,90	32854,97	66060,88	9,68	4796,21	618,32	-15,32
Agosto	12.341.355,79	3.127.762,86	-9,98	44443,98	8742,25	-20,70	67638,66	24439,34	10,63	243,70	968,33	18,81
Setemb.	9.393.481,53	3.037.940,23	-11,36	67731,19	61264,04	-25,68	41360,34	9546,27	6,88	113,82	4420,97	-4,26
Outubro	10.112.304,47	4.378.686,45	-13,95	127245,88	42304,13	-14,56	19558,11	15769,67	-8,39	341,77	8170,05	-0,20
Novemb.	13.725.685,99	4.585.588,29	-11,69	57189,46	45613,41	-18,11	16692,54	15111,05	-1,05	77,52	12453,45	9,81
Decemb.	22.474.517,55	13.194.345,53	-19,87	80074,63	97798,12	-17,08	37752,86	15216,59	-1,14	8079,97	4995,38	27,15
Total	140.972.359,66			814524,25								
Pmanua l		-13,37		-17,35	Pm/anual							

As pequenas diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014, está nas retencións, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, os días negativos que se reflicte na táboa, supón que os pagamentos fixéronse cunha antelación aos trinta días fixados polo RD 635/2014.

En canto aos pagos pendentes a 31 de marzo, ao día de emitir este informe, dos

pendentes de débeda comercial, atópanse pagados.

O que poño en coñecemento da Concellería delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos.”

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 18.04.18, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Bos días, especialmente ás traballadoras de xustiza que nos acompañan no público.

Neste caso o punto se refire a dar conta do pagamento aos provedores por parte deste Concello, nun intre verán que non somos iguais no Partido Popular e no Partido Socialista, no goberno desta cidade nos preocupan as persoas, tamén os provedores e as empresas que contratamos para desenvolver as políticas que levamos a cabo dende o goberno da cidade, que encabeza o Alcalde, o Sr. Abel Caballero e polo tanto o Partido Socialista nos preocupamos de non xerar tensión de Tesourería e por iso articulamos un procedemento para poñer a disposición das empresas que contratan con nós, do xeito máis rápido posible, os cartos dos contratos que asinamos con eles, no contexto do Estado o período medio de pago das corporacións locais está en 58 días, se trasladásemos isto a Vigo nos atoparíamos na etapa na que gobernaba o Partido Popular, pero como non goberna o Partido Popular, este goberno fai un tratamento escrupuloso dos prazos de pago e cumpre nun prazo de 15 días, é dicir, á volta de dúas semanas as empresas, os provedores que contratan con nós perciben o íntegro dos seus contratos, polo tanto, a situación é diferente nesta cidade respecto doutras cidades do contexto do Estado, é diferente tamén da Xunta de Galicia, onde a Xunta de Galicia paga en 37 días mentres que nós o Concello de Vigo pagamos en 15 días como dicía hai un anaco, polo tanto, dúas semanas de pronto pago para os provedores fronte a máis dun mes, chegando case a dous meses que fai a Xunta de Galicia, polo tanto, estamos non só á fronte da comunidade autónoma como logo veremos senón tamén ao fronte das demais cidades de España, non só das cidades de máis de

100.000 habitantes coas que temos que compararnos, senón tamén das capitais de provincias, só dous datos, se temos en conta o prazo de pago de Madrid, por exemplo a capital do Estado temos que paga en 42 días, mentres que Barcelona paga en 30 días, polo tanto, en mellores condicións, en mellores ratios de xestión económica que iso é o que nos permite facer e desenvolver todas as nosas políticas que estas grandes cidades, polo tanto, á cabeza de cidades como Barcelona, Madrid, Sevilla, Santander, Málaga, Valladolid, Valencia, Tenerife, Zaragoza, Murcia, Palma, Córdoba, en definitiva das cidades que nos preceden en poboación en contexto do Estado. Se facemos unha comparativa, como dicía, mentres Madrid paga en 42 días, Vigo en 15 días, mentres Vigo paga en 15 días Valencia paga en 39 días, mentres Vigo paga en 15 días Sevilla en 95 días, Zaragoza en 37, Tenerife en 23 días, Palma en 30 días, Valladolid en 40 días, Xixón en 40 días tamén, é dicir, pagamos antes que outras cidades de España.

A situación tamén é boa respecto do resto das cidades de Galicia, polo tanto, pagamos antes que ningunha outra cidade facendo unha comparativa, mentres Vigo paga en 15 días, A Coruña paga 42 días, Ourense en 70 días, Vigo en 15 días, Lugo en 113 días, Vigo en 15 días e Pontevedra paga no entorno dos 29 días, polo tanto, somos tamén un referente no contexto do Estado e da Comunidade Autónoma, razón pola que Vigo é un lugar excelente, un Concello excelente para facer actividade económica como se demostra con estes datos e tamén un concello ben xestionado economicamente, polo tanto, un concello que pretende facer fronte as débedas cos provedores no tempo máis rápido posible para evitar esas tensións de Tesourería que teñen esas empresas nestes momentos de leve recuperación económica.

Ao final do período trimestral o 31 de marzo, polo tanto, se fixeron máis de 4.900 pagos, polo tanto, un importante volume de pago aos provedores con máis de 32 millóns de pagamento á provedores que ao finalizar ese trimestre quédanse obrigacións pendentes, nin se pagasen xuros de mora por atrasos indebidos a provedores.

En definitiva, bos datos da xestión económica deste Concello que tamén benefician ás empresas, aos traballadores das empresas, ás familias e ao tecido produtivo da cidade.

SR. PÉREZ CORREA: Creo que xa en reiteradas ocasións nós dixemos que nos gustaría que todos traballáramos polo menos cos mesmos números porque asistindo ao portal do Ministerio de Facenda, á información que figura no Ministerio de Facenda os datos que o concelleiro de Facenda nos traslada aquí e o que aparece no portal son cando menos parámetros que non deben estar sendo collidos ou no mesmo ratio de tempo, nós estamos a falar dun mes, do trimestre, dun ano enteiro, porque dende logo non son coincidentes, calquera cidadá pode acceder ao portal de Facenda e ver que efectivamente os datos de Vigo son bos, son moi bos, dentro do conxunto das grandes cidades porque está ben que falemos do marco nos que nos queremos mover, pero hai concellos que nos últimos dous anos case fixeron unha redución do 80% dese tempo que tardaban, non só en recoñecer a factura senón tamén en pagala, polo tanto, nós sempre dixemos que os números eran bos, tamén dicimos que se achica o número de provedores e polo tanto o número de facturas, que estamos nun concello que cada vez, pois sensiblemente comparando o trimestre anterior hai menos pagos, é dicir, hai menos facturas, e o montante económico tamén moitas veces é menor, que dicimos nós? O reiteramos en moitas ocasións, está ben, cremos que as administracións públicas agora no conxunto das administracións públicas algunhas con mais dificultades, sobre todo aquelas naqueles concellos que teñen un plan económico financeiro que iso está permitindo financiar á actividade de determinadas empresas sobre todo das PIMES e determinadas empresas que interactúan e traballan coas administración locais ou con outro tipo de administración, está ben, incluso que un concello lle estea a pagar antes do que lle paga outra empresa, que é bastante habitual que as facturas que se remiten entre empresas pois é a pago de 30 días, 60 días, e aínda que con menos frecuencia pero nalgúns sectores, por exemplo o meu, as facturas a 90 días segue sendo unha realidade ou na banca que hai facturas incluso a 120 días, está ben, estamos de acordo que iso sexa unha realidade, pero nós queremos saber primeiro, un pouco máis de transparencia, lle imos poñer un exemplo, o Concello de Zaragoza que aquí nos datos do Ministerio está a pagar nun ratio moi parecido ao Concello de Vigo, cando recoñece unha factura esa factura aparece colgada na web do Concello de Zaragoza, calquera cidadá pode ver a factura recoñecida ao provedor, o importe e incluso filtrar para saber por exemplo, canto paga de luz determinado

edificio público, canto estamos recibindo de facturas de servizos que moitas veces non van dentro de contratos, é dicir, todo iso é facilmente analizable, no Concello de Vigo non, vostedes non din que as facturas se recoñecen moi rápido pero a nós nos gustaría ver como a tódalas empresas civilizadas deste país, a factura e o servizo ou o ben ou o subministro que recibe o Concello, o Concello de Zaragoza non é un concello especialmente nin con máis capacidade económica que o Concello de Vigo, pero fai iso dentro do seu portal de transparencia, calquera cidadá pode ver esas facturas pois cunha pequena nomenclatura do detalle sen necesidade de ter toda a factura polo que poida implicar do tema de protección de dato, o resto é público e aparece nun portal e calquera cidadá pode efectivamente ver se estamos pagando rápido por unha cuestión de que os servizos efectivamente se están controlando e o facemos de maneira inmediata, nós imos seguir, eu creo que a ningunha persoa lle gustaría que o mesmo día que chega a factura se pagara, por unha cuestión porque creo que a administración pública debe comprobar que efectivamente o que contén a factura, se recoñece porque o servizo vexa o importe que estea nesa factura, polo tanto, esa carreira de ser o primeiro concello do Estado pois nos parece bastante ridícula, preferimos que se nos poña unha metodoloxía clara, aberta que podamos todo o mundo saber o estado dese recoñecemento de facturas porque ao mellor estar dentro do horizonte dos 30 días non é necesariamente negativo e polo tanto queremos saber tamén cal é a metodoloxía e se esa metodoloxía se pode facer tan transparente e tan accesible como outros concellos que fan un esforzo encomiable porque esas facturas no momento de recoñecidas están nun portal cidadá no que calquera cidadá pode velo, en todo caso, cremos que tamén é importante recoñecer que cada vez hai menos montante de facturas, é dicir, que imos agrupando provedores, que moitas veces iso na administración pública tampouco axuda demasiado ao tecido económico, é bo que haxa máis pluralidade de provedores á hora de abordar a relación cunha administración local, sobre todo porque hai moitas empresas que tamén lle votaríamos unha man dende a administración pública senón concentráramos nos mesmos provedores determinados servizos de subministro.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade é que Sr. Aneiros unha vez máis nesta

exposición que nos fai vostede do tempo de pago das facturas que evidentemente e os datos dende logo nós non os imos poñer en cuestión, son moi rápidos pagando as facturas, certamente pero é que xa só fallaría con máis de 100 millóns de euros na caixa do Concello, é que senón pagan rápido con 100 millóns de euros dos impostos dos vigueses que levan pagando e que vostedes teñen sen executar, xa só fallaría pero é que ademais estes datos que nos traen hoxe do pago das facturas son un fiel reflexo da desastrosa execución orzamentaria que imos ver no punto seguinte, da desastrosa, absolutamente desastrosa xestión orzamentaria, mire no capítulo de investimentos da execución de investimentos teñen vostedes 50 millóns de euros no orzamento, 50 millóns, sabe cantos pagaron? 700.000 euros, o 1%, foi o único que foron capaces de pagar en tres meses de execución orzamentaria, de 50 millóns de euros, pero como non o van pagar rápido? Se só pagan 700.000 euros de 50 millóns, fallaría máis, pero que vergoña de execución, sinceramente, eu comprendo que vostede aquí ten que xustificar o inxustificable, pero a verdade é que imos cada día a menos, cada día se executa menos, máis lento, máis amodo, cada día temos un goberno que é máis ineficaz, 17 concelleiros e vostedes se atreven a falar de que si a oposición ten que traballar máis o menos, pero si os que non traballan son os que están no goberno municipal pero se se ve en calquera dato que quitan á luz, miren o ano pasado nestas datas había pagado vostedes 5.614 facturas, este ano 4.984 facturas, (téñoille que pedir a presidenta da Deputación de Pontevedra un pouco de respecto porque estou no uso da palabra), estou a falar dos datos que aparecen, por que están tan nerviosos? Reláxense, non pasa nada, sei que isto non é para presumir, hai que dar conta no Pleno e agora nos van explicar porque só executaron o 1% do Orzamento de investimentos seguramente, se terá moitas explicacións, pero teñen que ter respecto e deixar a esta voceira falar e expoñer o que din os datos para que os vigueses o saiban. Un 11% menos de facturas, menos que nunca, a execución peor da historia deste Concello cunha maioría absolutísima que converteu o señor Alcalde en absolutismo, esa é a realidade.

E a verdade, xa que está a falar dos tempos de pago gustaríanos que nos explicara os tempos de pago do Museo Marco porque xa sabemos que vostedes lle colleron unha “tirria” ao Museo de Arte Contemporáneo de Vigo e que queren que desapareza e están matando o arte contemporáneo de Vigo e un museo que era unha referencia, pero é que isto tamén se ve na xestión que fan vostedes das facturas, dous meses para pagar as facturas do Museo Marco, isto é o estupendo da autoxestión que ían facer? Sr. Alcalde, unha xestión tan extraordinaria que ía facer vostede que agora é o Presidente, o Xerente, xa so lle falla abrir e pechar a porta tódolos días para apropiarse completamente do Museo Marco, e resulta que as facturas en dous meses. Mire, señores do goberno municipal, hai que xestionar os cartos dos vigueses que pagan os impostos máis altos de Galicia, lles poñen a vostedes os cartos puntualmente, eles si que cumpren o prazo de pago, si que o cumpren e vostedes acumulan 100 millóns de euros en caixa porque non son capaces de executar, e agora espero que nos explique un pouco que é o que van facer para incrementar a execución, as facturas pagadas e tamén que é o que van facer para mellorar esta desastrosa xestión do Marco que nestes datos que vostedes mesmos achegan estase vendo día si e día tamén, póñanse realmente a traballar polos vigueses, están manexando os cartos públicos, os cartos de tódolos vigueses e o mínimo que se pide é seriedade, xa non pedimos respecto para a oposición que sabemos que non o teñen, pero o mínimo que lle pedimos é seriedade e que digan a verdade, que non pasa nada por recoñecer algún fallo de vez en cando, non pasa nada, hai que ser humilde para recoñecer cando as cousas se poden facer mellor e as cousas se poden facer moito mellor.

SR. ANEIROS PEREIRA: Pois eu collendo esta petición de seriedade que fai a voceira do Partido Popular, tamén lle prego seriedade nos datos porque eu non sei que datos manexa vostede, non sei se fixo un master na Universidade de Harvard de Aravaca ou se é case licenciada en química porque iso parece que é o que da caché no Partido Popular, non sei a que se refire con 700.000 euros de pagamentos o mesmo que non sei ao que se refire cos 100 millóns de euros que di vostede que hai na caixa, non vou entrar nese debate.

Centrando o debate non sei se lle preocupan as máis de 4.900 facturas que paga este Concello de Vigo nun tempo moi razoable para as empresas, en 15 días, na

volta de dúas semanas estamos a pagar aos provedores, e non sei se é comparable unha situación dun ente como o museo ou a Fundación Marco na que as facturas non son nin 4.900 nin 5.000 senón que son pouco máis dunha trintena de facturas, polo tanto, estamos a falar de situacións non comparables, así que pídolle rigor tamén nos datos e que non engane á cidadanía, ou que non pretenda enganar á cidadanía.

Nós o que facemos tamén respondéndolle ao voceiro de Marea de Vigo o que fai este concelleiro é tomar como referencia os datos públicos oficiais e comparables que fai públicos o portal do Ministerio de Facenda, polo tanto nas miñas intervencións gústame ser sólido e solvente, e uso datos oficiais do Ministerio de Facenda que son os que permiten comparar a xestión económica deste Concello co resto dos concellos de España e do resto de Galicia, polo tanto, datos totalmente oficiais.

Pero mire transparencia toda, porque parece que non se sabe aínda como funciona isto do pagamento das facturas, saben vostedes que hai un rexistro automático de facturas, un sistema de facturación chamado FACE onde cada provedor sube a internet a súa factura e pode ver en tempo real a situación da súa factura e a situación das demais facturas, mire, vostedes no expediente do Pleno teñen toda a información posible, toda, porque teñen toda a información.

Compre lembrar tamén que este Concello está en 98 puntos de transparencia sobre 100, polo tanto, nunha transparencia máis que absoluta, pero é que mire, creo que a situación que se reflicte hoxe aquí pode ser se xogamos con estes datos ou se xogamos a enganar á cidadanía, pode ser, un símbolo do que pode pasar nas próximas eleccións, 3 e 3, na oposición haberá 3 e 3 como moito porque nós si que cumprimos coas nosas obrigas e facemos unha xestión eficiente e a cidadanía o reflicte, o coñece porque sabe que cumprimos coas nosas palabras e cos nosos compromisos.

Mire, e para desmentir outra mentira, non se achica o número de provedores no entorno de 4.800 pagos cada trimestre, 4.800 pagos de media, cunha media mensual de 11.000.000 de euros de pagamentos.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que

queda enterado.

3(59).- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DO 2018, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS. EXPTE. 81/143 (REXISTRO PLENO 1740/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 10 de abril de 2018, o tesoureiro municipal emite o seguinte informe,

“Normativa

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional
- Bases de Execución Orzamentaria para o ano 2018

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2017, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, e artigo 4.2 do RD 128/2018, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidentencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao PRIMEIRO trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 31 de marzo de 2018.

Entidade

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

Axúntase o desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos.

Tamén forma parte da liquidación ao 31/03/2018, a recadación e pagamentos de pechados.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítense o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final. Estes estados da Entidade Local e da XMU.

Achégase o estado de Remanente de tesourería, da entidade e do Organismo Autónomo.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final da entidade local.

Incorpórase o estado de modificacións orzamentarias e o Estado de Tesourería.

Estados consolidados

Resumo por capítulos e por fases contables do estado de gastos e ingresos consolidados.

Recadación de exercicio corrente e pechados.

Pagos de exercicio corrente e pechados.

Desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos.

Modificacións orzamentarias.

Outra información:

Incorpórase o Remanente de Tesourería e Resultado orzamentario da Entidade Local, organismo autónomo e consolidados a 31/03/2018.

En relación co estado de situación da débeda financeira bancaria, non se remite información por non existir a esta data operación algunha pendente de amortizar.

Estado dos períodos de pago do terceiro trimestre, tanto da Lei de morosidade (trimestral), Lei 3/2004 coa modificación operada pola Lei 15/2010, como do Período Medio de Pago (PMP mensual) do Real Decreto 635/2014.

A información enviada é comprensiva de todo o desenvolvemento orzamentario tanto de corrente como de pechados.

A mesma será incorporada ao portal de transparencia.”

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, sa súa sesión ordinaria do 18.04.18, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para dar conta da execución orzamentaria de 2018 neste Concello de Vigo, hai que dicir que mentres neste Concello, este goberno, o goberno encabezado polo Alcalde o Sr. Abel Caballero, rende contas da execución do primeiro trimestre do 2018, polo tanto do orzamento corrente, nas Cortes do Estado, no Congreso dos Deputados hoxe o Ministro o Sr. Montoro, aínda está a presentar o proxecto de Orzamentos do Estado para o 2018, polo tanto, a situación é moi diferente nesta administración respecto doutras administracións, sinal tamén de que é un goberno estable, que fai unha boa xestión, que se preocupa polos cidadáns, non estamos con mais de 7 meses de atraso senón que estamos no tempo adecuado para render contas da execución que comprende a efectos gráficos entre ano novo e a pasa da Reconquista do 28 de marzo, polo tanto, dende o 1 de xaneiro a 31 de marzo.

Estes datos da execución poñen de manifesto como falábamos hai un intre a boa xestión económica porque iso é o que nos permite pagar en 15 días e facer un pago en tempo debido e o que nos permite que a cidade sexa tamén unha cidade atractiva, unha cidade na que a cidadanía valora a xestión do goberno porque ve satisfeitas as súas necesidades, pero tamén veno as persoas que veñen de fora coas nosas políticas que fan da cidade unha cidade atractiva, e os datos están aí, no mes de xaneiro os datos da ocupación froito da visita para ver a iluminación da natividade e para ver a cidade así o reflicten, máis de 50.000 pernotacións da cidade e máis de 70.000 visitantes nesta cidade segundo os datos oficiais do Instituto Nacional de Estadística, con Peinador reflatando e pasando do millón de pasaxeiros tamén cos bos datos de ocupación que crecen un 11% en xaneiro e un 13% de febreiro e máis dun 8% tamén no mes de marzo, froito das políticas deste

gobierno de promoción turística da cidade das rutas aéreas, cando a Xunta de Galicia quería acortar Peinador, a oferta de voos en Peinador este goberno tomou a iniciativa e agora Peinador é un Aeroporto que encabeza os aeroportos de Galicia, que trae non só turismo á cidade, senón que tamén trae negocio á cidade porque Vigo é unha cidade emprendedora e este goberno apoia aos emprendedores cos programas de emprego, con máis de 280.000 euros no programa de Emprego, no Vigo Capacita, no programa Vigo Integra, no asesoramento á PEME, no emprego da mocidade e tamén con axudas ás ONGs que actúan na cidade, pero tamén cun cariz social nestas políticas de emprego porque potenciamos, fomentamos e subvencionamos unha política de emprego que favorece a inserción das mulleres que son vítimas de violencia de xénero, para que esas persoas que sofren esa lacra da sociedade, da violencia de xénero, tamén poidan inserir no mercado laboral e aí está este Concello apoiando esas iniciativas, porque Vigo é unha cidade solidaria, levamos neste trimestre máis de 1.600 axudas concedidas para paliar as necesidades de alimentación, de aluguer, das necesidades de auga na casa, de gas, de luz, de pago das hipotecas, dos pagos da comunidade que non se poden facer para evitar desafuizamentos e lanzamentos dos inquilinos, para a eliminación de barreiras arquitectónicas ou para a satisfacción doutras necesidades, axudando á cidade cos coidadores de barrio que fan unha excelente labor nos barrios da cidade como Teis, Bouzas, o Calvario e outras zonas da cidade, cun albergue que permite que ninguén durma na rúa e facendo unha política de axuda ás persoas que así o necesitan co Servizo de Axuda no Fogar, máis de 700.000 euros de pago a este servizo ou subvencionado tamén o Comedor da Esperanza, o Banco de Alimentos, é dicir, facendo que ningunha persoa pase fame, quede fora dunha vivenda, dun teito no que durmir, porque Vigo como digo é unha cidade solidaria, pero tamén estendendo esta política aos rapaces facendo, que os comedores escolares cumpran coa súa función e que os rapaces coman ou poidan comer nos comedores da cidade, subvencionando tamén e mantendo as nove escolas infantís e as 30 aulas matinais que ten en marcha este Concello que permite non só a educación dos rapaces senón tamén a conciliación laboral e familiar da familia e tamén fomentando iniciativas que permitan o lecer e o esparcemento dos rapaces cos parques infantís da rúa Venezuela e da Praza da Independencia, de Jenaro de la Fuente, de Maruja Mallo, de Pedro Albarado, da rúa

Coruña, de Bouzas, nos que hai en Navia, etc, facendo de Vigo tamén unha cidade do futuro, unha cidade na que se pode vivir e que a cidadanía estará cómoda, cos proxectos como o Anillo Verde que rodea aos montes de Vigo, esa senda verde polas antigas vías do tren que xa está en marcha, a plantación de máis de 500 especies arbóreas na rúas da cidade e outros proxectos desta cidade que farán desta cidade unha cidade de referencia e unha cidade do futuro.

SR. PÉREZ CORREA: Nós creo que xa dixemos nalgunha ocasión que as intervencións do concelleiro tiñan que ter música de fondo porque é un vídeo promocional perfecto, está moi ben, se pode vender nalgunha feira internacional ou nalgún encontro de concelleiros de Facenda, estilo convención, pero queremos falar dos números e dos datos que vostedes nos poñen enriba da mesa e dalgunhas cuestións que teñen que ver coa política orzamentaria e coa prioridade da política de investimentos deste Concello, claro que executaron pouco, de 50 millóns de euros, obrigas recoñecidas netas 1 millón e pagamentos netos 767.000, no primeiro trimestre do ano home, se a progresión é esa e vendo os exercicios anteriores, xa sabemos cal é o truco outra vez, coller o montante do superávit para volvelo pasar as políticas de humanizacións, de arboricidio como lle chaman algúns veciños, seguir collendo recursos públicos que cando están orzamentados como investimentos directos do Concello pódense empregar nun montón de cousas, pois utilizados nese mantra, parece ser que hai unha negociación por parte do Presidente da FEMP e do Sr. Montoro para ampliar en que se poden empregar os superávits dos concellos, pero nós queremos poñer enriba da mesa algunhas cuestións, nós fixemos unha busca, e dixemos queremos saber cales son as dotacións, os investimentos que fixo este Concello para dotar a Vigo de algo de futuro, que as humanizacións caducan, que as cuestións orzamentais caducan, que as plantas se secan e que moitas veces os farois non funcionan, queremos saber cantos centros cívicos, cantas garderías, cantas dotacións públicas se investiron ou se fixeron neste últimos anos ou incluso nos últimos dez anos que está o Sr. Abel Caballero como Alcalde, está ben e aí imos ao Google e poñemos "Abel Caballero inaugura" e queremos saber que inaugurou, e certo que hai "Abel Caballero se apunta ao crosfit", "Vigo inaugura bautizos civiles", "Abel Caballero en versión halterofilia", perfecto, aí cada un, é a estratexia política de cada un pero queremos

saber cantos centros cívicos, cantas garderías se inauguraron con recursos públicos, a última, o último Centro Cívico da Miñoa, eu estou a falar dos últimos dez anos porque quero falar dun período concreto, tendo recursos públicos suficientes, barrios que levan anos pedindo centros cívicos, nós últimos anos, dende que se abriu o Centro Cívico da Miñoa tivemos recursos económicos, está perfecto, como se quere ir á Luna seguramente será lexítimo, pero nós queremos falar dos recursos públicos que consideramos que cando se poñen en créditos económicos iniciais nos permiten aos concellos se queremos dotar aos barrios de dotacións, non se quere facer, se prefire facer o bloque do superávit para logo utilízalo nas cuestións absolutamente como digo “peregrinas” que nin consolidan emprego, nin consolidan cidade o único que engrosan é que as empresas que constrúen e as que fan o mantemento, que sempre son as mesmas, e as recorrentes vivirán diso.

Polo tanto, o grado de execución nos preocupa porque vostedes seguen utilizando o superávit como arma electoral e isto non é uns cartos que teñen vostedes nos petos, este son un cartos que saen dos contribuíntes da cidade, isto son transferencias de impostos do Estado que poderían ser utilizadas en sanidade, en educación ou que poderían complementar a través dos orzamentos xerais do Estado por exemplo, as pensións, vostedes teñen transferencias do Estado de determinados impostos que poderían estar derivados á sanidade, pero ao final vostedes acaban utilizando isto en xerar superávit para pasar de exercicio á exercicio e concentrar no último ano toda a obra pública posible, o que vostedes lle chaman obra Keynesiana que creo que Keynes se revolve na tumba cada vez que se di iso, para dicir que iso xera emprego, riqueza, unha cidade europea, vostedes non pisaron Europa, non saben que están a facer as cidades europeas, non saben os que están a facer as cidades europeas, as cidades europeas están remunicipalizando a auga para quitar as empresas mafiosas da xestión dos servizos públicos, non saben que as empresas están xestionando facer gratuíto o transporte público nas grandes cidades, e por iso digo que isto non é unha mala execución, é unha execución interesada e esperamos que o ano que ven vostedes sexan castigados por postergar investimentos durante os últimos catro anos.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Veo que os concelleiros socialistas están moi alterados

despois da intervención do voceiro de Marea de Vigo, debe ser porque se esqueceu de mencionar o ben que toca o bombo o Sr. Alcalde e o sentido do ritmo que teñen os concelleiros da oposición bailando nas festas populares, debe ser que quería que completaran con iso, o problema é que nin bailando, nin tocando o bombo, nin sendo o perexil de tódalas salsas, se executa e se xestiona un Concello, xestionar un concello é outra cousa, xestionar os cartos públicos dos vigueses é outra cousa e cando se ten a gran responsabilidade de estar ao carón da cidade máis importante de Galicia, hai que facer moitas máis cousas que todas esa parafernalia as que cada día máis nos teñen vostedes acostumbrados, hai que gastar ben os cartos dos vigueses, sobre todo porque parecen vostedes empeñados en cobrarlles aos vigueses os impostos máis altos de toda Galicia, e como pagamos os impostos máis altos de toda Galicia, o mínimo que poden facer é utilízalos con cabeza e con rigor, e o que vemos nesta execución orzamentaria Sr. Aneiros que eu me imaxino que tivo que tomar vostede unha tila antes de poder vir aquí a defender esta execución, pois realmente nos levamos as mans á cabeza porque se hai un número que se repite en todos estes papeis de execución orzamentaria é o cero, o 0,00, que é exactamente o que vostedes executaron do 90% das partidas do orzamento, el 0,00, un cero que é exactamente o que se merecen vostedes pola xestión que están facendo dos cartos de tódolos vigueses e tódalas viguesas, un cero porque os cartos que vostedes recadan puntualmente, é dicir, neste primeiro trimestre 20 millóns de euros máis recadaron dos vigueses do que gastaron, 20 millóns de euros xa, e así o remanente suma e sigue e van superando os 100 millóns de euros; 100 millóns de euros e subindo, cando vostedes falan e vanaglorian e se poñen a medalla de que non teñen débeda cos bancos, efectivamente non teñen débeda cos bancos, o que teñen é unha débeda extraordinaria cos vigueses, que se lles adiantaron 100 millóns de euros que os teñen vostedes metidos nunha caixa sen utilizar con cargo a isto, por exemplo ao imposto de Bens Inmóbles, porque temos o imposto de Bens Inmóbles máis alto de toda Galicia porque un vigués paga 0,9% de imposto de bens inmóbles máis que ninguén, case o dobre do que paga un ourensano, para que? Para estar esperando polas humanizacións ano tras ano porque vostedes non executan e pasan o orzamento un ano e o pasan ao seguinte e ao seguinte, iso é utilizar ben os cartos públicos? Non, e a nós non nos van enganar e aos vigueses xa non os están enganando por moitas parafernalias

que vostedes monten e por moita publicidade e propaganda, porque mire, facer un debuxo, un boceto e levalo aos medios de comunicación e publicalo no xornal como se fora unha gran obra non é executable o orzamento de tódolos vigueses e non é mellorar os servizos que os vigueses teñen, deixar sen executar e sen adjudicar os aparcadoiros do centro da cidade que é un caos de tráfico e cada día máis, deixar sen executar a ORA, ser incapaces de xestionar o Auditorio e deixalo quebrar, ser incapaces de quitar adiante un Plan Xeral, iso non é xestionar ben os cartos dos vigueses, temos un goberno con maioría absoluta que leva tres anos sen facer absolutamente nada para o futuro desta cidade que teña importancia, xestionar Vigo é outra cousa e Vigo merece outras cousas e Vigo non merece un goberno que lle frea no seu desenvolvemento, que lle está facendo que se atrase de forma extraordinaria en relación ao resto de cidades de Galicia, unha cidade non avanza a golpe de anuncio publicitario señores do goberno municipal, avanza con xestión seria e responsable, e se vostedes non son capaces de gastar os cartos como aquí se evidencia que non son, polo menos deixen que os vigueses o gasten, deixen no peto dos vigueses e báixenlles os impostos, deixen de asfixialos cos impostos porque a súa ineficacia está probada, temos un goberno ineficaz e incapaz de quitar adiante esta cidade e os proxectos fundamentais da cidade.

SR. ANEIROS PEREIRA: De novo para desmentir algunhas informacións falsas de persoas que parecen que viven en Marte non nesta cidade e de persoas que parecen que non teñen, pese a que o seu título así o acredita, a formación é necesaria, xa se desmentiu ese mantra que vostede intenta repetir da presión fiscal, temos a presión fiscal máis baixa das cidades de Galicia, estamos por debaixo da presión fiscal do contexto do Estado, A Coruña ten unha presión fiscal de 622 euros, Vigo esta nos 500 euros, Ourense 655 euros, Lugo está nos 564, Vigo nos 500 euros e así podería seguir, polo tanto, os datos déixana en evidencia por moito que vostede saque gráficos, tamén no IBI, os cidadáns entenderano, hai dous parámetros para achar o resultado final a pagar, a base e o tipo, a base de Vigo é a máis baixa tamén das cidades de Galicia, é a máis baixa do contexto do Estado, as matemáticas non enganan, Sra. Muñoz, os tres que están aí sentados serán os tres que estarán nas próximas eleccións aí sentados como moito, pero é que nós si que facemos un bo uso dos recursos públicos, non se nos ocorre asinar

un informe para un hospital privado en 5 minutos, igual que non se nos ocorre pechar o exercicio orzamentario como vostede facía cando era conselleira no mes de setembro, nós abrimos o exercicio orzamentario o 1 de xaneiro e o pechamos o 31 de decembro. Mire, e non pretenderá que nós adxudiquemos a dedo as obras, non pretenderá que fagamos unha interpretación laxa do ordenamento como vostedes pretenden, se vostedes van aos datos da mesa de contratación verán que hai 12 expedientes en prazo de ofertas, por exemplo, a humanización do entorno de Rosalía de Castro, rúas Eraclio Botana, Roupeiro e Serafín Avendeño, porque tamén hai outros expedientes que xa están tramitados, o parque infantil de Navia, o proxecto de Gran Vía, a carretera provincial, a avenida Atlántida, a remodelación de Álvaro Cunqueiro, no barrio das Flores tamén, na rúa Camilo José Cela, o parque Camilo José Cela, Purificación Saavedra, Pedro Alvarado, rúa Colombia e tamén hai outras proxectos en trámite de execución como a vía ciclista dende Teis a Samil, a remodelación de María Berdiales, etc., etc. Nós facemos, e facemos nos prazos que nos marca a lexislación porque para facer primeiro hai que contratar e para contratar hai que levar a cabo un procedemento, ese é o motivo polo que están os expedientes como están se os queren comprobar. Pero mire, os datos son incontestables, máis de 30 millóns de euros para investir nos orzamentos do 2018, aos que engadimos 15 millóns de Remanente do anos 2017 e aos que imos engadir 12 millóns de euros do superávit.

PRESIDENCIA: Déixeme que clarexe algunhas cuestións, con respecto ao nivel de execución do orzamento, o nivel de execución do orzamento do 2017 foi o límite máximo que permite o Teito de Gasto, non só foi alto, que foi moi alto, o límite máximo que permite o Teito de Gasto, se chegamos a gastar un pouco máis nos pasamos e sabe o que pasa se nos pasamos? Sucede que o Sr. Montoro intervén o Concello, e nos quedamos señores de Marea de Vigo, para o seu coñecemento, xustos no borde do Teito de Gasto, creo lembrar que 80.000 euros sobre 235.000 millóns por debaixo do Teito de Gastos, se nos chegamos a pasar un pouco máis en execución, nós interveñen, esa é a cuestión, tomen nota porque sabe quen está detrás disto? O Sr. Montoro e goberno do Partido Popular en Madrid, parece mentira que profesionais do mundo da intervención digan estas cousas, parece mentira. Mire, se baixamos os impostos entramos en déficit, só os que non saben

teñen que estudar, téñense que poñer a isto, mire, voulle explicar Teito de Gasto totalmente cuberto, se baixamos os impostos non podemos gastar porque entraremos en déficit, porque iso se chama alicate do Sr. Montoro, que fixo unha alicate en contra dos concellos, a ver si o entende, os seus están enfadados tamén, ata os do Partido Popular, o alicate é o seguinte, Teito de Gasto non pode gastar máis dunha cantidade, segundo, superávit non poden entrar en déficit, o tema é perfecto, non nos deixan gastar pero que todo o mundo o saiba, nós, o Concello de Vigo e miles de concellos de España non gastamos o Remanente porque o Sr. Montoro non non deixa, porque o contabiliza como déficit, e polo tanto, nos intervén se o gastamos, que todo o mundo entenda as mentiras do Partido Popular neste Concello, non nos deixan gastar o Remanente, aquí está o Interventor que pódeo dicir, nós non podemos incorporar o Remanente para facer humanizacións, non nos deixa o Sr. Montoro, pero os quere incorporar un número significativo de concello en España, e é o Ministerio de Facenda o que non deixa incorporar os remanentes, estes co Partido Popular di que non gastamos, son eles os que non nos deixan, pero que cinismo político é isto, toda España clamando por poder gastar o Remanente co presidente da FEMP, o Sr. Abel Caballero, o Alcalde de Vigo ao fronte e o Partido Popular que é o que non nos deixa, di que non os gastamos, esas son as mentiras do Partido Popular de Vigo, pero require un mínimo de cultura, contabilidade e financeira, non moita tan sequera, só ler os xornais para entender que é o Sr. Montoro o que non deixa gastar o remanentes de miles de concellos, non só de Vigo. Pero hai algo máis, o algo máis é que o Goberno do Sr. Montoro está facendo unha interpretación en favor das comunidades autónomas, mire, isto é a liquidación do ano pasado, e este é o orzamento deste ano para os concellos, isto lino onte, na Xunta de Goberno da FEMP por unanimidade de tódolos grupos, Popular, Podemos, Mareas, Esquerda Unida e Socialista que conformamos o goberno, miren, a situación é a seguinte, neste ano, nestes maravillosos orzamentos que o Partido Popular presenta e defende con gran entusiasmo dende aquí, as comunidades autónomas van recibir unha liquidación positiva de 5.240 millóns de euros, os concellos 84 millóns, isto é o que o Sr. Montoro presenta, está é a indignación de tódolos concellos de España, isto, as contas mediante as cales o Sr. Montoro prima ás comunidades autónomas en detrimento dos concellos, de tódolos cores políticos, por iso estamos indignados

pero o Partido Popular de Vigo parece que non, pero hai máis aínda, é que saben vostedes que cando o goberno de España eleva as dotacións de impostos cedidos, participacións nos tributos do Estado, as comunidades autónomas se detrae da base das percepcións dos concellos? Sábeno vostedes? Pois é así, cando o goberno de España incrementa as dotacións das comunidades autónomas non computan na base dos tributos cedidos e da participación dos concellos, por iso estamos dicindo que isto non vale, por iso imos cambiar, e por iso xa teño pedida unha entrevista dende hai meses co ministro de Facenda para cambiar este abuso en contra dos concellos e sobre todo dos concellos como o de Vigo temos débeda cero, 100 millóns de euros de Remanentes que non nos deixan gastar, que non nos deixa o Sr Montoro porque senón intervennos as contas e o Interventor que está aquí voulle pedir un informe para que o Partido Popular se decate, que non se queren decatar, xéranse remanentes facendo boa xestión e pasando a débeda de 60 millóns de euros que eu recibín a cero, e facendo tódolos investimentos nesta cidade que todo o mundo ve e facéndoos, en que se gastaban os cartos antes que facían débeda, déficit e non facían nada nas rúas? En que o gastaban? Pois queremos que isto remate por iso, mire, está a pasar algo singular e que 8.125 concellos encabezados polo Alcalde de Vigo reclamamos un cambio radical nas políticas do Partido Popular, 8.125 de tódolos cores políticos, de todos, para que? Para evitar que xente como o Partido Popular de Vigo segan con falsidades, e esta é a realidade, a realidade que temos unha xestión tan boa que a execución foi a máxima posible polo Teito de Gasto que nos impón o Sr. Feijóo, o Sr. Montoro e que nos impón o Partido Popular, e sabe o que queremos? Cambiar o Teito de Gasto por que non nolo cambian? Por que o Sr. Montoro non quere cambiar o Teito de Gasto para que concellos como o de Vigo podamos executar aínda máis, pois saben por que non queren que algúns concellos segamos facendo unha tan boa xestión. Por certo, e para que todo o mundo o saiba, Vigo é un modelo de xestión en España, graven na cámara e póñano nas webs de todo o Partido Popular porque sabe o que lle van dicir os seus alcaldes e alcaldesas que é certo, que somos un modelo de xestión en toda España, un modelo de xestión, por iso nós seguiremos facendo unha boa xestión, cambiando esta cidade, facendo un cambio histórico e o Partido Popular seguirá “blowing in the wind, that this the cuestión”.

PRESIDENCIA: Sra. Muñoz, debería vostede saber que o Regulamento permite ao Alcalde Presidente do Pleno pechar os debates, e é o que acaba de facer, pechar un debate e polo tanto se trata só de respectar a democracia, que vostedes parecen con frecuencia ignorar, e democracia é seguir o Regulamento e cumprir a leis.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

4(60).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 1755/449 (REXISTRO PLENO 1746/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 3 de abril de 2018, a xefa do Servizo de Transportes co conforme da concelleira delegada da área, emite o seguinte informe,

“ANTECEDENTES:

Con data 9 de febreiro de 2015 o Pleno da Corporación adoptou entre outros o Acordo de :

“Aprobar definitivamente a Ordenanza Municipal Reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo “.

●Con data 11 de marzo de 2015 foi publicado o texto da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

●Con data 2 de febreiro de 2018 a Concelleira-delegada ditou a seguinte orde de servizo :

“A vista das novas necesidades xurdidas dende a data de aprobación da vixente ordenanza que regula o servizo de taxi no Concello de Vigo considérase preciso a realización de modificacións na ordenanza para adaptala as novas circunstancias do sector polo que debera darse inicio as actuacións que sexan necesarias para a modificación da ordenanza que regula o servizo de taxi no Concello de Vigo aprobada en data 9 de febreiro de 2015.”

Nas datas 6 e 9 de febreiro de 2018 respectivamente celebráronse reunións con as catro asociacións representativas do sector do taxi para que formularan as propostas que considerasen oportunas informándoselles da intención municipal de modificar a vixente ordenanza municipal e adaptala as novas circunstancias xurdidas.

Estudadas as suxestións formuladas polas Asociacións representativas do sector e cos estudos realizados polo servizo de transportes e as instrucións da Concelleira-delegada da Area, redactase a proposta de modificación da vixente Ordenanza reguladora do servizo de taxi e as xustificacións das mesmas

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Ordenanza Municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo foi aprobada na sesión plenaria de data 9 de febreiro de 2015 e dende a súa entrada en vigor han pasado case tres anos; durante este tempo se ha apreciado a necesidade de adaptala as novas circunstancias do sector, así como aclarar e completar diversos artigos para un mellor coñecemento das súas obrigas e dereitos tanto dos profesionais do sector como dos usuarios.

Así mesmo contemplase a modificación introducida na Lei 4/2013 de transporte público de persoas en vehículos de turismo, pola Lei 13/2015 de 24 de decembro de medidas fiscais e administrativas.

E por ultimo contemplase a disposición complementaria sobre definición distintivos de vehículos adscritos a licenzas de taxi aprobada na Xunta de Goberno Local de de data 19 de outubro de 2017

MODIFICACIÓNS PROPOSTAS E A SÚA XUSTIFICACIÓN

No artigo 11 : TRANSMISIÓN DE LICENZAS propónse suprimir a letra d) do parágrafo por non referirse a un caso de transmisión, si non que se establece como farase a solicitude nos casos anteriores, mantendo o texto do parágrafo; e substituír a letra e) pola letra d) que si é outro caso de transmisión de licencias.

No apartado ultimo propónse incluír a letra a) exceptuando os casos de que se constituía unha comunidade de herdeiros.

No artigo 12 : PROCEDEMENTO DE TRANSMISIÓN DE LICENZAS propónse modificar o apartado e) para adaptalo a modificación introducida na Lei 4/2013 pola Lei 13/2015 de 24 de decembro de medidas fiscais e administrativas.” que quedaría coa seguinte redacción:

“Autorizada a transmisión da licenza polo Concello, a Xunta de Galicia outorgará de xeito automático a autorización interurbana de taxi.

A transmisión da licenza de taxi estará condicionada na súa eficacia, ao outorgamento da autorización interurbana de taxi ao novo titular.”

No artigo 17 :NORMAS XERAIS propónse incluír no parágrafo segundo unha aclaración en relación a transmisión de vehículos adscritos nos casos de transmisións de licenzas, aclaración considerada necesaria para información do adquirente da licenza :

A modificación proposta consiste en engadir no parágrafo segundo :

“e sempre que os servizos técnicos municipais informen favorablemente sobre o estado do vehículo, previa a autorización da transmisión de licenza

Non caso contrario deberá adscribir un novo vehículo conforme o establecido no artigo 18 da Ordenanza.”

No artigo 20: CARACTERÍSTICAS DOS VEHÍCULOS propónse as seguintes modificacións:

Incluír o aprobado na Disposición Complementaria sobre definición de distintivos de vehículos na Xunta de Goberno Local de data 19 de outubro de 2017 e publicada no B.O.P.P.O. de data 16 de novembro de 2017.

Suprimir a obrigatoriedade de levar a placa identificativa de servizo público xa que o S.P. non é obrigatoria na lexislación de transportes e a súa finalidade era a identificación do vehículo que na actualidade está perfectamente identificado,.

Suprimir no parágrafo número 18 a palabra transparente xa que na actualidade a maioría dos vehículos traen de serie os cristais tintados nas portas traseiras.

Substituír o último parágrafo do artigo polo seguinte texto, por considerar que o mesmo está incompleto:

“E os demais requisitos que se poidan establecer nas Disposicións Complementarias que se diten en desenvolvemento desta ordenanza ou nas demais normativas de aplicación.”

Engadir un apartado final co seguinte contido :

“ Polos servizos técnicos municipais elaborárase un estudo sobre as dimensións mínimas que deberán cumprir os vehículos para súa adscrición ao servizo de taxis que se incorporaran a presente ordenanza como disposición complementaria.

No artigo 21 DOCUMENTACIÓN propónse as seguintes modificacións:

Engadir entre os documentos relativos o propio vehículo e o seu condutor:

“ A autorización interurbana de transportes “

E incluír no apartado d) a redacción contemplada en relación coa ordenanza e as súas disposicións complementarias na Disposición Complementaria sobre definición de distintivos de vehículos na Xunta de Goberno Local de data 19 de outubro de 2017 e publicada no BOPP de data 16 de novembro de 2017.

No artigo 24 NORMAS XERAIS propónse as seguintes modificacións:

Suprimir no parágrafo primeiro o BTP xa que non é obrigatoria dende o 1 de xaneiro de 2016.

No artigo 25 OBTENCIÓN PERMISO MUNICIPAL DE CONDUTOR DE TAXI propónse a seguinte modificación :
Incluír a realización de dúas probas ao ano dada a demanda que se ven detectando .

No artigo 29 PUBLICIDADE NORMAS XERAIS propónse a seguinte modificación:

Completar a redacción do parágrafo segundo de tal forma que non poidan existir dúbidas en canto a publicidade que pode colocarse o no .

Contemplan que a publicidade nas portas traseiras poida ocupar a totalidade das mesmas dado a incremento da demanda de colocación de publicidade, a maior facilidade para o seu control e considerarse máis estética que como se contempla na actualidade.

Contemplan a regulación dos adhesivos informativos do servizo que faciliten a utilización do mesmo aos usuarios, e que actualmente vense colocando en calquera lugar do vehículo propoñéndose a parte posterior do mesmo e dunha forma ordenada, así como de colocación de publicidade na parte posterior do vehículo.

No artigo 33 PAGAMENTO DO SERVIZO propónse a seguinte modificación:

Contemplan un prepago nos servizos que supoñan saír da cidade e con un destino superior a 30 quilómetros para garantir o cobro efectivo do servizo.

No artigo 37 FORMA DE PRESTACIÓN DE SERVIZO propónse a seguinte modificación:

Incluír aclaracións en relación coa prestación do servizo que non están expresamente contempladas e que se consideran necesarias para que o servizo se preste correctamente, e evitar as dúbidas de interpretación xurdidas na aplicación da ordenanza

As aclaracións son relativas ao apartado D) sobre o aspecto persoal do condutor e propoñendo sa seguinte redacción .

“Coidar o aspecto e o aseo persoal e vestir-se axeitadamente para o servizo. Queda prohibida a utilización durante a prestación do servizo de chándal, pantalón corto , camisetas de tirantes, ou chanclas”

Engadindo dous apartados novos relativos ao estado do vehículo e ao acompañamento de cans de asistencia de conformidade co previsto na Lei 10/2003 de 26 de decembro sobre o acceso ao entorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia.

E engadir un parágrafo último coa prohibición de consumir bebidas alcohólicas o calquera tipo de sustancias estupefacientes no interior do vehículo tanto os condutores como os usuarios que aínda que esta incluído nos deberes das persoas usuarias non estaba incluído neste artigo relativo a forma de prestación do servizo.

No artigo 39 DESCANSOS propónse a seguinte modificación:

Incluír no apartado cuarto a regulación contemplada na Disposición Complementaria sobre definición de distintivos de vehículos na Xunta de Goberno Local de data 19 de outubro de 2017 e publicada no B.O.P.P.O de data 16 de novembro de 2017 en relación cos distintivos que sinalizan os días de descanso

Engadir no apartado terceiro a excepción relativa aos eurotaxis tal e como aparece contemplada na disposición complementaria para regulación das quendas de descanso no sector aprobada na data 6 de setembro de 2010.

No artigo 42 NORMAS XERAIS propónse engadir un parágrafo relativa o data de presentación da solicitude de revisión tarifaría, para que a mesma sexa de aplicación o 1 de xaneiro.

No artigo 43 DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS propónse substituír o contido do apartado g) polo seguinte texto:

“A poder ir acompañada de cans-guía no caso de persoas cegas o con deficiencia visual e de cans de servizo no caso de persoas con discapacidade física.

No artigo 47 FALTAS GRAVES propónse a seguinte modificación, :

Incluír expresamente como falta “Non exercer a actividade de maneira única e exclusiva sendo titular da licenza de taxi “ xa que non esta contemplada expresamente, polo que nos casos de infracción non pode sancionarse.

No artigo 48 FALTAS LEVES propónse a seguinte modificación

Incluír como faltas leves determinadas condutas que por non estar expresamente previstas como infracción non permiten legalmente a súa sanción:

Engadir no apartado a)

“ O que non se axusten o disposto nas normas reguladoras”

E engadir os seguintes apartados:

k) “O incumprimento das condicións de prestacións de servizo incluídas no artigo 37 da Ordenanza “

l) “Non presentar a solicitude de alta o a comunicación de baixa de asalariado conforme ao disposto no artigo 24 da Ordenanza.

m) “ Non levar no vehículo a documentación preceptiva .

RÉXIME XURÍDICO

De conformidade co disposto no artigo 127 nº 1 apartado a) da Lei 7/1985 de 2 de decembro reguladora das bases de réxime local, na redacción dada polo apartado 4 do artigo primeiro da Lei 57/2003 de 16 de decembro de medidas para a

modernización do goberno local, corresponde a Xunta de Goberno Local a “aprobación dos proxectos de ordenanzas “

De conformidade co disposto no artigo 123 nº1 apartado d) da Lei 7/1985 de 2 de decembro reguladora das bases de réxime local, na redacción dada polo apartado 4 do artigo primeiro da Lei 57/2003 de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, corresponde ao Pleno da Corporación a aprobación e modificación das Ordenanzas municipais .

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985 de 2 de decembro reguladora das bases de réxime local a aprobación das ordenanzas locais axustarase ao seguinte procedemento :

a) aprobación inicial polo Pleno

b) información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións .

c) resolución de tódalas reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno .

No caso de que non se houbera presentado ningunha reclamación o suxestión , entenderase definitivamente adoptado o acordo ate entón provisional

Polo exposto sometese a aprobación da Xunta de Goberno Local o proxecto de modificación da Ordenanza Municipal para a súa posterior aprobación polo Pleno da Corporación.

PROPOSTA

PRIMEIRO ; Aprobar o proxecto de modificación da Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Taxi da cidade de Vigo aprobada polo Pleno da Corporación na data 9 de febreiro de 2015, co seguinte contido:

No artigo 11 : TRANSMISIÓN DE LICENZAS

Modificar o apartado d) suprimindo a letra d) do paragrafo mantendo o mesmo, e substituír no apartado e) a letra e) pola d) .

Modificar o ultimo paragrafo que queda coa seguinte redacción :

“as transmisións a que se refire o presente artigo realizaranse a favor das persoas que reúnan os requisitos recollidos no artigo 6 da presente Ordenanza . No caso da constitución dunha comunidade de herdeiros no se esixirá aos mesmos o requisito esixido no apartado f) do citado artigo.”

No artigo 12 : PROCEDIMENTO DE TRANSMISIÓN DE LICENZAS

Modificar o apartado e) coa seguinte redacción:

“Autorizada a transmisión da licenza polo Concello, a Xunta de Galicia outorgará de xeito automático a autorización interurbana de taxi.

A transmisión da licenza de taxi estará condicionada na súa eficacia, ao outorgamento da autorización interurbana de taxi ao novo titular.”

No artigo 17 :NORMAS XERAIS :

Engadir no paragrafo segundo :

“e sempre que os servizos técnicos municipais informen favorablemente sobre o estado do vehículo, previa a autorización da transmisión de licencia

Non caso contrario deberá adscribir un novo vehículo conforme o establecido no artigo 18 da Ordenanza.”

No artigo 20: CARACTERÍSTICAS DOS VEHÍCULOS

O requisito número 5 queda redactado co seguinte texto:

“Cor que aprobe o Concello, e no capó dos vehículos figurara a bandeira da cidade formada por triángulos que ocuparan a totalidade do capó.

O requisito número 6 queda redactado co seguinte texto:

“Na parte central das portas dianteiras levarán o escudo oficial do Concello que tera unas medidas de 12,5 cm de ancho x 19,57 cm de alto .

O requisito número 7 queda redactado co seguinte texto:

O numero de licencia figurará en ámbalas portas dianteiras, na parte posterior do vehículo (parabrisas traseiro na parte inferior dereita) e na parte frontal dianteira do interior do vehículo .

Os números de licenza deberan ter unhas medidas de 40 mm de ancho por 65 mm e tipografía Helvética Médiun Condensed.

a) nas portas dianteiras deberán ir colocadas debaixo do espello retrovisor e ser de cor negro.

b) na luneta traseira deberan figurar na parte inferior dereita e ser de cor branco.

c) na parte frontal do interior do vehículo deberan figurar nunha placa na que figure o numero da licenza , numero de prazas e matricula. (de 20,5 cm de largo e 7,5 cm de alto)

Proponse suprimir o requisito número 15:

“Deberan levar a placa identificativa de servizo publico “

Engadir no paragrafo número 17 o seguinte texto:

“ O dispositivo luminoso irá no teito do vehículo, no primeiro terzo da parte superior dianteira dereita. Exclúense desta obriga os dispositivos luminosos autorizados con anterioridade á data 16 de novembro de 2017 “

Proponse suprimir no paragrafo número 18

A palabra transparente

Substituír o último parágrafo polo seguinte texto :

“E os demais requisitos que se poidan establecer nas Disposicións Complementarias que se diten en desenvolvemento desta ordenanza ou nas demais normativas de aplicación.”

Engadir un apartado final co seguinte contido :

“Polos servizos técnicos municipais elaborárase un estudo sobre as dimensións mínimas que deberan cumprir os vehículos para súa adscrición ao servizo de taxis que se incorporaran a presente ordenanza como disposición complementaria. “

No artigo 21 DOCUMENTACIÓN propónse:

Engadir entre os documentos relativos o propio vehículo e o seu condutor:

“ A autorización interurbana de transportes “

Engadir no apartado d) o seguinte:

“ A Ordenanza e as disposicións complementarias poderán presentarse en formato papel ou ben descargadas nun dispositivo electrónico que se leve no vehículo e que poida consultarse en calquera momento .

No artigo 24 NORMAS XERAIS propónse:

Suprimir no parágrafo primeiro “ o BTP “

No artigo 25 OBTENCIÓN PERMISO MUNICIPAL DE CONDUTOR DE TAXI

O parágrafo primeiro queda redactado co seguinte texto :

Para a obtención de permiso municipal de condutor de taxi, o Concello convocará as probas necesarias como mínimo dúas veces ao ano, a non ser que haxa circunstancias que motiven a non convocatoria das probas ou que fagan necesaria a convocatoria cunha periodicidade maior. Así mesmo poderán celebrarse probas de aptitude para a obtención do permiso municipal do condutor cando as circunstancias o requiran.

No artigo 29 PUBLICIDADE NORMAS XERAIS

O parágrafo segundo queda redactado da seguinte forma:

“Non se autorizarán anuncios publicitarios de tabaco, bebidas alcohólicas, nin aqueles que poidan resultar contrarios os criterios fixados pola Corporación.

Queda prohibida así mesmo toda publicidade sexista ou que atente contra os dereitos das persoas.”

O parágrafo cuarto queda redactado da seguinte forma :

“ A publicidade exterior poderá ir colocada na luneta traseira de forma que non prexudique a visibilidade do condutor a través do espello retrovisor interior do

vehículo nin a visión dos distintivos de taxi dende o exterior. Así mesmo poderá ir colocada nas portas traseiras ocupando a totalidade das mesmas: a porta non incluírá o cristal da ventanilla

Calquera outro tipo de publicidade distinta a aquí prevista poderá ser proposta polas Asociacións representativas do sector, estudada e informada e autorizada no seu caso polo Concello.

Engadir así mesmo que permitiranse na parte posterior do vehículo colocar publicidade, no que se deixara un espazo reservado para colocar os adhesivos informativos do servizo que faciliten a utilización aos usuarios.

Debera respetarse en todo caso a imaxe unificada dos taxis que estableza o Concello.

No artigo 33 PAGAMENTO DO SERVIZO

Incluír o final un novo paragrafo :

“Nos servizos que supoñan un percorrido superior a 30 quilómetros poderá solicitarse por parte do condutor o pago anticipado dun 50 % do importe previsto para o traxecto a realizar, debendo entregar no momento do pago factura polo importe abonado. “

No artigo 37 FORMA DE PRESTACIÓN DE SERVIZO

O apartado D) queda redactado do séguente xeito :

“Coidar o aspecto e o aseo persoal e vestir-se axeitadamente para o servizo. Queda prohibida a utilización durante a prestación do servizo de chándal, pantalón curto, camisetas de tirantes ou chanclas”

Engadir no apartado K) o cos axentes de autoridade.

No paragrafo ultimo suprimir a palabra autotaxi .

Engadir un apartado m) co seguinte texto:

“levar o vehículo en condicións óptimas no interior o exterior, en canto a hixiene, limpeza, comodidade e estado de conservación “

Engadir un apartado n) co seguinte texto:

“Permitirase a entrada de cans-guía que acompañen a persoas cegas o con deficiencia visual e de cans de servizo que acompañen a persoas con discapacidade física.”

Engadir un paragrafo ultimo co seguinte texto:

“Estará prohibido consumir bebidas alcohólicas o calquera tipo de sustancias estupefacientes no interior do vehículo tanto os condutores como os usuarios .

No artigo 39 DESCANSOS

Engadir no apartado terceiro:

“Nin os eurotaxis que soamente ponderan prestar eses días servizos as persoas de mobilidade reducida.”

O apartado cuarto queda redactado co seguinte texto:

“Os días de descanso que correspondan a cada licenza sinalarase con círculos de cores de 10 cm de diámetro adhesivos no imantados que se situaran na parte lateral superior traseira do vehículo a ambos lados e iran colocados sobre a chapa “

No artigo 42 NORMAS XERAIS

Engadir un paragrafo entre o segundo e o terceiro co seguinte texto :

“ A solicitude de revisión de tarifas debera presentarse coa antelación suficiente , de conformidade co disposto na normativa que sexa aplicable, para que as tarifas revisadas entren en vigor o 1 de xaneiro “

No artigo 43 DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

Substituír o contido do apartado g) polo seguinte texto

“A poder ir acompañada de cans-guía no caso de persoas cegas o con deficiencia visual e de cans de servizo no caso de persoas con discapacidade física.”

No artigo 47 FALTAS GRAVES

Engadir un apartado n)

“Non exercer a actividade de maneira única e exclusiva sendo titular da licenza de taxi “

No artigo 48 FALTAS LEVES

Engadir no apartado a)

“ O que non se axusten o disposto nas normas reguladoras”

E engadir os seguintes apartados:

k) “O incumprimento das condicións de prestacións de servizo incluídas no artigo 37 da Ordenanza “

l) “Non presentar a solicitude de alta o a comunicación de baixa de asalariado conforme ao disposto no artigo 24 da Ordenanza.

m) “ Non levar no vehículo a documentación preceptiva .

●
SEGUNDO; Propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte Acordo...”

Deseguido a funcionaria informante formula a proposta que se contén na parte

dispositiva deste acordo.

Informe xurídico do Secretario Xeral do Pleno de data 6.04.2018.

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 9.04.2018, aprobou dita proposta.

En data 10.04.2018, conforme ao previsto no artigo 76.4 do Regulamento Orgánico do Pleno, comunicóuselle aos voceiros dos grupos políticos municipais a apertura dun prazo de seis días para a presentación de emendas, que rematou o día 18.04.2018.

Neste período presentáronse emendas polo grupo municipal de Marea de Vigo e do Partido Popular.

Con data 18.04.2018, a xefa do Servizo de Transportes emite informe desfavorable respecto das emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión extraordinaria e urxente de data 19.04.2018, emite ditame favorable á proposta de acordo que figura na parte dispositiva deste acordo.

DEBATE:

SRA. MARRA DOMÍNGUEZ: A modificación da ordenanza do Taxi que hoxe traemos a este Pleno ten por obxectivo adaptar a ordenanza ás novas circunstancias do sector do Taxi, garantir unha adecuada regulación do servizo público do Taxi na cidade de Vigo, ademais de favorecer a promoción da mobilidade urbana e o servizo público que permita a sostibilidade e a rendibilidade da prestación do servizo, así como un desenvolvemento equilibrado e harmónico dos diferentes medios de transporte poñendo en valor o servizo de taxi na cidade de Vigo.

Como vostedes saben o 9 de febreiro do 2015 aprobouse a Ordenanza Reguladora

do Servizo de Taxi na cidade de Vigo, tres anos máis tarde o goberno da cidade trae a este Pleno a necesidade de seguir mellorando a situación do Taxi, dignificando e modernizando o servizo, atendendo as demanda e novas circunstancias do sector do taxi e garantindo unha adecuada regulación do servizo na cidade. Adaptar a ordenanza á novas circunstancias do Taxi supón incorporar modificacións introducidas na Lei 4/2013, de Transporte Público de Persoas en Vehículos de Turismo pola Lei 13/2015, de Medidas Fiscais e Administrativas, supón contemplar medidas que contribúan á sostibilidade e rendibilidade do servizo e medidas que eviten o intrusismo e incentivar a que os cidadáns utilicen o servizo do Taxi.

Adaptar a ordenanza á nova normativa supón por exemplo, suprimir a placa identificadora do Servizo Público ao non ser obrigatorio xa na lexislación do transporte ao estar perfectamente identificado o vehículo, supón tamén suprimir o VTP, permiso como vostedes saben non obrigatorio dende o 1 de xaneiro de 2016, pero tamén supón levar adiante medidas que adapten o sector ás novas circunstancias, supón incluír a realización por exemplo, de dúas probas ao ano para a obtención do permiso municipal de condutor de Taxi, dada a demanda que se viña detectando nos últimos anos, contemplar que a publicidade das portas traseiras poda ocupar a totalidade das portas, unha solicitude que se viña facendo de forma reiterada por parte do sector do Taxi ante o incremento da demanda de colocación de publicidade, ou que así mesmo tamén se permita que na parte posterior do vehículo se coloque publicidade, respectando a imaxe unificada de taxis que establece o Concello. Pero tamén supón levar adiante medidas para atallar o intrusismo e diferenciar de forma visible e clara aos taxis da cidade, como vostedes saben, mediante a aprobación da disposición complementaria cambiou a imaxe para eliminar ese intrusismo, figurando no capó do vehículo a bandeira da cidade formada por triángulos que ocupan a totalidade do capó.

Pero tamén supón coidar o aspecto e o aseo persoal á hora de prestar o servizo, quedando prohibida a utilización de chándal, pantalóns cortos ou camisetas de tirantes, ou a obriga de levar o vehículo en óptimas condicións tanto no interior como no exterior en canto á hixiene, limpeza, comodidade ou estado de conservación do vehículo, ou tamén por exemplo, poder ir acompañados de cans guías no caso de persoas cegas ou con deficiencia visual así como de cans de

servizo, no caso de persoas con discapacidade física recoñecida, en consecuencia, medidas todas elas que melloran a situación do taxi na cidade de Vigo; pero permítanme brevemente que faga referencia as dúas emendas que se nos presentan, por parte dos dous grupos na oposición, todas elas na mesma liña, obrigatoriedade de que cada dous ou tres anos se faga un estudo relativo á revogación de licencias, fíxense o que nos din é que incorporemos obrigatoriedade de que cada dous ou tres anos se faga este estudo, isto non é unha cuestión que se deba incorporar nunha licenza, porque vostedes propoñen dous ou tres anos, por que dous ou tres e non un ano ou catro anos? É dicir, a ordenanza xa regula dunha maneira moi clara no seu artigo 14, así como na propia Lei 4/2013, a posibilidade de revocar licencias, e a propia ordenanza tamén regula os procedementos a seguir, polo tanto non é materia de modificación dunha ordenanza a obrigatoriedade de que sexa cada dous ou tres anos, senón que isto xa ven regulado na propia ordenanza. En definitiva, a modificación de ordenanza, á que pedimos o voto favorable neste Pleno supón seguir mellorando a situación do taxi na cidade, dignificar e modernizar o servizo e atender ás novas circunstancias do sector do taxi, garantindo a adecuada regulación do servizo do taxi na cidade.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos completamente de acordo con modificar a ordenanza do Taxi non só porque consideramos que entre o ano 2015 e 2018 pasaron cousas neste sector, polo tanto, nós parece que o Taxi e determinados servizos de transporte público tres anos si son importantes a nivel socio-económico, incluso a nivel de que hai unha modificación importante legislativa sobre a lei do taxi que cremos que tamén ten que estar enriba da mesa, que nos gustaría? Pois algún tipo de metodoloxía, porque temos esta ordenanza que aprobamos hoxe, a ordenanza do IBI en período como se di, en cociña, a ordenanza de tenencia de protección animal por aí tamén deambulando, nos gustaría que nunha data concreta revisemos todo o conxunto das ordenanzas desta cidade, incluída a ordenanza de terrazas, non só as fiscais que é o primeiro que se fai e case de maneira imperativa para subir prezos, pois tamén que se faga nas ordenanzas que teñen que ver co funcionamento orgánico de determinados servizos públicos. Nós estamos de acordo, pero presentamos independentemente e consideramos que si, que hai que identificar dalgunha maneira aos taxis de Vigo,

suficiente ou dunha maneira máis clara para evitar determinadas competencias desleais ou ilegais con respecto a taxis doutras localidades, si pensamos que a cuestión das “chanclas” e do “pantalón corto”, creo que hai ordenanzas incluso máis restritivas que falan incluso do aseo dos taxistas, son cousas que se poden poñer nas ordenanzas que poderían ser incluso anecdóticas, pero a nós nos preocupa unha cuestión central que é o que non se quere abordar con respecto ao sector do taxi, primeiro non se quere abordar que temos inimigos externos, calquera persoa que visite Madrid sabe que cada parada dun taxi é un campo de batalla aberto entre os patronos do taxi e as UTC, como Cabify ou Uber, ou outros modelos novos que hai incluso de servizo de poder coller un coche eléctrico na rúa simplemente cun móbil e poder moverse pola cidade, esa ameaza acabará chegando por capilaridade a Vigo e queremos que a ordenanza vaia tamén preparándose a esa ameaza, se o goberno non está disposto a parar ese tipo de actividades para nós absolutamente destrutoras do sector do Taxi público, polo menos que as ordenanzas vaíamos buscando algún mecanismo de amortizar a chegada destas empresas á nosa cidade, por iso nós presentábamos unha proposta de emenda que en realidade era engadir un artigo máis deixando aberto, nós non falábamos de revogación, nós dicíamos de literalmente ir retirando o número de licencias que se consideraran nun estudio, ten que ser obviamente de usuarios, do número, incluso do número de horas que ten que pasarse un taxista ou unha taxista sentada nun coche para levar un salario digno a casa, que estudo permitira saber se realmente o que temos que facer é no momento polos motivos que se pode traspasar esa licenza, a primeira opción, obviamente de maneira voluntaria por iso falamos dunha convocatoria pública para os titulares que queiran participar, en vez de ser outro titular, dentro dos mecanismos que hai para traspasar unha licenza sexa a administración pública a que recolle esa licenza e a mete nun caixón e fai un estudo porque ao mellor dentro de 20 anos poñemos outros mecanismos que melloran o taxi, por exemplo, é algo que levan traballando os taxistas durante moito tempo o taxi compartido, que eu poida facer un tramo do taxi, que poida recoller a outra persoa iso que obviamente multiplicaría o número de usuarios no taxi nunha cidade, pois que nese momento se realmente aprobamos do taxi compartido ou outros mecanismos que nós pensamos que poden axudar incluso ao transporte público escolar e a participación do taxi,

automaticamente volvemos a poñer licencias, o que non poden sobrar en Vigo son 200 licencias dito polas patronais e asociacións representativas do sector, e o que queríamos era abordar iso, como se fai? Pois non é ningunha tolenia, nós estamos copiando o modelo de Sevilla que na ordenanza regula e un convenio de colaboración entre o Concello de Sevilla que ademais ten o Instituto do Taxi, cousa absolutamente necesaria en Vigo, un mecanismo de traballo colectivo, tanto do sector e as administracións públicas incluída a Xunta de Galicia e as entidades representativas do sector para a posta en marcha dun Plan de Mellora dos niveis de calidade e servizo e do traballo dos profesionais dos sectores ou a viabilidade produtiva, nos parece absolutamente esencial, é que os que collemos taxi habitualmente estamos día si e día tamén escoitando as queixas do sector, pensábamos que había que ir a unha ordenanza moito máis ambiciosa, sabemos tamén que esta ordenanza era o nivel máis ou menos mínimo de esixencia que tiña o sector do taxi, sabemos que está a traballada e consensuada con eles, pero queremos que se vaia traballando a do futuro, que se considere como retiramos e para iso hai que poñer cartos no Orzamentos, como retiramos licencias, como as retiramos do mercado e como comezamos a abordar cuestións que tamén son reivindicativas, cada vez hai máis asalariados no taxi, xente que o ve como un sector refuxio, que se pasan horas e horas, moito máis de oito horas e estamos falando de asalariados, non estamos a falar dos titulares das licencias e tamén teremos que dignificar eses postos de traballo.

Polo tanto, estamos de acordo, votaremos a favor, pero que se vaia avanzando de maneira máis ambiciosa nunha ordenanza que regule o taxi.

SR. GAGO BUGARÍN: En primeiro lugar, gustárame pedirlle ao Presdiente dende o grupo Popular que se manteña no Pleno durante toda a duración do Pleno porque as cuestións que se van tratar aquí no día de hoxe queremos que son importantes para tódolos vigueses/as, así que esperemos que por unha vez e sen que serva de excepción, vostede se manteña no Pleno durante todo o Pleno, e tamén me gustaría dicirlle presidente que non fai falla un curso de dous meses en Harvard en verán para saber como se xera o remanente, polo tanto, eu lle invitaría tamén a que non dea leccións a quen foi artífice, a principal actriz de que hoxe Galicia estea nunha situación de competitividade dentro de España, así que eu lle pediría Sr.

Alcalde que non dea leccións a quen foi unha actriz principal de que hoxe Galicia sexa unha comunidade autónoma competitiva dentro de España.

En relación á modificación da ordenanza nós entendemos que é unha oportunidade desaproveitada despois de tres anos en vigor dunha ordenanza que xa estaba feita á baixa, non se aproveite esta oportunidade para actualizar unha ordenanza dun sector que nós entendemos que é clave para a cidade pero que ademais necesita da axuda das administracións nun momento de cambio, de cambio tecnolóxico, de cambio social e de cambio no número de usuarios e da incorporación da tecnoloxía e por iso nos sorprende que facendo un resumen do que vostede intentou expoñer en 5 minutos eu lle resumo en 30 segundos, é que o que fixeron é incluír modificacións de leis, concretamente incluír a modificación introducida pola Lei 4/2013, de Transporte Público de Persoas en Vehículos de Turismo, incluír a lei 13/2015, de 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e incluír tamén a disposición complementaria sobre os distintivos sobre os vehículos adscritos as licencias, se iso analizamos as modificacións dos artigos da ordenanza, nos leva a que os artigos 11 e 12 e o artigo 17, como dicía, son adaptacións da leis, o artigo 20, aquí si que facemos unha inclusión nova que é esixirse aos taxistas que poñan a bandeira de Vigo e que poñan o escudo do Concello supoñendo un custe para os taxistas, sen negociar con eles que efectivamente o que querían era incluír estas dúas cuestións e ademais obrigándoos a pagar. Se imos ao artigo 25, pois é a única modificación que nós vemos moi interesante que é que se aumente a dúas probas ao ano a posibilidade de atención do permiso de condutor de taxi, o artigo 29 e 37, un é a prohibición da publicidade do tabaco e bebidas alcohólicas e outro é a regulación da hixiene dentro dos taxis, e despois hai outra cuestión e esta é a última, que tamén nos parece interesante que é cando haxa un traslado de máis de 30 quilómetros se poida esixir por parte do condutor do taxi o 50% adiantado do pago do traxecto, isto é única e exclusivamente as modificacións que vostede presentou, intentou esgrimir aquí durante 5 minutos é que realmente o que nos demostra é que falla unha absoluta ambición e o que nos preocupa tamén é que vostedes se reuniron con algunhas asociacións do taxi que vostedes máis ou menos teñen afinidade e propuxéronlle unha cantidade de alegacións que son sentido común, que nós non entendemos porque vostedes non solucionan, por exemplo, temos un enorme e grave problema co excedente no número de licencias

de taxi que hai na cidade, temos 263 licencias de taxi por enriba do que marca a Lei e por encima das recomendacións da Comunidade Europea, iso significa Sra. Marra que temos aos taxistas na cidade tendo que traballar 11, 12 e as veces ata 13 horas diarias para poder chegar ao mínimo económico que lles permita subsistir e sobrevivir economicamente ao final de mes, e polo tanto, nós si sabemos e vostedes saben que hai un problema significativo con esta cuestión e o que non entendemos é como non poñen ningún tipo de solución e de medida na ordenanza para intentar corrixir iso, e nós lle fixemos unha alegación coherente da cal vostede intentou resumir en conxunto coa de Marea de Vigo que nada ten que ver co que vostede dixo, nós lle presentamos concretamente unha alegación histórica e é que poidan dende os orzamentos municipais adquirir a amortización daqueles taxistas que por motivos de xubilación ou por cese de actividade non van seguir desenvolvendo esa actividade e polo tanto, que esa licencia se revoque, se adquira a suma o Concello de Vigo para así eliminar da circulación un taxi.

Iso é unha das moitas medidas coherentes que lle presentaron e que vostedes non fixeron caso e que non entendemos, hai de tódolos tipos por exemplo, o que non ten ningún sentido é obrigar aos taxistas a que si non está o titular do taxi non pode saír ese taxi á rúa, porque vostede se imaxina que unha liña de Vitrasa o condutor ponse enfermo e deixa de funcionar a liña, non é así, verdade que non? Dámoslle a oportunidade da que outro condutor de Vitrasa poida substituír ao que está enfermo e polo tanto que a liña estea operativa, en definitiva son moitas as alegacións que ten enriba da mesa e nós vemos claramente unha oportunidade desaproveitada o non poder apoiar e fomentar a utilización do taxi solucionando os problemas que realmente teñen.

SRA. MARRA DOMÍNGUEZ: O que resulta vergoñento é que diga que é de mínimos e presente unha única emenda, única emenda e idéntica á que propón en Marea de Vigo, agás que vostedes o que piden son dous anos para que se faga o estudo e eles tres anos, polo tanto, totalmente incongruente, pero o curioso é tamén unha cousa, é curioso que vostedes pidan a este goberno o que vostedes non fixeron cando gobernaron, polo tanto, están pedindo medidas, reitero que vostedes non fixeron cando gobernaron e puideron facelo porque esta licencias xa datan dos anos 70, 80 e cando vostedes gobernan esa é a dobre vara de medir que teñen,

non fan ningunha destas medidas, pero permítame ademais que de un pouco de rigor e de coñecemento da ordenanza, a propia a ordenanza regula e dunha maneira moi clara e a propia Lei 4/2013, de Transporte Público de Persoas de Vehículos de Turismo, a posibilidade de revocar licencias por razóns de oportunidade de interese público, tales como situacións sobrevidas non imputables ao titular que aconsellen reducir o número de licencias, por caída de demanda, exceso de oferta ou circunstancias xustificadas, pero é que a propia ordenanza tamén regula os procedementos a seguir, e regula que se poderá revocar licencias iniciando, incoando un expediente que se analice o nivel de demanda, oferta de servizo de taxi no ámbito territorial da área de Vigo, rendibilidade normal previsible para o posto de traballo derivado da adquisición de licencia, análise obxectivo de oferta e demanda, de forma que se garanta en todo momento a calidade da prestación do servizo, horario nocturno, diúrno, que se analicen a súa vez actividades de natureza comercial, industrial, lúdica, turística, que puidera xerar unha demanda específica de servizos, pois por exemplo, nunhas poucas semanas teremos aquí unha das feiras internacionais máis importantes nesta cidade, Navalia, pois será necesario cubrir, e reitero, dunha maneira satisfactoria e con calidade a prestación do servizo. Polo tanto, non é unha materia propia de modificación de ordenanza a obrigatoriedade de que cada tres ou dous anos se faga un estudo, é que por que tres ou dous anos? Por que non en un ano, ou en catro anos? O por que se ten facer un estudo cando non é necesario, polo tanto, a propia ordenanza xa recolle cales son os mecanismos que se teñen que seguir, reitero, xa se recolle cales son os mecanismos que se teñen que seguir, pero miren pero si realmente o que queren é garantir a rendibilidade e explotación do servizo o que teñen que facer é votar favorablemente a este ordenanza porque tódalas medidas desta ordenanza o que buscan é sostibilidade e garantir a rendibilidade do servizo.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz,

Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Taxi da cidade de Vigo aprobada polo Pleno da Corporación na data 9 de febreiro de 2015 co seguinte contido:

No artigo 11 : TRANSMISIÓN DE LICENZAS

Modificar o apartado d) suprimindo a letra d) do paragrafo mantendo o mesmo, e substituír no apartado e) a letra e) pola d) .

Modificar o ultimo paragrafo que queda coa seguinte redacción :

“As transmisións a que se refire o presente artigo realizaranse a favor das persoas que reúnan os requisitos recollidos no artigo 6 da presente Ordenanza . No caso da constitución dunha comunidade de herdeiros no se esixirá aos mesmos o requisito esixido no apartado f) do citado artigo.”

No artigo 12 : PROCEDEMENTO DE TRANSMISIÓN DE LICENZAS

Modificar o apartado e) coa seguinte redacción:

“Autorizada a transmisión da licenza polo Concello, a Xunta de Galicia outorgará de xeito automático a autorización interurbana de taxi.

A transmisión da licenza de taxi estará condicionada na súa eficacia, ao outorgamento da autorización interurbana de taxi ao novo titular.”

No artigo 17 :NORMAS XERAIS :

Engadir no paragrafo segundo :

“e sempre que os servizos técnicos municipais informen favorablemente sobre o estado do vehículo,previa a autorización da transmisión de licencia

Non caso contrario deberá adscribir un novo vehículo conforme o establecido no artigo 18 da Ordenanza.”

No artigo 20: CARACTERÍSTICAS DOS VEHÍCULOS

O requisito número 5 queda redactado co seguinte texto:

“Cor que aprobe o Concello, e no capo dos vehículos figurara a bandeira da cidade formada por triángulos que ocuparan a totalidade do capó.

O requisito número 6 queda redactado co seguinte texto:

“Na parte central das portas dianteiras levarán o escudo oficial do Concello que terá unhas medidas de 12,5 cm de ancho x 19,57 cm de alto .

O requisito número 7 queda redactado co seguinte texto:

O numero de licencia figurará en ámbalas portas dianteiras, na parte posterior do vehículo (parabrisas traseiro na parte inferior dereita) e na parte frontal dianteira do interior do vehículo .

●Os números de licenza deberan ter unhas medidas de 40 mm de ancho por 65 mm e tipografía Helvética Médiu Condensed.

●a) nas portas dianteiras deberán ir colocadas debaixo do espello retrovisor e ser de cor negro.

●b) na luneta traseira deberan figurar na parte inferior dereita e ser de cor branco.

c) na parte frontal do interior do vehículo deberan figurar nunha placa na que figure o numero da licenza , numero de prazas e matricula. (de 20,5 cm de largo e 7,5 cm de alto)

Proponse suprimir o requisito número 15:

“Deberan levar a placa identificativa de servizo publico “

Engadir no paragrafo número 17 o seguinte texto:

“O dispositivo luminoso irá no teito do vehículo, no primeiro terzo da parte superior dianteira dereita. Exclúense desta obriga os dispositivos luminosos autorizados con anterioridade á data 16 de novembro de 2017 “

Proponse suprimir no paragrafo número 18

A palabra transparente

Substituír o ultimo paragrafo polo seguinte texto :

“E os demais requisitos que se poidan establecer nas Disposicións Complementarias que se diten en desenvolvemento desta ordenanza ou nas demais normativas de aplicación.”

Engadir un apartado final co seguinte contido :

“Polos servizos técnicos municipais elaborárase un estudo sobre as dimensións mínimas que deberan cumprir os vehículos para súa adscrición ao servizo de taxis que se incorporaran a presente ordenanza como disposición complementaria. “

No artigo 21 DOCUMENTACIÓN proponse:

Engadir entre os documentos relativos o propio vehículo e o seu condutor:

“ A autorización interurbana de transportes “

Engadir no apartado d) o seguinte:

“ A Ordenanza e as disposicións complementarias poderán presentarse en formato papel ou ben descargadas nun dispositivo electrónico que se leve no vehículo e que poida consultarse en calquera momento .

No artigo 24 NORMAS XERAIS proponse:
Suprimir no paragrafo primeiro “ o BTP “

No artigo 25 OBTENCIÓN PERMISO MUNICIPAL DE CONDUTOR DE TAXI

O paragrafo primeiro queda redactado co seguinte texto :

Para a obtención de permiso municipal de condutor de taxi, o Concello convocara as probas necesarias como mínimo dúas veces ao ano, a non ser que haxa circunstancias que motiven a non convocatoria das probas ou que fagan necesaria a convocatoria cunha periodicidade maior. Así mesmo poderán celebrarse probas de aptitude para a obtención do permiso municipal do condutor cando as circunstancias o requiran.

No artigo 29 PUBLICIDADE NORMAS XERAIS

O paragrafo segundo queda redactado da seguinte forma:

“Non se autorizaran anuncios publicitarios de tabaco, bebidas alcohólicas, nin aqueles que poidan resultar contrarios os criterios fixados pola Corporación.

Queda prohibida así mesmo toda publicidade sexista ou que atente contra os dereitos das persoas.”

O paragrafo cuarto queda redactado da seguinte forma :

“ A publicidade exterior poderá ir colocada na luneta traseira de forma que non prexudique a visibilidade do condutor a través do espello retrovisor interior do vehículo nin a visión dos distintivos de taxi dende o exterior. Así mesmo poderá ir colocada nas portas traseiras ocupando a totalidade das mesmas, a porta non incluírá o cristal da ventanilla .

Calquera outro tipo de publicidade distinta a aquí prevista poderá ser proposta polas Asociacións representativas do sector, estudada e informada e autorizada no seu caso polo Concello.

Engadir así mesmo que permitiranse na parte posterior do vehículo colocar publicidade, no que se deixara un espazo reservado para colocar os adhesivos informativos do servizo que faciliten a utilización aos usuarios.

Debera respetarse en todo caso a imaxe unificada dos taxis que estableza o Concello.

No artigo 33 PAGAMENTO DO SERVIZO

Incluír o final un novo paragrafo :

“Nos servizos que supoñan un percorrido superior a 30 quilómetros poderá solicitarse por parte do condutor o pago anticipado dun 50 % do importe previsto para o traxecto a realizar, debendo entregar no momento do pago factura polo importe abonado. “

No artigo 37 FORMA DE PRESTACIÓN DE SERVIZO

O apartado D) queda redactado do seguinte xeito :

“Coidar o aspecto e o aseo persoal e vestir-se axeitadamente para o servizo. Queda prohibida a utilización durante a prestación do servizo de chándal, pantalón curto, camisetas de tirantes ou chanclas”

Engadir no apartado K) o cos axentes de autoridade.

No paragrafo ultimo suprimir a palabra autotaxi .

Engadir un apartado m) co seguinte texto:

“levar o vehículo en condicións óptimas no interior o exterior, en canto a hixiene, limpeza, comodidade e estado de conservación “

Engadir un apartado n) co seguinte texto:

“Permitirase a entrada de cans-guía que acompañen a persoas cegas o con deficiencia visual e de cans de servizo que acompañen a persoas con discapacidade física.”

Engadir un paragrafo ultimo co seguinte texto:

“Estará prohibido consumir bebidas alcohólicas o calquera tipo de sustancias estupefacientes no interior do vehículo tanto os condutores como os usuarios .

No artigo 39 DESCANSOS

Engadir no apartado terceiro:

“ Nin os eurotaxis que soamente ponderan prestar eses días servizos as persoas de mobilidade reducida.”

O apartado cuarto queda redactado co seguinte texto:

“ Os días de descanso que correspondan a cada licencia sinalarase con círculos de cores de 10 cm de diámetro adhesivos no imantados que se situaran na parte lateral superior traseira do vehículo a ambos lados e iran colocados sobre a chapa “

No artigo 42 NORMAS XERAIS

Engadir un paragrafo entre o segundo e o terceiro co seguinte texto :

“ A solicitude de revisión de tarifas debera presentarse coa antelación suficiente , de conformidade co disposto na normativa que sexa aplicable, para que as tarifas revisadas entren en vigor o 1 de xaneiro “

No artigo 43 DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

Substituír o contido do apartado g) polo seguinte texto

“A poder ir acompañada de cans-guía no caso de persoas cegas o con deficiencia visual e de cans de servizo no caso de persoas con discapacidade física.”

No artigo 47 FALTAS GRAVES

Engadir un apartado n)

“Non exercer a actividade de maneira única e exclusiva sendo titular da licenza de taxi “

No artigo 48 FALTAS LEVES

Engadir no apartado a)

“ O que non se axusten o disposto nas normas reguladoras”

E engadir os seguintes apartados:

k) “O incumprimento das condicións de prestacións de servizo incluídas no artigo 37 da Ordenanza “

l) “Non presentar a solicitude de alta o a comunicación de baixa de asalariado conforme ao disposto no artigo 24 da Ordenanza.

m) “ Non levar no vehículo a documentación preceptiva .

SEGUNDO, -Abrir un período de información pública e conceder trámite de audiencia as Asociacións representativas do sector polo prazo de 30 días contados a partir da publicación do presente Acordo no Boletín Oficial da Provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións .

TERCEIRO,- Declarar que de conformidade co establecido no artigo 49.C) da Lei reguladora das bases de réxime local, de non presentarse ningunha reclamación ou suxestións, entenderase definitivamente aprobada a modificación da Ordenanza aprobada inicialmente, debendo publicarse o texto íntegro da modificación da Ordenanza no B.O.P.P.O entrando en vigor aos 15 días hábiles da súa completa publicación .

5(61).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 5/2018. CRÉDITO

EXTRAORDINARIO PARA A FINANCIACIÓN DAS AXUDAS DE REHABILITACIÓN DAS VIVENDAS NOS ARIS DO CASCO VELLO, BOUZAS, COIA E SANTA CLARA. EXPTE. 10651/407. (REXISTRO PLENO 1747/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 16 de abril de 2018, o xefe dos Servizos Centrais co conforme da concelleira delegada da área, emite o seguinte informe proposta,

“Visto o Decreto da Vicepresidente de Urbanismo de 16 de abril de 2018, incoando expediente de modificación orzamentaria, de conformidade co disposto polo artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, emítense o seguinte informe:

1º) O gasto que se pretende incluír no Orzamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo non pode demorarse ata o exercicio seguinte sen prexuízo para os intereses xerais da Entidade. Os acordos asinados o 26 de outubro de 2017 así o esixen.

2º) O importe global de 1.317.355 euros destínase ás seguintes partidas:

Partida	Concepto	Créd.inicial	Alta
1510.7801500	Axudas rehabilitación vivendas	0,00 €	859.396,00 €
1510.7000000	Transferencia ó Concello (Reurbanizacións)	0,00 €	139.959,00 €
1510.2279908	Equipos técnicos	0,00 €	318.000,00 €

3º) A presente modificación supón un crédito extraordinario de 1.317.355 euros, polo que a competencia de aprobación correspóndelle ao Pleno, de acordo co establecido polo citado artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo) e tendo que seguir os trámites e requisitos de publicidade establecidos polo artigo 169 do citado Texto Refundido para a aprobación do Orzamento.

4º) O financiamento desta modificación realizarse mediante o remanente líquido de tesourería (afectado, neste caso), conforme ó artigo 177.4 do citado TRLFFLL. O Remanente Líquido de Tesourería afectado a 31.12.2017, segundo a liquidación aprobada o 15.02.2018 (Pleno de 28.02.2018), era de 5.080.599,67 euros.

En consecuencia, proponse ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo que eleve á Xunta de Goberno Local a proposta de adopción polo Pleno do seguinte acordo...

Deseguido o funcionario informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Informe de Fiscalización do Interventor municipal de data 19.04.2018.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión ordinaria de data 19.04.2018, ditamina favorablemente dita proposta.

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente, de data 19.04.2018, presta conformidade á precedente proposta.

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: A modificación orzamentaria que traemos hoxe a este Pleno ten como obxectivo poder incorporar no Orzamento do ano 2018 os créditos incorporados polo Ministerio de Fomento fundamentalmente no ano pasado, que van permitir un volume de investimentos de 2,8 millóns de euros para a rehabilitación de vivendas nas AMIS de Vigo, polo tanto, para poder axudar a rehabilitar as vivendas, a humanizacións das súas contornas tamén no Casco Vello, en Bouzas, no entorno de Coia, entre as rúas Bueu e Moaña, e nas vivendas de Santa Clara, aqueles catro Aris que están declarados na cidade de Vigo. Polo tanto, é unha actuación que entendo imos estar todos de acordo en que estes cidadáns poidan executar e polo tanto que se poidan implementar un mínimo de, ata o día de hoxe, 60 actuacións no Casco Vello, 30 actuacións en Bouzas, 50 actuacións no entorno das vivendas das rúas Bueu e Moaña e 15 actuacións nas vivendas de Santa Clara, e digo no momento de hoxe porque esperamos que sexan ampliables se os recursos non son integramente consumidos. Temos que ter en conta ademais que este programa nas pasados edicións desta convocatoria, destes convenios, tiveron un elevado grado de aceptación por parte dos usuarios de tal xeito que en tódolos casos que nos permitiron incrementar o número de actuacións, se incrementaron substancial e notablemente o número de actuacións respecto as previstas e hoxe pensamos que tamén pode ser así, o volume de financiamento público para estas actuacións en vivendas particulares é de aproximadamente 1,3 millóns de euros, que é a modificación orzamentaria que hoxe traemos, que poden levar a que se financie o 45% do investimento que fan os particulares, e que a

participación das administracións neste convenio ten o seguinte reparto: o Ministerio de Fomento achega preto do 33% do financiamento, o Concello de Vigo achega o 16% deste financiamento e a Xunta de Galicia que esta vez nesta convocatoria si entra a participar, non nas anteriores, pode chegar a financiar ata un 13%, correspondendo polo tanto aos particulares preto do 40%, o 38,35% do volume de investimento que se achegue.

Estas actuacións son absolutamente fundamentais, porque falamos de zonas que están deterioradas, onde necesitamos acompañar aos propietarios, sobre todo aqueles que teñen rendas baixas, para que a labor de rehabilitación, de mantemento e conservación das súas propiedades a fagan axeitadamente, polo tanto, entendendo que este volume de investimento que non se puido executar no ano 2017 porque o convenio se asinou no mes de outubro e obviamente non houbo tempo para poder nin facelo público nin promover a convocatoria, nin cando menos coas bases aínda non aprobadas, pois facelo executar e ademais poder consumir os recursos en dous meses, algo absolutamente imposible, necesitamos incorporar ó Orzamento neste ano coa idea de que poidan desenvolver actuacións durante todo o exercicio do 2018 e tamén durante o ano 2019. Polo tanto, entendémolo que é unha actuación absolutamente fundamental para promover a actuación das ARIS de Vigo, é fundamentalmente nesas zonas de Vigo que todos queremos coidar especialmente como son o Casco Vello, Bouzas, e aquelas zonas deterioradas, algunhas delas sen medidas de accesibilidade, como na rúa Bueu e Moaña e tamén nas vivendas de Santa Clara, incluso con algúns problemas para manter o illamento das súas edificacións, pois entendo que todos imos promover esta modificación orzamentaria como digo absolutamente imprescindible para poder chegar a financiar ata o 45% das actuacións que promovan os particulares.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos completamente de acordo e felicitar que apareza a Xunta de Galicia esta vez, que formemos parte do conxunto da ARIS que están polo menos publicitadas pola Xunta de Galicia, nós estamos absolutamente de acordo e creo que cunha demostración de que as administracións poden colaborar, non pasa absolutamente nada, non hai mortos nin hai ningún tipo de dano, cando o evidente é que no proceso de rehabilitación integral que necesita esta cidade creo que tódolos vigueses de tódalas cores políticas, de tódalas responsabilidades

en calquera administración entenderán que isto é unha parte crucial para rexerar a cidade, para nós isto debería ser motor do Plan Xeral, unha cuestión de debate máis amplo, pero a rehabilitación integral dos grandes cascos históricos desta cidade, converter Vigo nun espazo de rehabilitación integral e ademais secuenciada no mesmo tempo, é dicir, nós miramos como fixo Oporto, con fondos europeos e con outro tipo de axudas pero da noite a mañá facer unha rehabilitación integral dos tres cascos históricos que para nós existen na cidade, tanto o Barrio Alto, Casco Vello e Bouzas sería unha maneira incluso se xerar outro tipo de cultura que ten que ver coa vivenda, no que ten que ver coa edificación e aparte abordar dunha vez por todas o debate sobre as vivendas deshabitadas porque moitas delas os seus propietarios non teñen a capacidade económica de levar adiante rehabilitacións, polo tanto, independentemente das contías e dalgunhas eivas que nós venos no Plan Estatal de Vivendas e nas subvencións que logo se van a desenvolver para actuacións urbanísticas análogas, nós estamos completamente de acordo, é máis, nos gustaría que houbera máis ARIS en Vigo, é dicir, nos gustaría que se ampliaran, para nós foi unha boa nova que todo o entorno das antigas vivendas dos traballadores/as da extinta Álvarez que todo eso tivera unha capacidade rexeneración a través dun ARI, cremos que hai outras zonas e outras pezas que poderían ser susceptibles de entrar dentro dun ARI, cremos que en Vigo deberíamos tamén abrir ese debate, recentemente, pois a Xunta de Galicia decidiu que as casas que dan ao Camiño Portugués forman parte dunha área de rehabilitación integral e vanse rehabilitar moitas vivendas simplemente porque transcorren polo Camiño de Santiago de Compostela, o que ven de Portugal, a nós nos parecería interesante que fixéramos tamén pois algún desenvolvemento de novos ARIs, os que hai creo que é un motor económico importante é unha das eivas que ten o Casco Vello, e se non consolidamos poboación vivindo, tendo os seus centros escolares, tendo o seu médico de referencia, senón vive xente no Casco Vello o Casco Vello se centrifuga e se converte nun sitio onde imos os vigueses a tomar algo e non volvemos no resto da semana, temos que consolidar poboación, é o único mecanismo, pois é este, creo que tamén no seu día o Plan Urban e outros plans, incluso mecanismos que tamén é de colaboración entre as administracións, como pode ser o Consorcio do Casco Vello, vou a repetilo en veces de que estamos excluídos este grupo municipal,

pero creo que son mecanismos interesantes e abordemos xa de maneira urxente esta rexeneración integral tanto do Casco Vello como de Bouzas e as outras actuacións porque como non consolidemos poboación, tódolos esforzos destes anos non servirán para nada.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Pois como non podería ser doutra maneira, nós nos sumamos ao apoio a estas actuacións, ás necesidades que dende logo para nós teñen estas actuacións de rehabilitación, cremos que son fundamentais, cremos ademais que extraordinariamente necesario que se continúe con estas actuacións, creo que como xa se dixo aquí, son un exemplo de colaboración entre administracións, cando moitas veces se fala da necesidade de que as administracións sumen esforzos e que a confrontación non leva a ningún sitio, pero si a colaboración entre administracións porque ao final quen gaña son os veciños e neste caso quen gaña son os vigueses, aquí temos un exemplo de como isto é realmente unha realidade, e as Áreas de Rehabilitación Integral son un bo exemplo e estas Áreas de Rehabilitación Integral tamén hai que lembrar que comezan a declararse no ano 97, sempre se declararon con gobernos do Partido Popular, queroo dicir aquí porque tamén en moitas outras ocasións non se quere poñer en valor o traballo de recoñecemento de necesidades que teñen as cidades, en particular, unha cidade como Vigo, de apoio a determinadas áreas como o Casco Vello que foi declarado no 97 como área de rehabilitación integral, co Sr. Rafael Áreas Salgado de ministro no 2003, declárase o Barrio de Bouzas como Área Rehabilitación Integral, tamén co ministro o Sr. Álvarez Cascos, e no ano 2015, acabando de declarar tamén as Casas de Santa Clara en Cabral e o Polígono de Bueu-Moaña, polo tanto, un recoñecemento expreso da necesidade de desenvolver estas áreas, unha achega de tódalas administracións e dos propios particulares, van a permitir que isto sexa unha realidade, o que queremos pedir é que dada a importancia que teñen e dada a importancia de comezar as actuacións o antes posible se actúe coa máxima dilixencia, pode ser que no mes de outubro se haxa asinado este convenio, non entendemos porque sinceramente se espera ao mes de abril do ano seguinte a facer ese crédito extraordinario cando dende o mes de outubro se asina o convenio e pouco tempo despois xa se teñen os fondos polo Concello, cremos que se podería ter feito nese mesmo momento ou incluso se non

se quería facer ese ano, pois a primeiros deste ano, estamos en abril, máis vale agora que máis tarde, queremos insistir tamén na necesidade de potenciar esas actuacións de rehabilitación e a importancia desas actuacións de rehabilitación tendo en conta que estamos nunha cidade que non ten Plan Xeral, e que polo tanto, o área de rehabilitación ten que adquirir unha especial importancia nestes próximos anos, desgraciadamente que nos esperan sen ter Plan Xeral, co cal dobremente é unha boa noticia que isto se faga. E tamén que se acaben os fondos que hai de edicións anteriores, porque no Orzamento e na execución orzamentario vimos que aínda quedan 1,3 millóns pendentes de execución de áreas anteriores, polo tanto, si que nos gustaría esa dilixencia en acabar o que xa está aberto, senón en comezar canto antes as actuacións que xa están enriba da mesa. Insistimos un exemplo de colaboración, nós absolutamente a favor, e cando colaboran as administracións gañan os veciños e o queremos é que gañen os veciños e neste caso van a gañar.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Sra. Muñoz, lamento que vostede se meta nalgún charco, láméntoo profundamente porque creo que isto é sinceramente unha boa nova e que vostede sempre intenta poñer o retrovisor para apuntarse algún mérito, eu non o entendo, mire, sabe vostede cando a Xunta de Galicia deixou de participar nestes programas? Dende o ano 2013 ata este ano non participou, decidiu que non lle interesaba a rehabilitación de vivendas, en ningún concello, por certo, do mesmo xeito entre o ano 2005 e o ano 2009 foi a maior achega de recursos ás áreas de rehabilitación e á figura da rehabilitación, e logo no 2009 morreu, desapareceu, quedaron cos programas que xa tiñan lanzados de antes e no 2013 decididamente decidiron non achegar nin un só euro, benvidos á política de rehabilitación de novo á Xunta de Galicia, polo tanto, que me está dicindo do Consorcio que tamén fai unha labor tremenda? Pois o Consorcio que fai unha boa labor e que estamos alí representados e podemos ter en conta o seu traballo, como ben sabe vostede ven consumindo recursos achegados entre o 2005 e o 2009, porque ven facendo uso dos 30 millóns de euros achegados nese período, e a partires dese momento nin un euros, xestiona os recursos minguantes que cada vez ten porque a rehabilitación é custosa e se recupera menos pola venda do que se gasta na rehabilitación desas vivendas, en calquera caso como dicía isto é un

esfuerzo compartido entre os propietarios e as administracións, e polo tanto, é un exemplo de colaboración que é absolutamente fundamental se o que queremos é rehabilitar as nosas cidade, e claro que a rehabilitación integral é un punto estratéxico hoxe e mañá, polo tanto, tamén no novo Plan a rehabilitación é dende logo un elemento fundamental e central polo que temos que apostar entre todos, de feito o Concello está apostando de forma decidida, só hai que mirar as obras de humanización que se están desenvolvendo no Casco Vello, en Bouzas, e nestas áreas, unhas obras de humanización que fan que sexan máis accesibles absolutamente fundamental, que a xente os visiten, que sexan lugares agradables, que sexan lugares para dispor dunha vida social e tamén da residencia, tanto é así, que o Concello de Vigo renuncia neste convenio a facer obras de reurbanización no Casco Vello para deixar eses 100.000 euros a cargo dos veciños para que poidan desenvolver os seus proxectos persoais e renovar as súas vivendas, porque entendemos que esas obras xa as estamos facendo dende recursos propios do Concello, polo tanto, tanto é así que impulsamos as obras de urbanización e ademais deixamos máis recursos en mans dos veciños para que poidan financiar as obras das súas casas.

En calquera caso, gracias polo apoio a esta modificación orzamentaria.

(No momento da votación atópase ausente o concelleiro, Sr. Figueroa Via).

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e tres membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar inicialmente o crédito extraordinario por importe total de 1.317.355,00 euros (modificación nº 05/2018 do vixente Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo), financiado mediante a aplicación do remanente líquido de tesourería afectado, conforme ó expresado neste informe-proposta.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

6(62).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE O PROXECTO DE DECRETO DE DESENVOLVEMENTO DA LEI 10/2013, DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA, NO RELATIVO Á TRAMITACIÓN DA RENDA DE INCLUSIÓN SOCIAL E DAS AXUDAS, INCORPORE AS MEDIDAS PARA QUE AS CONTÍAS DA RISGA SE ACHEGUEN AO INDICADOR AROPE. REXISTRO PLENO 1748/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de abril de 2018, número 1748/1101, a concelleira do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra. López Barreiro, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Goberno galego tramita actualmente o desenvolvemento da Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia que vai regular a medio prazo a prestación da RISGA e outras axudas de inclusión social.

A Carta Social Europea, a Rede Galega e Europea contra a Pobreza, entre outros organismos e colectivos, defendemos que as prestacións sociais deben achegarse ao indicador AROPE que mide o mínimo de ingresos por persoa.

A Unión Europea é quen desenvolveu este indicador que establece en 684 euros mensuais por persoa e 1680 euros/mes para un fogar de dous adultos e dous menores para medir o risco de pobreza e/ou exclusión social.

Pensamos que o salario mínimo interprofesional, establecido para 2017 en 735,90 euros, debe marcar o horizonte individual a conseguir para reducir a pobreza.

Segundo o Informe “O estado da pobreza en Galicia”, elaborado en 2017 pola Rede Galega de Loita contra a Pobreza (EAPN-Galicia), a partir de datos do Instituto

Nacional de Estadística (INE), do Instituto Galego de Estadística (IGE) e do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, había en Galicia, a finais de 2016, 690.505 persoas en risco de pobreza ou exclusión social, que representa o 25,4% da poboación.

En Vigo, esta cifra situábase en 61.400 persoas, o que representa o 21% da poboación.

A actual prestación económica da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) non cumpre os criterios da lexislación en vigor (Decreto 99/2012 de Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento modificado polo decreto 228/2014 da Xunta de Galicia) pois segue mantendo aos beneficiarios no limiar da pobreza, da exclusión social e non cubre as necesidades básicas provocando estados de pobreza crónicos herdados por fillas e fillos. Do mesmo xeito tampouco a RISGA axuda a solucionar os problemas de aloxamento, pois o complemento de aluguer previsto é equivalente ao 10% do IPREM (situado hoxe nos 537 euros), é dicir, pouco máis de 50 euros ao mes. Isto leva en ocasións a situacións case esperpénticas, obrigando a abandonar a súa vivenda á persoas perceptoras da RISGA que están a compartir vivenda precisamente polas súas dificultades económicas, como unha forma de aforro.

Polo exposto, o Grupo Municipal da Marea de Vigo presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede a seguinte proposta de

ACORDO:

- 1.** Instar ao goberno da Xunta de Galicia a que o Proxecto de Decreto de Desenvolvemento da Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia, no relativo á tramitación da Renda de Inclusión Social de Galicia e das Axudas de Inclusión Social en trámite, incorpore as medidas para que as cuantías da RISGA achéguese ao indicador AROPE que mide o mínimo de ingresos por persoa.
- 2.** Instar á Xunta de Galicia a artellar un complemento de vivenda se a persoa titular ten que pagar un aluguer ou hipoteca que supere amplamente os 50 euros actuais (aproximadamente 200-225 euros).
- 3.** Instar á Xunta de Galicia a elaborar unha CARTA DE SERVIZOS SOCIAIS que simplifique e garanta un alcance universal e accesible ao contido da carteira de Servizos Sociais de Inclusión (Decreto 61/2016)
- 4.** Instar á Xunta de Galicia a realizar as modificacións necesarias no proxecto de decreto de desenvolvemento da lei 10/2013 de inclusión social de Galicia para:
 - a.** Que sexa persoal e polo tanto independentemente da existencia ou non doutra persoa perceptora nun mesmo domicilio.
 - b.** Que se poida percibir a partir dos 18 anos (actualmente a partir

dos 25)

Garantir que se poida percibir ao estar empadroad/a independentemente da situación administrativa (eliminar o requisito de “residencia legal”)

DEBATE:

SRA. LÓPEZ BARREIRO: A moción que vou defender en nome da Marea de Vigo, ven impulsada por varios colectivos e movementos sociais da cidade vinculados aos dereitos das persoas e á xustiza social, son Apa, os Ningués e Rede Solidaria Popular, con esta moción o que se pretende é instar á Xunta de Galicia a que garanta un ingreso mínimo por persoa acorde co AROPE, o goberno galego tramita actualmente o desenvolvemento da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, que vai regular a medio prazo a prestación da RISGA e outras axudas de inclusión social. A Carta Social Europea, a Rede Galega Europea contra a pobreza entre outros organismos e colectivos, defende que as prestacións sociais deben achegarse ao indicador AROPE que mide o mínimo de ingresos por persoa, a Unión Europea é quen desenvolveu este indicador que establece en 684 euros mensuais por persoa, en 1.680 euros mes para un fogar de dous adultos e dous menores para medir o risco de pobreza ou exclusión social. Pensamos que o salario mínimo interprofesional establecido para o 2017 en 735,90 euros, debe marcar o horizonte individual a conseguir para reducir a pobreza, segundo o informe o estado da pobreza en Galicia, elaborado en 2017 pola Rede Galega de Loita contra a Pobreza, a partir de datos do Instituto Galego de Estadística e do Ministerio de Emprego e Seguridade social, había en Galicia a finais do 2016, 690.505 persoas en risco de pobreza ou exclusión social que representan o 25,04% da poboación, en Vigo esta cifra situábase en 61.400 persoas, o que representa o 21% da poboación.

A actual prestación económica da Renda de Integración Social de Galicia non cumpre os criterios da lexislación en vigor, pois segue mantendo aos beneficiarios no limiar da pobreza e da exclusión social e non cobre as necesidades básicas provocando estados de pobreza crónicos herdados por fillos/as. Do mesmo xeito tampouco a RISGA axuda a solucionar os problemas de aloxamento, pois o complemento de aluguer previsto é equivalente ao 10% do IPREM, situado hoxe

nos 537 euros, é dicir, pouco máis de 50 euros ao mes, isto leva en ocasións a situacións case esperpénticas, obrigando a abandonar a súa vivenda a persoas perceptoras da RISGA que están a compartir vivenda precisamente polas súas dificultades económicas como unha medida de aforro.

Proponse e nós propoñemos ante todo isto, que o goberno da Xunta de Galicia, a que o proxecto de decreto de lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda inclusión e das axudas de inclusión en trámite incorpore as medidas para que as contías da RISGA se acheguen social ao indicador AROPE que mide o mínimo de ingresos por persoa, que ademais se artelle un complemento de vivenda se a persoa titular ten que pagar un aluguer ou hipoteca que supere amplamente os 50 euros actuais, aproximadamente 200-225 euros non estaría mal; que se elabore unha carta de servizos sociais que simplifique e garante un alcance universal e accesible ao contido da carteira de servizos sociais de inclusión e que se realicen as modificacións necesarias no proxecto do decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia para que sexa persoal e polo tanto, independentemente da existencia ou non doutra persoa perceptora no mesmo domicilio, que se poida percibir a partires dos 18 anos, actualmente pódese percibir a partir dos 25 anos, e garantir que se poida percibir ao estar empadroadado independentemente da situación administrativa, é dicir, eliminar o requisito de residencia legal.

Non hai que esquecer que se a pobreza severa afectaba en 2015 a 132.000 persoas, a RISGA foi percibida nese mesmo ano só por 3.848 persoas, datos do Ministerio da Sanidade e Servizos Sociais e Igualdade, datos do goberno do Partido Popular, ademais a RISGA é unha das rendas máis baixas do estado e con menor cobertura, 4,4 persoas beneficiarias por cada 1.000 habitantes.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: A verdade Sra. López Barreiro si é verdade que vostedes propoñen varios puntos nesta moción e a nós nos gustaría dicir que neste senso compre indicar que en Galicia estanse a producir xa importantes avances na mellorada cobertura do sistema de rendas mínimas, estase a traballar tamén e mellorar os sistemas de información cara reducir a carga administrativa e vostede tamén fala na súa moción da Lei 2013, do 27 de novembro, e do Decreto de desenvolvemento da citade lei que se está a tramitar. Dos determinados puntos

dos que fala vostede, por exemplo nese decreto de desenvolvemento da Lei de inclusión sen tramitación, están previstos certos supostos que permiten flexibilizar aínda máis esa esixencia por iso vostede nos puntos que propón nos cremos que no desenvolvemento dese decreto xa se van ter en conta, por exemplo, cando exista un contrato de arrendamento ou subarrendamento dunha habitación alugada ou que poderá ser unha solución para aquelas persoas que non poden afrontar o aluguer dun piso en solitario, tamén no caso de persoas maiores de 18 anos que procedan dunha situación de acollemento familiar, continúen a vivir coas persoas que a acolleron, etc.

En canto á percepción da prestación por persoas maiores de 18 anos e menores de 25 na propia Lei de inclusión tamén están contempladas as excepcións que permiten conceder a RISGA a persoas de 18 anos que pola súa vulnerabilidade así o precisen, polo tanto, eses puntos que vostede propon xa están contemplados.

En canto á carta de servizos sociais nos cremos que incluír esa carta que vostedes solicitan tampouco vai ser un garante, un documento formal non sería unha garantía de que a prestación fose mellor, nós cremos que xa están regulados no decreto de carteira de servizos de inclusión e que isto é suficiente, si é verdade que se está traballando permanentemente porque isto saía adiante e en canto a esixencia de ter residencia legal para acceder á prestación, esa está regulada na Lei de inclusión, polo tanto, cun decreto non sería posible modificar iso que vostedes propoñen.

No último caso, nos puntos que vostedes propoñen tamén por exemplo, hai outros supostos de convivencia nun mesmo domicilio, da persoa solicitante ou beneficiaria con outras persoas alleas á unidade de convivencia e non se está a denegar nin a extinguir a prestación senón que se está a conceder, o que a nós nos sorprende aquí tamén porque cremos que son varios puntos interesantes pero cremos tamén que dende o goberno autonómico se está traballando e moito neste tema e se está avanzando, o que nos sorprende é que vostede non cite nunha liña da súa moción, nin na súa intervención de agora ao Concello de Vigo porque si é verdade que a Xunta de Galicia quere que as RISGAs se cobren en tempo e forma, que as persoas que necesitan esa renda de inclusión social cobren esa renda, a Xunta de Galicia facilita eses trámites pero este Concello é un auténtico muro, muralla burocrática porque sabemos que é o concello de Galicia onde máis se

tarda en tramitar as RISGAs, polo tanto, se se presume de política social deberían poñerse os medios para que isto saíra adiante, Vigo tarda o dobre que A Coruña na tramitación das RISGAs, tarda 6 veces máis que Pontevedra, tarda 4 veces máis que Santiago de Compostela en tramitar as RISGAs, unha media de 39 días para a cita e despois case 5 meses e 1.600 persoas agardando. Polo tanto, aquí falábamos antes da colaboración das administracións, da importancia que ten que todos esteamos de acordo e vaíamos na mesma liña e si é verdade se hai puntualizacións que vostede propón na moción que se poderían mellorar, nós cremos que co desenvolvemento dese decreto pois poderían mellorarse se se contemplan neses supostos dos que falei pero tamén é importante que a administración municipal e neste caso Vigo que é a cidade máis grande Galicia tamén teña esa axilidade e poida levar os trámites administrativos tales como están propostos e como se contemplan para que as persoas que ademais son de primeira necesidade poidan cobrar esa renda de inclusión social o antes posible.

Nos queremos ademais, sempre o dicimos, que o principal é que se reduzan, é dicir, cando a xente teña esa integración social que se loite e se traballe pola mellora e busca dun emprego e polo tanto a mellor política social é que vaian diminuindo as solicitudes de RISGA pero xa que están neste punto, que hai 1.600 persoas nesta cidade agardando para que a Xunta de Galicia ademais da orde, pague, porque a verdade é que a Xunta de Galicia paga a RISGA, aquí os trámites téñense que facer con axilidade.

Polo tanto, nós queremos aproveitar neste Pleno municipal e pedirlle ao goberno municipal que tamén se poña as pilas na tramitación das RISGAs, porque queremos dicir ademais que cando se analizan tódalas características desta renda mínima de inserción social, está claro que o goberno da Xunta de Galicia non só non fixo ningunha diminución dos meses que teñen que ter dereitos a esas prestacións, senón que no caso ademais do Plan Prepara prorrógase ata que taxa de paro baixe ao 20% que é unha garantía máis para dar unha oportunidade a esa xente que leva tempo no desemprego. Polo tanto, neste goberno municipal en Vigo a política social da que presumen non existe, e haberá que poñer os medios para que tódalas tramitacións vaian en tempo e en forma.

Nós non imos aceptar esta moción, non imos aprobala porque cremos que eses puntos xa están contemplados no Decreto.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Realmente non sei como son capaces nin sequera de abrir a boca dende esa bancada, imos apoiar a moción todas e cada unha, punto por punto, pero xa que foi a Sra. Egerique a que falou do Concello de Vigo voulle falar eu do Concello de Vigo, mire, xa foi o concelleiro de Facenda, fixo xa unha intervención onde dixo onde se estaban investindo os cartos, Sra. Egerique efectivamente a Xunta de Galicia paga a RISGA e vostedes que están a facer? Xunta de Galicia ten todas e cada unha das competencias en servizos sociais, todas, explicouno antes o Alcalde, o que pasa é que non estivo atenta, son os másters de Aravaca, que nos deixen contratar persoal, o compañeiro o Sr. Gago dixo, “unha cidade avanza na medida en que atende aos seus cidadáns” e mire por onde é o Concello de Vigo quen está atendendo porque se non estivera atendendo o Concello de Vigo cos programas municipais exclusivamente, a xente estaría caendo na rúa e digo caendo, voulle ler, aluguer só neste trimestre, auga, gas, luz, créditos hipotecarios, débedas de comunidade, eliminación de barreiras, mobiliario de primeira necesidade, aloxamento, gastos de farmacia, Sra. Egerique, próteses, ópticas, alimentos específicos para menores, 258.418 euros, as axudas especiais de emerxencia, o albergue, centros de programas, os comedores escolares, os convenios cos misioneiros de Teis, con Vida Digna, con Afan, co Banco de Alimentos, etc. Voume quedar cun gasto só, gastos persoais, 3.266 euros é di vostedes? Como que gastos persoais, para que? Pois mire, porque tamén teñen dereito as persoas que están nunha situación de exclusión a poder comprar unha crema protectora ou non para a cara, ríase porque é unha vergoña o que está a pasar, de verdade que é vergoñento, mírense para adentro e comecen a facer as cousas ben, porque xa estamos fartos que nos veñan de leccións aquí, e que unha señora supostamente, que leva zapatos de Prada roube dos botes de crema e que dan gañas de chorar, e veñen aquí a falar da RISGA, mire unha persoa que cobra a RISGA non pode pagar máis do 25% de alugueiro, imposible, que non lle estamos a pagar nós o aluguer, nós estamos pagando esas emerxencias para comer, que vostedes non están facendo, que se está a facer cos cartos do Concello, que son mais de 3 millóns de euros en programas de intervención rápida, gracias ao Concello porque vostedes non o están asumindo e teñen as competencias Sra. Egerique, teñen tódalas competencias, o único que lle estamos a pedir é que as

cumpran, porque repito non se pode vivir con catrocentos e pico euros ao mes de RISGA, non se pode vivir, é imposible. E despois ter tamén a suficiente valentía para recoñecer o que están a facer mal e déixese de facer fotos e de dicir que se hai non sei cantas persoas durmindo fora que non teñen lugar no Albergue, mire, que está financiando aos Enfermos Misioneiros de Teis? Cantos albergues hai en Galicia públicos? Dígame, cantas axudas extraordinarias hai en Galicia, cantos concellos están asumindo iso? Dígame, cantos concellos están atendendo a 1.669 familias só en axudas municipais de emerxencia neste trimestre? Dígame cantos, ningún. Que fai a Xunta de Galicia? Dicir que ten que asumir o Concello as competencias impropias, repítolle, competencia exclusiva da Xunta de Galicia no artigo 148.2, da Constitución en materia de asistencia social, absolutamente competencia da Xunta de Galicia e si o Concello non intervéñ, imaxínate como estarían os cidadáns de Vigo, por iso, repítolle Sr. Gago, unha cidade avanza na medida en que atende aos seus cidadáns.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Sra. Egerique vaise facer, estase contemplando, estase traballando, pero esta lei que está en vigor é a súa lei e o fracaso desta lei faise patente dende o momento en que é incapaz de cumprir os obxectivos que ela mesma presenta, que nos están a contar?

Voulle relatar en voz alta algo que está escrito por autoridades expertas na materia e que vostedes merecen escoitar, “tendo en conta que a alarmante situación que sinalan os datos do 2016 hai 700.000 persoas, 25% da poboación galega en risco de pobreza e destas unhas 130.000 persoas viven en situación de extrema pobreza, e aínda o peor é que o número de persoas empregadas en situación de pobreza sitúanse xa nun 15%” isto é gracias as súas reformas laborais, como non.

Son as súas políticas, señores do Partido Popular, as súas políticas de recortes e de privatizacións dos servizos básicos as que seguen a xerar discriminacións situación dramáticas en moitas persoas e familias galegas, discriminacións e incluso exclusión social de persoas maiores, de xente moza, de persoas con diversidade funcional, de menores de familias monoparentais e sobre todo monomarentais, do colectivo xitano, de emigrantes, de reclusos, de persoas sen teito, a contía de prestación que adican vostedes a axudas sociais son miserentas, para solicitalas é

preciso pasar por un entramado burocrático ineficiente e estresante para as persoas que o solicitan, están baseadas nun asistencialismo anacrónico, polo tanto, habería que superar este tipo de medidas meramente paliativas e comezar a traballar en serio na implementación progresiva dunha renda básica para a cidadanía que garanta a tódalas persoas unhas condicións mínimas, esta sería unha ferramenta imprescindible na construción dun modelo avanzado de sociedade, é preciso que a RISGA se converta nun dereito cidadán e non nun subsidio condicionado, é preciso tamén que a xente estea suficientemente informada, existe un descoñecemento por parte da poboación moi importante sobre quen ten dereito a percibir estas prestacións de axudas sociais e como chegar a conseguilas.

Este tipo de prestacións deben comunicarse da mesma forma que o resto dos servizos públicos, como a sanidade, a educación, como as pensións ou como o emprego, pero miren, o mellor de todo isto sería que este tipo de prestacións non tivese que existir, e que toda a poboación estivese integrada nun sistema onde o traballo fose equitativamente repartido pensando nas necesidades da poboación e das traballadoras e non nas necesidades acumulativas de capital das empresas empregadoras.

Coido, compañeiras da Corporación, que estamos nun momento idóneo para a reformulación do deseño e a racionalización global do proceso socializador, neste proceso a centralidade non debe estar baseada tanto na produción senón na construción de persoas, na construción da propia identidade, dende o desenvolvemento persoal que supoña sentirse partícipe da comunidade da que se forma parte, en definitiva, un sistema sustentable e vivible que o que temos non o é, e pedímoslle aos señores do Partido Popular que por dignidade se absteñan nesta moción e non voten en contra.

(No momento da votación preside o 1º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández, por ausencia do Presidente).

VOTACIÓN: Con dezaoitos votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Gago Bugarín, e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.04.2018 (Rex. Nº 1748/1101), pola concelleira do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra. López Barreiro, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

7(63).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO MINISTERIO DE FOMENTO O REMATE DAS OBRAS DE REFORMA DA A-55, GARANTINDO A FINALIZACIÓN DE TÓDOLOS TRABALLOS ANTES DA 2ª QUINCENA DE XUÑO, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1751/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de abril de 2018, número 1751/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Vigo, como cabeceira da súa área metropolitana, polo da actividade económica e social de Galicia e destino de ocio e turismo, precisa contar cunhas comunicacións axeitadas para garantir a súa accesibilidade. Boa parte da mobilidade, tanto de mercadorías como de pasaxeiros, que teñen orixe ou destino na cidade utilizan as vías de alta capacidade que nos comunican co resto de Galicia, España e Portugal. Dita mobilidade ten como principais soportes a autovía A-55 e a AP9.

A pesar da importancia destas infraestruturas, vertebradoras da mobilidade da cidade, ambas se atopan en obras supoñendo un estrangulamento para o desenvolvemento da actividade económica e social de Vigo.

O Ministerio de Fomento iniciou obras da A55, para mellorar a seguridade dunha das vías con maior índice de peligrosidade de España, en outubro de 2015 cun prazo de execución de 19 meses. Esta previsión levaba a que en maio de 2017 deberían estar rematadas, sin embargo, perto dun ano despois da fecha prevista de remate das obras seguimos sufrindo e observando accidentes, traballos estancados dende fai meses, sinalización de obras que parecen ter carácter permanente e tramos limitados a 60kms/h. Situacións, todas elas, que provocan o estrangulamento da principal vía de comunicación de Vigo co resto de España e Portugal.

Esta situación, ven de ser denunciada por diferentes colectivos o longo dos últimos meses que reclaman o remate das obras da A55 e a inmediata execución da nova autovía entre Porriño e Vigo.

A necesidade de superar os problemas de funcionamento desta infraestrutura cos graves problemas ocasionados os cidadáns de toda a área metropolitana de Vigo, as empresas e a imaxe da cidade.

Por todo iso, propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Instar o Ministerio de Fomento a:

- Rematar de xeito inmediato as obras de reforma da A55, garantindo a finalización de todos os traballos antes da segunda quincena do mes de xuño.
- Mellorar o entorno da A55 no Concello de Vigo limpando e acondicionando todos os terreos e estruturas anexos a esta vía de titularidade do Ministerio de Fomento.
- Licitara e adjudicar a redacción dos proxectos da nova autovía por túnel entre Porriño e Vigo en 2018 adoptando os correspondentes compromisos orzamentarios para que esta autovía sexa unha realidade no prazo máis breve posible.

- Eliminar as peaxes da AP9 entre Vigo e Porriño, mentres a nova autovía Porriño e Vigo non sexa unha realidade, para paliar os graves problemas de retención de tráfico existentes a día de hoxe, froito da insuficiente capacidade da vía actual.”

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Estamos afeitos a escoitar os problemas de comunicación que ten área de Vigo, desafortunadamente os xornais reflicten acotío os problemas que temos para movernos cara o norte de Galicia pola AP-9 debido ás obras da Ponte de Rande, esa que inaugurou pero non estaba rematada, e polo tanto a única finalidade era poder incrementar a peaxe, que estamos tamén afeitos desgraciadamente a ver os problemas que temos nas vías de comunicación que nos comunican co resto de España e con Portugal e desafortunadamente tamén ter problemas acotío non só da ausencia de compromisos para o investimento da chegada do AVE a Vigo, senón tamén incluso de que temos que facer o percorrido entre Vigo e Ourense en autobús porque o tren non pode pasar por debidas incidencias na infraestrutura. Polo tanto, estamos falando de que Vigo queda colapsado pola mobilidade na súa contorna que se volve cada día máis dificultoso pero agora prestemos atención a unha infraestrutura en concreto, se nos centramos na comunicación de Vigo co resto España e con Portugal pola A-55, a principal vía de comunicación que nos permite enlazar logo coa A-52 ou continuar cara a Portugal, vemos que día a día se repiten noticias nos medios de comunicación da accidentabilidade dunha vía que é tristemente famosa por ser unha das que teñen o índice de siniestrabilidade máis alta de España, temos noticias a cotío, eu resumo simplemente, no mes de febreiro o Servizo de Emerxencias estableceu que había 48 partes de incidencias nesta infraestrutura, unha infraestrutura vital onde calquera tipo de colapso ou incidencia provoca horas e horas de espera o que significa un grave prexuízo tanto para os usuarios particulares como non tamén para as empresas que non teñen fiabilidade sobre os seus percorridos e sobre os seus destinos, polo tanto é unha infraestrutura na que ademais sabemos que se están a executar unhas obras que foron contratadas alá polo ano 2015, que tiñan un prazo de execución de 19 meses e que tiñan que estar rematadas en maio de 2017, pero que a día de hoxe continúan sen obreiros iso si,

pero cunha sinalización en amarelo que está ao longo de toda ese infraestrutura e unha sinalización que obviamente se está incluso deteriorando, xa as liñas amarelas parecen que van desaparecendo, obviamente sen que a obra se remate, por ese motivo cremos que actuar sobre esta vía é absolutamente imprescindible, e a moción que traemos é primeiro, rematar de xeito inmediato as obras de reforma da A-55 garantindo a súa finalización ante da segunda quincena do mes de xuño, entre outras cousas porque temos aproximadamente 60.000 vehículos día nesa infraestrutura pero no verán temos 70.000, polo tanto, dado que hai unha incidencia de tráfico claramente substancial no verán, non podemos permitinos o luxo de ter esta vía con obras, ademais mellorar o entorno da A-55, hai moitos terreos ao carón desta infraestrutura no Concello de Vigo titularidade do Ministerio de Fomento que desafortunadamente seguen cheos de vías en desuso, sen que ninguén repoña o estado natural dos terreos, sen que os limpe, sen que os conserve, con pasos superiores sobre a infraestrutura que están deteriorados con corrosión etc. Polo tanto, que arranxe todas esas obras na súa contorna, especialmente na contorna desas infraestrutura sanitarias, educativas tan importantes. Ademais dunha vez, un compromiso serio, cun cronograma, con prazos e con certeza da construción na nova autovía de conexión entre Porriño e Vigo en túnel para que non sexa só un anuncio senón que sexa claramente unha realidade, un prazo serio de execución para que sexa unha realidade o máis pronto posible.

E mentres esta situación non se produce dado que temos o índice de siniestrabilidade máis alto de España nesta vía, levantar a peaxe na AP-9 no treito que se corresponde coa comunicación que se produce entre Vigo e O Porriño, a AP-9 a día de hoxe non é a mellor vía de comunicación entre Vigo e O Porriño por un problema de accesible ao carón da A-52, pero aínda así promovería unha maior utilización da mesa dado que o índice de utilización desta vía é aproximadamente o 10% do que temos na A-55, polo tanto, deixarnos de enredar xa, hai que poñer unha solución enriba da mesa porque o colapso que se está a producir, o agravio que se está a producir á economía de Vigo, aos intereses de Vigo, á imaxe da cidade, ao noso atractivo como cidade turística, de ocio, cultural, estase vendo claramente prexudicada, polo tanto, non podemos esperar máis, así como hai moitas cidades que teñen os seus problemas de comunicación resoltos, Vigo ten

unha sinatura pendente, non é posible que continuemos por unha vía que leva máis de dous anos parada con sinais de obra de circulación a 60 quilómetros por hora e que teñamos aínda a día de hoxe non só ese índice de siniestrabilidade tan alto, senón un treito fundamentalmente no Concello de Mos onde a velocidade non pode superar os 60 quilómetros por hora, hai que solucionalo xa, e esta é unha alternativa.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: A historia da A-55 é un bo exemplo para explicar as políticas de infraestruturas deste país, o perigo desta autovía supón que sexa un dos tramos de toda a rede estatal que máis puntos negros ten, un total de 8, a pesares de contar con 10 radares e 10 cámaras de vixilancia nun tramo de 15 quilómetros, ademais os accidentes son o pan de cada día nas curvas de Tameiga dirección Vigo, ata 100 accidentes anuais, o que vai ligado a que o radar de Tameiga é un dos que máis sancións acumula de todo o Estado, o que nos da a entender tamén que os radares non son unha solución contra a siniestrabilidade neste tramo, é dicir, a infraestrutura gratuíta que é a máis accesible para as traballadoras/es é un auténtico desastre de seguridade que acumula atraso tras atraso nas melloras imprescindibles. Se somos rigorosas o trazado da A-55 é en gran parte un simple desdoblamento da nacional 120, un exemplo de nefasta xestión, pois o problema deste tramo é o sinuoso trazado, cheo de curvas pechadas, algo impropio se falamos dunha autovía. A isto hai que sumarlle que esta vía suma un alto volume de tráfico pesado, ao pasar por unha zona industrial, así como moitos vehículos privados por ser un dos accesos á nosa cidade, a máis poboada de Galicia, por si non fora pouco, a isto que temos que sumarlle o forte impacto dunha infraestrutura de alta capacidade que non cumpre cos mínimos esixidos para unha estrada deste nivel, fíxose sen planificación, sen pensar no trazado nin por onde pasaba, o que temos agora é unha autovía que pasa por zonas residencias habitadas, causando un importante impacto social, non está demais sinalar que as persoas que viven preto da zona, levan anos pedindo que se instalen paneis antirruído para paliar no posible o impacto desta infraestrutura, esta petición podería mellorar a calidade de vida de moitas persoas.

Paralela á A-55 discorre outra gran infraestrutura, a AP-9, unha autoestrada que apenas rexistra tráfico polas elevadas custes das peaxes, e que supón que a A-55

asuma máis vehículos, precisamente esta sería unha das claves, pois a AP-9 deberá ser unha alternativa accesible, por iso hai que pular pola eliminación das peaxe nese tramo, desta forma rebaxaríase a siniestralidade e a contaminación acústica que supón agora a A-55.

Cabe sinalar que esta proposta que trae hoxe aquí o PSOE con bo criterio, é moi similar a levada á Comisión de Fomento do Congreso por parte de Marea de Vigo, e aprobada en novembro, onde se instaba ao Ministerio de Fomento a abordar o problema de seguridade na A-55, presentar á concesionaria Audasa unha oferta de reestruturación das peaxes da AP-9, reimplantar unha tarifa anual unificada, isto sempre sen prexuízo do estudo de recuperación da concesión, mais o Ministerio de Fomento non parece ter obrigas ante o que se aproba nas Cortes Xerais.

Detrás de cada decisión técnica sempre hai unha decisión ideolóxica, e tal como xa comentábamos ao principio da nosa intervención non é casualidade que mentres a infraestrutura máis asumible para as traballadores/es sexa insegura e perigosa, as alternativas sexan de pago e maior gloria do lucro privado. Por suposto imos votar a favor desta moción.

SR. GAGO BUGARÍN: En fin, Sra. Caride, unha vez máis nos volven traer a este Pleno unha cuestión que non é competencia de ningún dos que aquí estamos, en calquera caso si hai un responsable e é o partido no que vostede milita, fíxese a autovía A-55, a autovía da morte, como vostede oiría en máis dunha ocasión, foi inaugura na súa totalidade no ano 1992 e 1993, polo tanto, a redacción do proxecto da obra, a elección do trazado das curvas da autovía, polo tanto, a execución propia da obra e a inauguración mesma da obra foi feita polo goberno do Sr. Felipe González e do Ministro que substituíu ao Sr. Caballero, concretamente o Sr. Barrionuevo, que todos coñecen como o ministro do Gal. Polo tanto, os creadores de pesadelo que tivemos que vivir os vigueses/as durante estas máis de dúas décadas na nosa cidade e na nosa comarca foron vostedes, mirenen, vollen recuperar algunha das hemerotecas porque vostedes xeraron moitas a bombo e pratillo que é o que lles gusta, vollen recuperar algunhas das hemerotecas que saíron ao longo dos anos nos que vostedes gobernaron no goberno de España co Sr. Zapatero, concretamente comezo no 8 maio do 2004, di o seguinte “Fomento garante que autovía Vigo-Porriño terá un novo trazado”, oito días máis tarde, 16 de

maio, “Fomento propón un túnel de Sárdoma-Tameiga para a nova autovía a Porriño”, 16 de febreiro do 2007, tres anos máis tarde, “o goberno desbloquea a nova autovía a Porriño coa declaración de impacto ambiental”, aquí nesta sae vostede como en outras moitas, “Caride, satisfeita polo impulso que o goberno central da á infraestruturas” seguinte, “Fomento ve inviable eliminar a peaxe da autoestrada entre Vigo e Porriño”, outra máis, “Caride, augura que a obra resolverá un problema histórico no tráfico de Vigo” e por último, “PSOE e Bloque Nacionalista Galego, rechazan no Parlamento Autonómico suprimir a peaxe entre Vigo e Porriño”, esta é a realidade, nós íbamos votar a favor pero vostedes votaron en contra, autodefínase Sra. Caride vostede mesmos, porque eu creo que a hemeroteca fala por si sola. E se nos imos as preguntas do Congreso dos Deputados e do Senado que fixeron os deputados e senadores do Partido Popular ou do Bloque Nacionalista Galego, pois temos máis do mesmo, no ano 2004 as respostas eran, “se inicia a fase de redacción do proxecto alternativo do tramo da autovía”, no ano 2005 “se continúa na fase de redacción, estase previsto que proximamente se produza o trámite de información pública” no ano 2006 “xa se iniciou o trámite de información pública” e non ano 2011 e o último no que vostedes gobernaron dicían á resposta das preguntas no Congreso de Deputados e no Senado “atópase en redacción o proxecto de instalación de alumeados”, atópase na redacción de trazado de mellora das curvas de Cabral, se atopa en redacción e proxecto de mellora do trazado e acondicionamento de interseccións” e por último, “atópase en redacción o proxecto de trazado e de construción da variante entre Vigo e o Porriño”, en definitiva atópase, atópase pero nada saíu, esa é a realidade Sra. Caride do que fixeron vostedes cando estaban no goberno, tiveron oito anos cos mellores anos económico, con algúns dos mellores anos orzamentarios da historia do noso país e vostedes o único que fixeron é non resolver un problema que vostedes crearon, xeraron. Deixáronnos unha das peores estradas, un dos peores puntos negros máis sangrantes e con maior taxa de mortantade de tódolos viais e estradas de España, esa é a auténtica realidade, e a outra realidade é que o único partido político, o único goberno que está intentando poñer solución ao que vostedes xeraron é o Partido Popular, Sra. Caride, tiveron oito anos no goberno de España, catro anos na Xunta de Galicia, onde vostede votou en contra precisamente o que hoxe ven aquí a que nos votemos a favor, que

o imos facer, e resulta que agora nos ven a dar leccións, o único partido político que tomou cartas no asunto foi o Partido Popular, iniciando as obras de mellora como vostede fixo no ano 2015 e que nós xa lle garantimos que tamén lle esiximos que a rematen canto antes.

Pero ademais disto, Sra. Caride, e quero que o saiba, a Partido Popular, o goberno do Partido Popular recolle nos orzamentos unha iniciativa dotada con 367 millóns de euros na área de Fomento e o pode comprobar na páxina web, cun compromiso político e logo orzamentario para solucionar precisamente a creación dun túnel de 2,5 quilómetros que soluciónes o que vostedes prometeron e non fixeron.

Polo tanto, eu ao que lle invito Sra. Caride e ao Sr. Caballero que xa sei que non ten unha relación fluída cos seus xefes, o Secretario Xeral o Sr. Pedro Sánchez, é que chame que aí se sente co Sr. Pedro Sánchez e que de unha vez por todas desbloquee, apoie e aprobe os orzamentos máis ambiciosos que hai na historia de España, nunca houbo uns orzamentos tan ambiciosos en materia de investimentos, que precisamente recollen como iniciativa a solución a este problema que vostedes xeraron.

Así que Sra. Caride, eu creo que a hemeroteca fala por si soa, e nós imos facer aquí o que vostedes fixeron á contra cando gobernaban en Santiago de Compostela e en Madrid.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: A min sorprende que teña vostede que remontarse 35 anos atrás para intentar xustificar que non fan nada, mire sabe vostede cantos anos leva gobernando o Partido Popular? Porque eu creo lembrar que dende o ano 2011 están gobernando ou non gobernan? Debe ser que non gobernan, porque claro eu fago as contas, non é moi difícil non, fala vostede de 7 anos, creo que o Sr. Feijóo leva gobernando dende o ano 2009, polo tanto que me está contando vostede? Está moi ben que vote vostede a vista atrás, pero dende logo os cidadáns de Vigo o que queren é mirar cara adiante, fala vostede duns orzamentos, deses que se esquecen de que o AVE ten que chegar a Vigo? De que teñen a tódalas asociacións empresariais, veciñais, etc., todos en contra duns orzamentos que se esqueceron totalmente de que o AVE debe chegar a Vigo, ou fala dise anuncio publicitario do presidente do Goberno que dixo que esta autovía non se ía a executar con cargo ao Orzamento, Sr. Gago, de que me fala? De que se ía executar

cunha fórmula de financiamento que aínda está por definir nun programa de investimento, que aínda está por definir cunhas condicións que aínda están por definir e onde xa hai informes da avogacía do Estado que cuestionan algunhas das cuestións dese programa, pois nós non queremos falar máis imaxes en dixital e sen preguntas, queremos falar da realidade e esa realidade é a que nos leva a dicir que queremos un prazo certo para a execución desa autovía e ademais dun prazo certo para a execución desa autovía porque os proxectos están moi ben pero o que necesitamos é saber cando a poderemos utilizar mentres esa autovía non sexa unha realidade necesitamos mellorar a comunicación entre Vigo e A-52, iso significa polo tanto, non só que rematen dunha vez, o Concello de Mos tamén estao a reclamar, que rematen dunha vez esas obras porque é unha vergoña que un ano despois de que tiveran que rematar non miremos a un obreiro en ningún deses tramos facendo nada e iso si o único é que vexamos e suframos unha raia amarela onde pon 60 quilómetros por hora como máximo, e que levantemos a peaxe da AP-9 porque non é a mellor infraestrutura alternativa, pero é unha alternativa clara para intentar mellorar a mobilidade neste treito, polo tanto, por compromiso cos cidadáns o que necesitamos é non incrementar o problema, intentar solventalo, achégase o verán, 70.000 vehículos día na A-55, que non poden circular cunha vía en obras e que non poden circular por unha vía que está permanentemente colapsada, temos que proporcionar unha alternativa xa, polo tanto, agradecemos que apoiem esta iniciativa pero lévena tamén a outros foros para que poidan reclamar que se sexa unha realidade non un compromiso que queda no aire.

(No momento da votación preside o 1º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández, por ausencia do Presidente).

VOTACIÓN: VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinteun membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.04.2018 (Rex. Nº 1751/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

8(64).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á CONSELLERÍA DE SANIDADE QUE A POBOACIÓN DA ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA E DO SALNÉS VOLVAN TER COMO REFERENCIA PARA CIRURXÍA CARDÍACA, PLÁSTICA, TORÁCICA, PEDIÁTRICA, HEMODINÁMICA E FECUNDACIÓN IN VITRO, AS UNIDADES E SERVIZOS DISPOÑIBLES NO COMPLEXO HOSPITALARIO DE VIGO. REXISTRO PLENO 1752/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de abril de 2018, número 1752/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Desde a primaveira do ano 2012, a Consellería de Sanidade adscribiu as Áreas Sanitarias de Pontevedra e do Salnés á de Santiago para os tratamentos Cirurxía Cardíaca, Hemodinámica, Cirurxía Plástica, Cirurxía Torácica, Cirurxía Pediátrica e Fecundación In vitro.

Isto supón retirar 300.000 persoas que tiñan como referencia estes servizos, no complexo Hospitalario de Vigo. Aínda que esta medida presentouse oficialmente como temporal e reversible nos primeiros meses do 2012, o recorte presupuestario en orzamentos do SERGAS para o exercicio 2013, obrigou ao complexo Hospitalario de Vigo a diminuír a actividade de devanditos servizos no Sur de Galicia. Iso supón na práctica a irreversibilidade da medida tomada e a perda do Complexo Hospitalario das 300.000 persoas. Poboación necesaria para a eficiencia, consolidación e crecemento de devanditas Unidades e Servizos. Con efectos a partir do 15 de Setembro de 2013, a Consellería de Sanidade do goberno da Xunta, puxo en funcionamento a Instrución 007/2013 pola que se establecen os criterios de Derivación de pacientes entre estruturas organizativas de Xestión Integrada do SERGAS.

Este recorte territorial e poblacional da área de Vigo afecta a servizos da

transcendencia de Ciruxía Cardíaca, Hemodinámica, Ciruxía Plástica, Ciruxía Torácica, Ciruxía Pediátrica e Fecundación In vitro. Se unha medida deste tipo nunca tivo a máis mínima xustificación técnica, agora moito menos, precisamente cando a Xunta de Galicia non se cansa en proclamar de que grazas ao NHV existen todos os recursos necesarios na área capaces de asumir a demanda que antes era imposible. En setembro de 2016, o conselleiro de Sanidade deu 8 meses para decidir sobre a posibilidade de recuperar para a área de Vigo a poboación injustificadamente asignada a área de Santiago. “Cando en 2017 o modelo consolídese será ña hora de dar resposta a todo”, comentou naquel momento o Conselleiro.

En novembro dese mesmo ano, 2017, o mesmo Sr. Almuiña nunha entrevista a un medio de comunicación pospoñía a novembro de 2017 a recuperación da poboación asignada a Santiago, “necesitamos un ano máis e revaluaremos todo”, manifestou o Conselleiro. Malia estes compromisos, o Sr. Conselleiro non dubidou en outubro de 2017 en chegar á descalificación das peticións e opinións vertidas por institucións e colectivos profesionais para a recuperación da poboación considerando que ditas peticións e opinións era “un vello discurso”, algo que vai contra os principios máis elementais e universais de planificación sanitaria e do rigor na asignación, calidade e seguridade dos servizos.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte:

ACORDO:

SOLICITAR DA CONSELLERÍA DE SANIDADE:

1. Que a poboación das áreas sanitarias de Pontevedra e do Salnés volvan ter como referencia para Ciruxía Cardíaca, Hemodinámica, Ciruxía Plástica, Ciruxía Torácica, Ciruxía Pediátrica e Fecundación In vitro as unidades e servizos dispoñibles no Complexo Hospitalario de Vigo, coa dotación orzamentaria correspondente ao Área atender a referida demanda. 2. Que si o conselleiro de Sanidade, por motivos de todos coñecidos e alleos aos principios de Planificación sanitaria, é incapaz política e tecnicamente de afrontar este tema, presente a dimisión por non ser capaz de respectar as súas propias decisións e compromisos.”

DEBATE:

SR. CAYETANO ESCUDERO: Por terceira ocasión presentamos neste Pleno unha moción no mesmo senso, o facemos loxicamente porque as peticións e os acordos aquí tomados en relación a esta proposta, non foron cumpridos nin tomados en consideración polos responsables da consellería de Sanidade, polo tanto, como propoñemos esta moción non só como un recordatorio senón como un deber ético, profesional e como un principio político de primeiro orde en defensa dos cidadáns

de Vigo e en defensa dos profesionais e do progreso e das garantías de seguridade e calidade do sistema público de Galicia na área de Vigo.

Como todos coñecerán dende o ano 2012, a consellería de Sanidade adscribiu ás áreas sanitarias de Pontevedra e do Salnés a Santiago de Compostela para os tratamentos de cirurxía Cardíaca, hemodinámica plástica, torácica, pediátrica, fecundación In Vitro e radioterapia, isto supón retirar 300.000 persoas que tiñan como referencia estes servizos no complexo hospitalario de Vigo, na área de Vigo. Aínda que esta medida se presentou oficialmente como temporal e reversible nos primeiros meses do ano 2012, o recorte orzamentario nos orzamentos do SERGAS para o exercicio do 2013, obrigou ao complexo hospitalario de Vigo a diminuír a actividade di ditos servizos no Sur de Galicia, iso supón a práctica, a irreversibilidade da medida tomada e perda para o complexo hospitalario de Vigo das 300.000 persoas, poboación necesaria para a eficiencia, consolidación, crecemento e garantía de seguridade de ditas unidades e servizos.

Con efectos a partires do 15 de setembro do ano 2013, a consellería de Sanidade do Goberno da Xunta de Galicia puxo en funcionamento a instrución 7/2013, pola que se establecen os criterios de derivación de pacientes entre estruturas organizativas de xestión integradas do SERGAS, este recorte territorial e poboacional da área de Vigo afecta a servizos de transcendencia de cirurxía cardíaca, hemodinámica, cirurxía plástica, torácica, pediátrica e fecundación in Vitro, se unha medida deste tipo nunca tivo a máis mínima xustificación técnica, agora moito menos, precisamente cando a Xunta de Galicia non se cansa en proclamar a que gracias ao novo hospital de Vigo existen tódolos recursos necesarios na área capaces de asumir a demanda que antes era imposible. En setembro de 2016, o conselleiro de Sanidade deu oito meses para decidir sobre a posibilidade de recuperación para a área de Vigo, a poboación inxustamente e inxustificadamente asignada á área de Santiago de Compostela, textualmente dicía: “que cando no ano 2017 o modelo se consolide será a hora de dar resposta a todo”, comentou naquel momento o Sr. Almuiña, nunha entrevista a un medio de comunicación, que propoñía a recuperación da poboación asignada. Necesitamos, dixo posteriormente en novembro, un ano máis e valorarémolo todo, dixo de novo o conselleiro. A pesares destes compromisos o señor conselleiro non dubidou en outubro de 2017 en chegar á descualificación das peticións e opinións vertidas por

institucións, colectivos profesionais para a recuperación da poboación considerando que ditas peticións e opinións eran textualmente, palabras do Sr. Almuiña, un vello discurso, algo que vai en contra dos principios máis elementais e universais da planificación sanitaria e do rigor na asignación, calidade e seguridade dos servizos.

Por todo o cal en nome do grupo municipal do Partido Socialista solicito ao Pleno deste Concello aprobe a seguinte proposta, que a poboación das áreas sanitarias de Pontevedra e do Salnés volvan a ter como referencia para Cirurxía Cardíaca, hemodinámica, plástica, torácica, pediátrica e Fecundación In Vitro as unidades dependentes do complexo hospitalario de Vigo e que se o señor conselleiro polos motivos alleos a súa vontade ou capacidade política ou capacidade técnica non pode xustificalo, que presente a súa dimisión por ter sido incapaz de cumprir os seus compromisos e respectar a súas decisións.

SR. LÓPEZ BARREIRO: Nós imos votar a favor desta moción, dende a Marea de Vigo pensamos que a referencia natural para as especialidades das que se dispón en Pontevedra-Salnés, deberían de ser o hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo por proximidade e accesibilidade. Con todo, falla na moción do Partido Socialista unha referencia explícita á necesidade da integración de Galaria a empresa de xestión privada que xestiona actualmente a radioterapia, medicina nuclear o ped, resonancia magnética, radiofísica, radiofármacos e tamén a cirurxía cardíaca e a hemodinámica de Pontevedra e o Salnés ata que foi traspasada ao CHUS. Se como pide o PSOE de Vigo retorna a referencia estes servizos serán de xestión pública do Álvaro Cunqueiro ou traspasados á privada, Galaria? Habería que sabelo.

Debemos ter en conta que Galaria non só non se integrou como prometeu ou se comprometeu o Sr. Feijóo, senón que se está a reforzar, parece que o xefe de cardioloxía de Galaria xa é o xefe de cardioloxía do hospital Álvaro Cunqueiro, coa intención parece de montar unha área autónoma de xestión clínica vencellada ás empresas tecnolóxicas como General Electric e a Fundación Amancio Ortega que parece de doou os dous últimos equipos de alta tecnoloxía, ademais acaba de aterrizar tamén como non nela Rocío Mosquera, non parece de recibo que siga existindo esta empresa de servizos estratéxicos a pesares da construción no novo hospital que nós venderon como un hospital de primeiro nivel.

A radioterapia e radiofármacos do Ped que é unha tumografía de provisión de prositrons debería de ser xestión pública segundo tódalas recomendacións polo grave risco de seguridade nuclear que implican e a falla de transparencia na xestión e na rendición de contas de Galaria. Por outra banda a dita empresa ten moitos datos sensibles e sobre todo de cancro dos pacientes da área de Vigo a pesares de estar dirixida por unha directiva que foi consultora de Caixanova durante o seu derrube e está vencellada á iniciativa privada.

Por outra banda, segundo os especialistas a actividade intervencionista e de cirurxía de cardioloxía ten sentido planificala en tres zonas, Vigo, Santiago de Compostela e A Coruña, o que non quere dicir é que non se poidan ter actividade tamén noutras áreas. O límite territorial provincial non ten por que ser o criterio de planificación, de feito non o pode ser se se queren ter unidade suficientemente dimensionadas. A calidade da actividade realizada depende de contar con estrutura suficiente, con persoal cualificado e co número suficiente para poder facer rotacións e desenvolver actividades de docencia e investigación, así como o número de actos a realizar que permitan o mantemento e perfeccionamento da calidade profesional. Se as tres unidades estivesen ben dotadas conforme ao criterio que acabo de nomear, debería haber un reparto similar da actividade a realizada para evitar sobrecargas e listas de espera, descoñezo as actividades feitas nas unidades pero pódese ver a través das memorias comparadas dos últimos anos como en Vigo se reduce substancialmente, semella pois que a unidade de Vigo está en situación de retroceso e isto significa empeoramento de calidade e quizais dificultade e imposibilidade de docencia, investigación e contratación, en definitiva, na alta tecnoloxía significa futuro.

Penso que a proposta do PSOE está xustificada na liña de potenciar unha unidade de cardioloxía intervencionista para todo o sur galego, con ambición e posibilidades de ofrecer un asistencia de calidade e unha unidade que permita forma e investigar, aínda así a calidade defendida polos profesionais a pesar da nefasta xestión do SERGAS, dos múltiples recortes levados a cabo pola consellería e digna de alabanza, e dende a Marea de Vigo imos seguir defendendo esa calidade por enriba de calquera atranco que as súas políticas privatizadoras poñan no camiño, agora ben, se a valoración da consellería dependese de Marea de Vigo, probablemente o merecemento sería de petición de dimisión continua, se cesaron

a anterior conselleira pola mala xestión en Vigo pero foi premiada despois coa Xerencia de Galaria, eu non sei que ten Vigo para merecer isto, gustaríame sabelo.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Sr. Rodríguez Escudero, véxoo a vostede con certa desidia xa defendendo ás mocións, en primeiro lugar recoñecendo que o Álvaro Cunqueiro é un hospital público, é verdade, despois de ter debatido moito neste Pleno, e vou comezar polo segundo punto porque vostede pide aquí ademais certas suposicións que si é incapaz, que si non é capaz que o Sr. Almuiña presente a súa dimisión ou pide a dimisión do Sr. Almuiña cousa que non é para nada acaído neste momento, non é para nada do seu estilo e vostede sabe moi ben que isto non é para nada unha moción que teña implícita a dimisión dun conselleiro que realmente está levando o SERGAS, está levando a ordenación da sanidade pública en Galicia con moita dignidade e mellorando as listas de agarda e os orzamentos, porque voulle dar datos Sr. Rodríguez Escudero, o orzamento da OXI en Vigo, vou ir comezar por aí e despois vou ao tema, en 2013 era de 499 millóns de euros, hoxe temos 755,8 millóns de euros e imos falar ademais dos datos de lista de espera en cirurxía cardíaca, que no ano 2008 cando vostede tiña responsabilidades no SERGAS eran prioridade un, 42,48 días, mentres que non 2007 foi de 12,9 días, e prioridade dous era 77,99 mentres que no 2017 foi de 32,4 días, polo tanto, cando as cousas van ben, cando se fai unha cousa provisional pero melloran as listas de espera, cando o servizo de asistencia e mellora eu non sei porque vostede ten que pedir a dimisión, cando hai argumentos sempre imos as dimisións dos conselleiros e nos temos que dicirlle que por suposto non imos a apoiar isto porque dende que o Sr. Almuiña esta ao fronte da consellería de Sanidade mellorou bastante a sanidade pública e ademais se están levando a cabo a ordenación que todos neste comunidade autónoma desexamos nalgún momento cando vostedes incluso estaban gobernando.

O SERGAS ten a competencia e a obriga de ordenar a asistencia da poboación, iso é certo, e ten que basearse ademais nos seguintes criterios, equidade, accesibilidade, efectividade, calidade e seguridade nas prestacións, porque vostede aquí desvía o debate con entrevistas concretas, con frases e isto é xestión da sanidade pública que é un dos mellores bens que temos e exemplo para outras comunidades autónomas e outros países, fomentando na medida do posible o

movemento dos profesionais fronte ao movemento dos pacientes, e voulle dicir unha cousa a proximidade é un criterio moi importante pero non un criterio decisivo, se a asistencia está garantida mellor nun lugar que non sexa o máis próximo teña vostede claro que o paciente é prioritario, xa o temos debatido aquí tamén moitas veces en educación e nós non temos que escondernos para dicir isto, por suposto que o SERGAS ten que garantirlle á cidadanía que os seus problemas de saúde son prioritarios e polo tanto niso é no que se traballa.

Toda esta ordenación é condición indispensable para permitir ademais un correcto desenvolvemento da Lei de garantías que vostede coñecerá moi ben, a e Lei de garantías o que permite é que queda a libre elección en canto ao paciente se fala, que propón vostede, como faría vostede? Quere aumentar as listas de espera tamén, quere volver outra vez ao 2008 cando a lista de agarda e os tempos de espera eran maior en cirurxía cardíaca e noutras especialidades, a verdade é que nos cremos que cando se vaian reducindo as listas cando vaian mellorando o sistema iso non temos por que cambialo, menos aínda pedir a dimisión dun conselleiro que está facendo unha xestión bastante brillante.

A entrada en vigor da Lei de garantías permite a liberdade de elección de centro dos cidadáns para procesos novos, é unha distribución equilibrada, equitativa, como digo de cidadáns de referencia que vai permitir ademais non só que estes pacientes que cambian de referencia sexan atendidos con maior celeridade senón que unha distribución equilibrada é igual a unha maior celeridade na atención e iso é o que estamos a ver, o profundo do fondo deste debate porque vostede pide nesta moción directamente catro frases e aínda por enriba unha dimisión, insisto nós non imos a apoiála.

O impacto do número de pacientes derivados dos novos criterios de derivación é mínimo, vostede sábeo tamén, non vai a representar en ningún caso que ningún paciente da área de Vigo deba desprazarse a outras áreas e representa fundamentalmente que o CHUVI actúe como referencia integralmente para outras zonas en de lugar de selo só para Pontevedra-Salnés.

Vai ter esta medida algún impacto sobre a calidade e a seguridade sanitaria? Si melloralá, é o que estamos a ver, eu quero facer unha reflexión antes de rematar o Sr. Alcalde dixo antes que só temos que ler os xornais para darnos conta do que pasa, iso é o que el quería, hai que profundizar nos temas e cando os vigueses/as

profundizan nos temas e coñecen a realidade e cando realmente se destapa a realidade si só aprendésemos lendo o xornais ao mellor estaríamos nun goberno como o seu que o único que fai é presentar mocións para abrir debates que de nada serve e que ademais non teñen ningunha cabida neste momento no que a sanidade pública galega, sobre todo a de Vigo, está en mellores condicións que hai sete ou dez anos cando gobernaban.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: A verdade é que non esperaba outra cousa, na máis que me lese algo que é incorrecto.

Isto non é unha petición miña nin de este grupo, é un clamor dos profesionais, do colexio de profesionais, das centrais sindicais e por suposto dos cidadáns informados, porque aquí non está en xogo o tema da lista de espera como di vostede, indebidamente, non é iso, está en xogo nada menos que a subsistencia, persistencia, o que está en perigo é a viabilidade de tres servizos de cirurxía cardíaca nunha cidade, eu remítome a datos de planificación sanitaria, non opinións torticeras como as vertidas por vostede, para que haxa un servizo de cirurxía cardíaca ten que haber polo menos 700 intervencións cirúrxicas maiores ano por servizo, sabe cantas ten Santiago de Compostela? 400 a pesar das derivacións que se formularon dende Vigo, sabe canto perdeu Vigo por ese motivo? Case 200, iso significa simplemente que a continuidade do servizo de cirurxía cardíaca está en perigo por un capricho por desviar a poboación a Santiago de Compostela para a priorizala politicamente e sanitariamente ao hospital que non ten poboación necesaria para manter os servizos de cirurxía cardíaca e hemodinámica, non ten polos principios de planificación universais e para alimentar os caprichos de profesionais do hospital, inducidos politicamente, se derivaron 300.000 persoas da Area de Vigo e de Pontevedra para alimentar indebidamente servizos que non teñen capacidade nin viabilidade de futuro, para vestir un santo desvestiron a outro e nin sequera o conseguiron.

Polo tanto, un servizo de menos de 700 cirurxías está en perigo de erradicación dese hospital e polo tanto, este hospital de Vigo que era dos mellores servizos de cirurxía cardíaca con garantía, e o é, e o é gracias aos profesionais e está en risco precisamente porque vostedes os puxeron e eu pido a dimisión do Sr. Almuiña porque é incapaz de afrontar as súas propias promesas e compromisos de respecto

ao tema da área, si el as cumpre, ninguén vai pedir que dimita pero se el incumpre os seus propios compromisos e revisións e o seu compromiso cos profesionais, co Colexio de Médicos, cos cidadáns pois entón loxicamente terei que pedir no nome do grupo e no nome dos cidadáns de Vigo que lexitimamente representa unha parte proporcional moi importante neste Concello a dimisión do Sr. Almuiña e calquera político que sexa nese senso.

(No momento da votación preside o 1º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández, por ausencia do Presidente).

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Gago Bugarín e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.04.2018 (Rex. Nº 1752/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

9(65).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucíons da Alcaldía incluídas no expediente 329-1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

10(66).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucíons dos concelleiros delegados incluídas no expediente 330-1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

11(67).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 10.04.2018, POLA QUE SE DEIXA SEN EFECTO DETERMINADAS ATRIBUCIÓNS DELEGADAS NO CONCELEIRO DE DEPORTES E SE DELEGAN OUTRAS NOVAS. EXPTE. 323/1102 (REXISTRO PLENO 1741/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 10.04.2018, transcrita a continuación.

“Por Resolución desta Alcaldía de data 19 de xuño do 2015 levouse a cabo a estruturación das áreas executivas e/ou materiais dirixidas polos señores e señoras concelleiros e concelleiras do Goberno municipal, e a conseguinte atribución xenérica de competencias. En virtude da dita resolución creouse, entre outras, a Área de Deportes e atribuíuse ao seu titular a dirección/xestión, organización/planificación e coordinación da actuación na área coa finalidade de acadar os obxectivos previstos.

Existindo unha serie de proxectos que, pola súa natureza e o seu carácter transversal, requiren dunha delegación especial e, considerando por tanto que, en canto á competencia, correspóndelle ao concelleiro de Seguridade a autorización de calquera ocupación temporal por terceiros do sistema viario municipal en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local do 19/06/2015, e informar a celebración de eventos deportivos, obxecto de regulación no Anexo II do Regulamento Xeral de Circulación (Resolución Alcaldía do 19/06/2015), de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e, no exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal ostenta esta Alcaldía ex artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar a Resolución desta Alcaldía de data 12/01/18, pola que se delegaron no concelleiro de Deportes determinadas atribucións que se deixan sen efectos e, considerando os antecedentes expostos, delegar no concelleiro de Deportes a coordinación da actividade deportiva municipal cos clubs e entidades deportivas existentes no municipio.

Segundo.- Esta delegación de atribucións, de conformidade co sinalado no artigo 44 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, terá efectos dende o día seguinte ao da data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín oficial da Provincia, rexéndose pola normativa de aplicación.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice para o seu coñecemento.

Cuarto.- Ordenar a súa publicación na rede Intranet ao obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas; na sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo (art. 6 LTBG)."

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

MOCIÓNS.

12(68).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN DE VIXILANCIA DA CONTRATACIÓN, DESIGNACIÓN DOS SEUS COMPOÑENTES E RÉXIME DE FUNCIONAMENTO, ASÍ COMO OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1749/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de abril de 2018, número 1749/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo aprobado en data 30.05.2016 e publicado no BOP o 15.06.2016 dispón no seu artigo 34 as Comisións obrigatorias entre as que se designa como tal a Comisión de vixilancia da Contratación. En canto a ela dispón o citado regulamento que é o órgano de vixilancia da actividade contractual da Administración municipal, e o seu obxeto é garantir a aplicación efectiva dos principios de publicidade, libre concorrencia, obxectividade e eficacia na contratación pública.

A devandita comisión nen sequera se ten constituído ao longo do presente mandato nin nos anteriores mandatos dende que goberna Abel Caballero, supoñendo esta actitude un claro exemplo da falta de transparencia coa que se dirixe esta cidade e en particular os procedementos de contratación municipal.

Así nos atopamos que o 96% dos contratos que celebrou este Concello no ano 2017 se tramitan pola figura do contrato menor, sen publicidade nin concorrencia, o que supuxo o pasado ano máis de 2.200 contratos adxudicados con unha absoluta falta de transparencia.

Mesmo o Consello de Contas, no seu informe de fiscalización calificaba a contratación do Concello de Vigo do seguinte xeito *“la contratación administrativa se configura como el área de riesgo de la gestión de la entidad.”*, concluíndo expresamente *“En el ayuntamiento de Vigo puede haberse incurrido en supuestos de infracciones graves o muy graves, cuando sean culpables, por la realización de gastos con omisión de fiscalización previa en los ejercicios 2014 y 2015”*

Tamén hai que recordar as reiteradas peticións do nos grupo municipal, deliberadamente omitidas polo goberno municipal, respecto a necesaria realización de auditorías das principais concesionaria de contratos de servizos da cidade, de xeito que os vigueses non teñan dúbidas de como se esta xestionando o diñeiro público do Concello

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte acordo:

- Instar ao Goberno municipal á constitución da Comisión de vixancia da contratación, a designación dos seus componentes así como o réxime de funcionamento da mesma para que poida iniciar os seus traballos a maior brevidade.
- Instar ao goberno municipal a realización das auditorías contables e de funcionamento das concesionarias municipais e publicación dos seus resultados.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Traemos esta moción aquí porque estamos no Pleno de Vigo e porque queremos falar de Vigo e dun problema e dunhas dúbidas crecentes que se están xerando sobre a contracción do Concello de Vigo, dúbidas crecentes sobre prácticas dende logo, como mínimo, moi cuestionables, posibles amigos, posibles contratos dirixidos, intentos de esquivar a entrada en vigor dunha lei que ten máis esixencias acelerando contratacións, denuncias, informes duros do Consello de Contas, denuncias incluso de sindicatos independentes, en definitiva un conxunto de dúbidas e de problemas que neste momento e cada día máis poñen en tela de xuízo a contratación e sobre todo algo moi importante, como se está a utilizar os cartos de tódolos vigueses/as e por iso queremos traer novamente este problema que para nós é grave ao Pleno do Concello porque cremos que é fundamental e que é urxente, en primeiro lugar que se clarexen esas dúbidas porque o feito que no ano 2017, o 96% dos contratos que fixo este Concello foran contratos menores, que son contratos dirixidos, que son contratos a dedo, que son contratos sen publicidade e sen concorrencia o 96% dos contratos, 2.212 contratos menores, dende logo é unha práctica canto menos cuestionable e que xera moitas dúbidas sobre se se están dirixindo de forma deliberada a determinados adxudicatarios, porque ademais animo a tódolos vigueses a ver na páxina web que están colgados e que vexan como eses adxudicatarios se repiten ano tras ano, pero tamén dúbidas de contratos porque hai sorprendentes coincidencias e as coincidencias ás veces teñen xustificación pero outras non, e a realidade é que o 75% das adxudicacións das obras que se adxudicaron o ano

pasado foron a 5 empresas, se temos en conta que o señor concelleiro de Fomento, o Sr. Regades saíu dicindo a cantidade de licitadores que se presentaban aos concursos aínda máis dúbidas porque se hai entre 15 e 20 empresas que se presentan sempre son as 5 mesmas as que son adxudicatarias, pero tamén dúbidas de que se esquivan a lei, a entrada en vigor da nova lei que esixe maiores contratos e un dato moi claro, en 7 días catro Xuntas de Goberno extraordinarias e licitados tantos contratos como case a metade de toda a contratación do ano 2017, a fixeron vostedes en 7 días e en catro Xuntas de Goberno, esa é a realidade, xustamente a semana anterior á entrada en vigor da nova Lei de contratos que fixo este goberno, o do Partido Popular para estremar o control, a transparencia e a vixilancia sobre a contratación pública, polo tanto, moitas dúbidas pero a esas dúbidas se viñeron a sumar un informe extraordinariamente grave do Consello de Contas de Galicia, e isto non o di o Partido Popular, dio o Consello de Contas de Galicia que textualmente no seu informe di “a contratación administrativa se configura como o área de risco da xestión da entidade do Concello” e moito máis, di “no Concello de Vigo pode incorrerse en suposto de infraccións graves ou moi graves cando sexan culpables pola realización de gastos coa omisión da fiscalización previa nos exercicios 2014 e 2015” dúbidas que sementa e afirmación que fai o Consello de Contas que non as fai o Partido Popular, polo tanto, máis dúbidas. E si por isto fora pouco, hai uns días coñecíamos por un medio de comunicación unha denuncia que fai un sindicato independente do Concello que acusa de que hai fundadas sospeitas de que as fichas de descrición dun contrato do vestiario da Policía Local están feitas para que sexan adxudicadas a unha empresa en concreto e que van ir a un notario para que tomen nota para unha posible demanda por prevaricación, mire, isto é grave señores do goberno municipal e isto esixe explicacións claras e contundentes, non descualificacións á oposición, non insultos, non dicir que non traballamos, teñen que traballar vostedes e clarexar estas dúbidas porque mire non imos as Mesas de Contratación porque non queremos ser cómplices das súas prácticas porque non queremos a unha Mesa cando temos a documentación o día anterior sen tempo nin material para analizala xuridicamente en profundidade que é como se fan as cousas, con seriedade e con rigor e non imos a ir ata que non se nos dean garantías e porque hai cumprir a lei, tamén vostedes teñen que cumprir a lei aínda que teñan maioría

absoluta e a lei di que teñen que constituír a Comisión de Vixilancia de Contratación e iso é o que vimos a pedir hoxe neste Pleno, que se aprobe a constitución de forma inmediata e urxente dunha Comisión que controle que di a lei que ten que controlar os contratos do Concello de Vigo, se non hai nada que ocultar, espero que aproben esta moción e que a constituían, se non hai nada que ocultar.

PRESIDENCIA: Si que é moi interesante, antes de darlle a palabra ao grupo de Marea de Vigo, estamos todos gardando absolutamente silencio nas intervencións porque eu creo que esta moción merece a pena que todos nos escoitemos, entón pedimos que a tódolos grupos se lles respecte da mesma forma que se lle respectou ao Partido Popular.

SR. PÉREZ CORREA: Estamos de acordo con esta moción, e estamos de acordo no contido e na forma, matizaríamos algunha cuestión sobre como se facía a contratación pública tamén neste Concello antes, porque cremos que non é un tema exclusivamente desta lexislatura e creo que é un problema serio non só de como se fai a contratación senón de como se audita, nós estamos dispostos a traballar máis, a adicar xornadas enteiras de debate con instrumentos de control da contratación pública, nós estamos dispostos a que haxa máis mecanismos e máis instrumentos para auditar, emitir informes e levalos ao Pleno, polo tanto, que non quere traballar aquí serán os que voten en contra desta moción, porque unha cousa é unha Mesa de Contratación, habilitada pola Lei de contratos públicos e outra cousa son os mecanismos que un Pleno, cunha administración local e os mecanismos incluso de control, democrático e de transparencia dos que nos queremos dotar, a Comisión de Seguimento da Contracción nalgún momento se propuxo retirala do Regulamento do Pleno, nós sempre dixemos que tiña que estar que era unha comisión obrigatoria, finalmente figura no Regulamento orgánico do Pleno, polo tanto, non é ningún chiringuito como dixo o concelleiro o Sr. Regades, é algo que figura no Regulamento e non entendo por que nin este goberno nin os anteriores, unha responsabilidade colectiva dos gobernos que foron pasando por aquí, non habilitaron de maneira prioritaria esa Comisión, que ten para nós o mesmo carisma transcendental que ten a Xerencia de Urbanismo, que ten a

mesma consideración, xa sei que o tema da Sra. Cifuentes parece é un tema interesante pero démoslle un pouco de senso porque as veces hai roubos que soben moito máis que dúas botes de crema, as veces hai roubos que teñen que ver moito con iso da contratación pública, chámanse “as mordidas”, “sobres por debaixo da mesa” que dan moitas empresas nos procesos de contratación, polo tanto, seriedade con isto porque nos xogamos os recursos públicos dos veciños/as de Vigo. Si que queremos esa Comisión e a maiores nós propoñemos ao Partido Popular unha engadida que a nós nos parece interesante que é moi ben, os grupos municipais que temos un criterio partidista, partidario, subxectivo ao mellor utilizamos ou se pode entender ou alguén entende que nos partidos cando están din unha cousa e cando non están din outra, teñen os seus provedores, cando están no poder ou cambian cando entra outra forza política, ou hai mecanismos que antes eran contratos de libre concorrència e logo son contratos adxudicados pola vía dos contratos menores que afortunadamente van ser modificados?, digo das poucas cousas interesantes que van desaparecer en gran parte da administración local; pois nós dicimos que busquemos incluso outro mecanismo máis de control para que entre diferentes mecanismo de control poidan traballar na auditoría, que nós non imos presumir nada, nós o queremos é que haxa un mecanismo de control, que posiblemente o mecanismo de control di que toda a contratación está perfecta, pero nós queremos que haxa ese mecanismo, ese mecanismo funciona xa nalgunha cidade, un observatorio municipal, ademais da comisión de contratación, ademais das Mesas de Contratación, un observatorio municipal que non é un órgano do Pleno pero si no que participan e a estamos a poñer incluso quen pode participar, por experiencias que temos doutros compañeiros noutras cidades, os Comités de Empresa das concesionarias máis importantes da cidade, as seccións sindicais do Concello, o Comité de empresa do Concello, as asociacións de consumidores e usuarios, temos varias nesta cidade, o movemento veciñal e que tamén teñan a capacidade de collendo o prego e collendo o servizo facer un informe, porque creo que son maduros e suficientemente capacitados a sociedade civil para tamén saber se os pregos se van cumprindo a medida que hai iso enriba da mesa.

Polo tanto, nós propoñemos que se faga esa comisión, que esa comisión funciona en concellos perfectamente, tódolos contratos emiten un informe e o informe se

eleva ao Pleno, pero a maiores pedimos que tamén a cidadanía e o tecido asociativo e obviamente os representantes lexítimos dos traballadores/as das concesionarias do Concello tamén poidan dicir algo, porque nos temos atopado a comités de empresa dicíndolle a nós, ao Pleno, “señores que teñen vostedes unha concesionaria que está incumprido o prego” e non pasou absolutamente nada, e houbo que ir incluso a momentos de mobilizacións moi brutais porque había unha desleixo de funcións por parte do goberno local de auditar.

Polo tanto, estamos de acordo e non entendemos porque levamos xa case tres anos de lexislatura e non se ten habilitado esa comisión que é obrigatoria e tampouco entendemos cal é o medo a facelo? E unha comisión que emite un informe, vostede van seguir tendo unha maioría cualificada no Pleno para incluso tumbar eses informes pero queremos que polo menos a saúde e taquígrafos sobre o problema da contratación pública deste Concello que fixo que a oposición se fora das mesas, non pasou en ningún concello deste país.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade é que a este goberno o que máis lle gusta é falar de contracción porque somos o único goberno de Galicia por non saír de Galicia, que pode presumir de facer a contracción máis pulcra porque claro que os señores de Marea de Vigo nos digan como se fai a contracción cando onde goberna fano todo por convalidación, levantando os reparos dos interventores, como xa lle dixemos noutros Plenos co cal non me quero repetir, entón eu a verdade é que se fai referencia ao Consello de Contas e ao informe do ano 2014-2015, eu quero traervos aquí o informe de fiscalización do Consello de Contas da Deputación de Ourense, Partido Popular, naquel exercicio, da Deputación de Pontevedra, Partido Popular naquel exercicio, Concello de Santiago de Compostela, Partido Popular naquel exercicio, Concello de Ourense, Partido Popular naquel exercicio, e Concello de Vigo, ao rematar a intervención de forma inmediata llo facilitarei aos medios de comunicación, pero de forma inmediata, porque eu creo que as mentiras hai que intentar acabar con elas dunha forma acelerada.

A Sra. Muñoz díxonos, moi graves, tres veces lendo unha frase e o que dicía a frase é que “pola contratación configura como área de risco na xestión da entidade con utilización de acordos”, vemos que esta frase a frase que di a Sra. Muñoz a podemos atopar nos catro informes porque foi unha frase tipo que puxo o Consello

de Contas no exercicio 2014-2015, onde puxo en tódolos concellos “configurarase a contracción administrativa como á área de risco da xestión da entidade”, esa frase tan alarmante que nos dixo moi grave tres veces, pois a atopamos na páxina 25 do Consello de Contas no Concello de Santiago de Compostela, na páxina 20 do Consello de Contas do Concello de Ourense, a atopamos tamén na Deputación e no Concello de Vigo, non a atopamos saben en onde? Na Deputación de Ourense e saben por que? Porque o informe de contas o que nos di é falla de colaboración pola Deputación de Ourense, é como governa o Partido Popular, falla de colaboración, non entregou os informes co cal nos din non podemos informar porque non temos os informes, todos estes informes ímosllos dar a tódolos grupos porque din cousas moi interesantes, din cousas como no ano 2014-2015 o Concello de Vigo non fai ningún acordo que sexa contrario a un reparo formulado pola Intervención, non hai ningún expediente que teña un informe en contra nin do interventor/a, nin do secretario/a, parece razoable, dirán por que o Tenente Alcalde do Concello de Vigo presume diso se é normal? Pero en Ourense onde non gobernaba o Partido Socialista nese exercicio no 2014 tiñan un 1.744.000 con informes desfavorables do Interventor e en Ourense no ano 2015, 4.180.000 euros con informe desfavorable do interventor e en Santiago de Compostela onde gobernaba aquel goberno do Partido Popular que case acaban todos na cárcere, pois no ano 2014, 369.000 euros, con informe desfavorable do Interventor, e no ano 2015 nada máis e nada menos que máis de 8.000.000 euros, así é como governa o Partido Popular, datos que veñen reflectidos neste Informe de Contas, Concello de Vigo cero, tódolos informes favorables, concellos do Partido Popular e Deputacións do Partido Popular se atopaban nesta situación, pero claro o Concello de Vigo presume e non vale que o diga o Alcalde, que fai moi ben presumir diso senón que o di o órgano de transparencia internacional, de que somos o Concello máis transparente, por iso estamos moi orgullosos de vir aquí a falar de contratación e no índice de transparencia dos concellos, aparece o Concello de Vigo cunha puntuación sobre 100 de 98,8 puntos, o de Santiago de Compostela 91 puntos, o de Ferrol 83 puntos o de A Coruña 83 puntos, o de Pontevedra 78 puntos e o de Ourense 71 puntos, unha media de 15 puntos por debaixo do Concello de Vigo, que orgulloso está este Alcalde, que orgullo está este goberno da transparencia, porque a transparencia é fundamental, e claro se imos á media xeral é de 92%

mentres Vigo está nun 95%.

E cando a Sra. Muñoz nos fala das adxudicacións das obras e nos di as obras do Concello de Vigo as levan un número reducido de empresas, non, cando eu dixen, e díxeno en público e ante os medios de comunicación, o Concello de Vigo é ao concello que máis empresas se presentan, tamén podo dicir máis, e dixen máis, o Concello de Vigo segundo un informe emitido pola Asociación de Construtores de Galicia somos o concello que máis empresas participan na contratación, empresas contratadas, a min paréceme misterios da Xunta de Galicia, a min me parece un misterio que unha obra como a obra da Cidade da Xustiza só se presentaran 3 empresas, paréceme un misterio, e máis misterio aínda que a mesma empresa que foi seleccionada e gañadora dese concurso de tres empresas, que concurrencia é esa, pois acaba de gañar a gran obra da reforma de San Caetano, que casualidades ten o Partido Popular, seguramente o señor de Marea de Vigo cando falaba de sobres serían os sobres de Bárcenas do Partido Popular e da contratación do Partido Popular, porque o Partido Socialista e o goberno desta cidade é pulcro, pero como as cousas teñen que ser obxectivas e todo ten que estar colgado no perfil do contratante, voulle a dicir as últimas obras adxudicadas polo Concello de Vigo que están publicadas no perfil do contratante e temos unha obra contratada, das últimas obras voulle a ler por correlación que están no perfil do contratante, COPASA, Misturas, ORECO, Civis Global, Prace, Xestión Ambiental, COPESA, Montajes Iglesias, SEAPSA, Schneider, Misturas, Cobisan, ORECO, ORESA, COPSA, eu se me din que só hai cinco empresas, estes son contratos públicos están colgados na páxina web do Concello. Eu digo máis, este Concello e este goberno va ser sempre partidario e aberto a tódolos controis de contratación, no ano 2007 este goberno se presentaba dicindo que tiña os petos de cristal, doce anos despois seguimos dicindo que temos os petos de cristal e podo falar de contratación ata mañá pola mañá, calquera dos membros deste goberno, a ver se o mesmo o pode facer o Partido Popular ou Mareas onde goberna, nós si, entón non lle imos ter medo e coa maioría que temos, a constituír as comisións que fagan falla, agora si tamén lle esiximos ao Partido Popular e a Marea de Vigo porque nos están a esixir unha serie de información que nós xa temos colgada na páxina web, por certo, pero o que pasa cando Marea de Vigo di que está disposto a traballar, non sei, cando nos fai a solicitude dalgunha información e vemos que esa información está

colgada na páxina web, non sei como está disposto a traballar.

Entón si dicimos que nós estamos dispostos a crear esa comisión pero cremos tamén que hai que facer unha emenda "in voce" que o Partido Popular participe nas Mesas de Contratación, que é o órgano máximo en tódalas administracións de transparencia e contratación onde están absolutamente tódolos informes dos técnicos municipais e dígolle máis, dígo eu e o di o Consello de Contas, este Concello a diferencia doutras administracións gobernadas polo Partido Popular ou Mareas, tódolos expedientes que aproba son sen reparo, sen informe desfavorable, nin do Interventor, nin da Asesoría Xurídica.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Di vostede que é un goberno que di que ten os petos de cristal, pero é que non só hai que dicilo Sr. Regades, hai que demostralo con probas e con feitos e o como non se demostra e como sempre fan vostedes, como lles fallan argumento comezar a falar que si a Deputación de Ourense, de Pontevedra, que si o Concello de Santiago de Compostela, o Concello de A Coruña, non, se equivocan estamos a falar do Concello de Vigo e vostedes como goberno teñen que dar explicacións do que se fai no Concello de Vigo porque xa estamos demasiados acostumados, agora nos explicamos porque vostedes non son capaces de executar o Orzamento porque se pasan o día facendo oposición da oposición e buscando fora o que son incapaces de explicar dentro, non contestou nin a unha soa das preguntas que lle fixen, nin a unha soa das dúbidas que lle propuxen sobre esta contratación que ademais vostede é o máximo responsable, por que utilizan os contratos menores como forma habitual de contratación sen publicidade e concorrência, o 96% dos contratos, por que o 75% dos contratos que adxudicaron o ano pasado foron as cinco mesmas empresas? Por que aprobaron en sete días en catro Xunta de Goberno Local máis contratos que no ano 2017? Por que o Consello de Contas lles está a dicir que é unha área de risco? Porque non me importa que sexa un área de risco noutros sitios, impórtame en Vigo, porque en Vigo están a utilizar vostedes os cartos dos vigueses, os impostos máis altos de Galicia pagámoslos en Vigo e vostedes teñen que dar explicación do que fan con eles, por tanto, o que teñen que facer é dar esas explicacións e non deu vostede aquí nin unha soa explicación, os seus concursos están cheos de recursos aos tribunais de recursos, están cheos e os perden sistematicamente, ata lles obrigaron a cambiar

de adxudicatario, o último o da Praza de Portugal, vostedes o adxudicaran a un e o tribunal lles dixo que teñen que adxudicarllo a outro, é que están cheos de dúbidas que poñen os tribunais responsables e os tribunais que saben de contratación, e miren, o Partido Popular estará nas mesas cando esas mesas teñan garantías, Sr. Regades, cando se dea información en tempo e en forma e cando non se dean no último minuto se convocan no último segundo para intentar que vaia todo moi rápido e que un non se decate de nada, non, así non traballa o Partido Popular, así traballan vostedes e aos feitos nos remitimos, alégrome que me diga que imos constituír a Comisión de Vixilancia da Contratación, alégrome moito que a constituían e que funcione realmente para facer un seguimento dos contratos, porque insisto cando non se ten nada que ocultar se da toda a información, cando non se ten nada que ocultar se fala de Vigo, non de Galicia, España, de Europa, do que sexa, non, de Vigo e vostedes non queren falar de Vigo, vostedes queren falar doutras cousas e iso non fai senón incrementar as dúbidas que neste momento os vigueses teñen de como se está utilizando os seus cartos.

PRESIDENCIA: A verdade Sra. Muñoz, eu que eu lle teño moito aprecio e quero que siga moito tempo de voceira, senón podería dicirlle unha cousa, podería retar dunha forma, vostede acaba de dicir aquí neste Pleno ante a opinión pública entre os medios de comunicación que este Concello ten ditames desfavorables dende o Consello de Contratación, vostede di iso e eu lle digo, o 90% de tódalas reclamacións que nos fixeron ao Tribunal Administrativo Central son favorables e vostede nos di que son desfavorables, entón se eu minto dimito eu e se minte vostede dimite vostede, pero eu non lle vou facer este reto sabe por que? Porque eu quero que vostede sega aí moito tempo, entón por iso non lle vou facer ese reto, pero voulle demostrar a toda a opinión pública, a tódolos vigueses/as que o eu digo é verdade e o que vostede di é mentira e lle podería dicir máis, tamén dixo que as Mesas de Contratación se convocan sen forma e sen tempo, e lle digo que máis do 90% das Mesas de Contratación deste Concello, por non dicir o 100% porque me parecería moi ousado, se cumpre o prazo de presentación de convocatoria e as ordes do día, e son dous retos que eu non vou admitirlle ou neste caso vou retarlle porque eu quero que siga aquí de voceira, liderando o Partido Popular pero que si vou a desmentir ante os medios de comunicación con

informes técnicos escritos e non escritos por este Concello, non palabras valeiras dun concelleiro/a, vouno facer con datos técnicos porque xa está ben de mentir.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Aceptamos a emenda que presentou Marea de Vigo para crear ese observatorio para incluír dentro da moción.

PRESIDENCIA: Dime o secretario que ao aceptala se vota conxuntamente, non hai que ditaminar a engádeda do grupo de Marea.

PRESIDENCIA: Eu creo que na parte expositiva o grupo socialista explicouno perfectamente, imos a constituír e a convocar tódalas comisións que fagan falla, pero esta non, 100 se fan falla pero non estamos de acordo nin coa exposición de motivos nin estamos de acordo coa desvergoña do Partido Popular probada en feitos, iso que vostede dixo moi grave tres veces, que eu acaba de entregarlle aos medios de comunicación xa, eses informes onde di que foi unha frase feita que estaban tódolos informes do Consello de Contas, en todos menos na Deputación de Ourense porque xa lle digo que non se presentou.

No transcurso do debate, o voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, presenta a seguinte emenda de engádeda:

“Instar ao goberno municipal á creación dun Observatorio Municipal da contratación pública, onde participarían os grupos municipais, as seccións sindicais do Concello, os comités de empresa das grandes concesionarias públicas e mesmo o tecido veciñal e asociacións de consumidores e usuarios, cun regulamento de funcionamento e que sirva para ter un organismo plural e partidario de seguimento do grado de cumprimento dos pregos de concesión.

Ao seren aceptada a anterior emenda de engádeda pola relatora da moción, Sra. Muñoz Fonteriz, a Presidencia somete a votación a moción coa emenda de engádeda incluída.

(No momento da votación preside o 1º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández, por ausencia do Presidente).

VOTACIÓN: Con seis votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Gago Bugarín, e Muñoz Fonteriz e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e doce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 20.04.2018 (Rex. Nº 1749/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

13(69).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A PARALIZAR A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MAIOR DE OBRAS DE REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN NO BULEVAR DA GRAN VÍA, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1750/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de abril de 2018, número 1750/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Corría o ano 1910 cando a corporación municipal de Vigo comezou a planificar un proxecto que, xa entón, semellaba clave no devir histórico da nosa cidade: a Gran

Vía.

Foi ese mesmo ano cando o enxeñeiro Ramiro Pascual presentaba o seu proxecto de ensanche, nun plano no que figuraba tanto o trazado da rúa como a urbanización dos arredores do Castro. Un punto de partida ao que, durante 35 anos, se foron incorporando achegas que concluíron, en 1945, na inauguración da Gran Vía viguesa. Símbolo, desde entón, da nosa cidade, no que xa a prensa resaltaba as súas “dúas calzadas para o tráfico e unha beirarrúa central de descanso, dotada de árbores e bancos”.

Desde entón teñen pasado máis de 73 anos; preto de tres cuartos de século; máis de 26.600 días coas súas noites; e moitísimas xeracións de vigueses orgullosos dese gran bulevar central, arborado e característico, que ten visto medrar Vigo ao seu redor.

Sobre el artellouse unha cidade moderna e de futuro. Pero sempre en positivo, sen destruír o existente, e sumando novas achegas como a escultura dos Redeiros.

Ata agora. Ata este goberno socialista de maioría absoluta e maiormente absolutista, que parece disposto a romper con todo; a non deixar nada da nosa Gran Vía; a arrincar árbores, bulevar, beirarrúas e esculturas para cumprir os supostos sonos de grandeza do alcalde.

Algo para o que se ten saltado a lei, ignorando a obriga legal de pedir autorización a Patrimonio, o que pon en risco mesmo os fondos europeos asignados ao proxecto; e, sobre todo, para o que ten dado as costas aos veciños, desprezando os seus pareceres e ignorando as súas voces.

Esta actitude do goberno levou aos veciños da Gran Vía e de toda a cidade a mostrar a súa oposición ás formas coas que o goberno municipal pretende levar adiante este proxecto organizando unha marcha pola citada rúa que tivo lugar o pasado sábado 14 de abril. Mesmo tamén o autor da escultura dos Redeiros que se atopa ao inicio da Gran Vía amosou a súa sorpresa por non ter sido consultado polo goberno sobre o traslado dunha escultura creada especificamente para o espazo no que se atopa.

A maiores o empecinamento do goberno en levar a cabo unha tala masiva e inxustificada das árbores da Gran Vía que o mesmo autor do proxecto recolle na memoria que se debe unicamente a un criterio de aforro polos costes xerados nas podas xerou unha oposición importante na cidadanía.

Pese a todo, desde este grupo municipal entendemos que aínda estamos a tempo; que aínda se pode escoitar aos veciños; que aínda cabe a posibilidade de respectar un dos nosos emblemas; que aínda, en definitiva, hai tempo para repensar o proxecto da Gran Vía construíndo sen destruír.

Esta non é unha obra calquera. O bulevar da Gran Vía é un emblema de Vigo; os Redeiros son un emblema de Vigo; o paseo de árbores é un emblema de Vigo. Este é un proxecto tan importante que só se pode e se debe afrontar desde o máximo consenso social. E iso pasa por saber escoitar a voz da rúa.

O Vigo do século XXI, como o Vigo do século XX que nos legaron os nosos avós, non se pode erguer destruindo a historia que nos ten conducido ata aquí.

Por todo o exposto, e á vista dos feitos relatados, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte os seguintes acordos:

- Instar ao Goberno municipal a cumprir coa legalidade vixente, solicitando a pertinente autorización de Patrimonio para non por en risco os 9 millóns de euros de fondos europeos asignados a este proxecto.
- Instar ao Goberno municipal a aproveitar este erro para repensar o proxecto da Gran Vía, escoitando as demandas veciñais e respectando o actual bulevar central, un dos emblemas históricos de Vigo.
- Instar ao goberno municipal a paralizar a adxudicación do contrato maior obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua mentres non se cumpra coa lexislación vixente e non se acade un acordo cos veciños e veciñas.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Agora imos falar doutra moción que presentou o grupo municipal, que presentamos dende o Partido Popular, para nós non menos importante da que acabamos de debater sendo xa extraordinariamente importante a que acabamos de debater porque ten moito que ver cos cartos públicos e aí se viu claramente cal é a posición de cada un dos grupos. Pero neste caso estamos a falar dunha moción de gran importancia porque non afecta a calquera sitio de Vigo, non, afecta a un emblema para tódolos vigueses e para tódalas viguesas, un emblema que tivo o seu nacemento en 1945 coa inauguración da Gran Vía viguesa que dende entón, dende ese ano, se converteu nun auténtico símbolo da nosa cidade, un símbolo que segue permanecendo a día de hoxe 73 anos despois e polo que pasaron moitas xeracións de vigueses que se senten orgullosos da súa Gran Vía, que se senten orgullosos dos emblemas da Gran Vía, que se senten orgullosos de pasear polo bulevar da Gran Vía, gozar da arboreda, de ver como se mellorou cunha escultura que tamén representa moito a Vigo e aos vigueses, como é a escultura dos redeiros, que representa o traballo dos traballadores do Mar, porque Vigo é unha cidade do Mar, creceu co Mar e merecía tamén que se fixera unha

homenaxe e esa escultura dende logo é un gran homenaxe ao Mar e aos traballadores do Mar.

Polo tanto, unha Gran Vía que é un buque insignia da nosa cidade e que dende logo non se pode tratar como calquera outra rúa de Vigo porque é parte da nosa esencia, dende logo así vémolos dende o Partido Popular e o que non entendemos é como hai unha decisión unilateral do goberno municipal para destruír parte da nosa historia, porque o que se quer é destruír parte da nosa historia, en primeiro lugar destruíndo un bulevar que é único en toda España e ao redor do cal se foi construíndo os edificios que agora están catalogados por Patrimonio, que supón tamén a destrución, a tala masiva e indiscriminada e inxustificada de árbores que tamén son parte da nosa cidade e parte da nosa historia e que foron testemuñas dese crecemento da nosa cidade, nada máis e nada menos que 128 árbores pretenden facer desaparecer, un arboricidio en toda regra que non é máis que a continuidade do que están a facer por todo Vigo, que están a eliminar árbores centenarios por arboriños que custan moito mantelos, si claro ten que gañar a empresa concesionaria de Parques e Xardíns. Tamén que supón destruír e trasladar cara ningunha parte, porque non sabemos a onde, unha estatua que como dicía tamén é un emblema de Vigo, a estatua dos redeiros.

Polo tanto, supón destruír parte da esencia da nosa cidade e destruír de forma unilateral, sen consultar con ninguén porque este goberno así entende o exercicio da maioría absoluta, entende dende o porque eu o digo, porque eu o mando, non quero escoitar a ninguén, non quero escoitar o que digan os veciños, nin o que diga ninguén máis que os que me aplauden constantemente. Pero é que o problema aquí é que hai un elemento adicional a todo o que acabamos de dicir, e é que aquí se estivo incumprindo a lei e se incumpre a lei cando se aproba un proxecto sen pedir e sen ter unha autorización que a lei di que é obrigatoria porque a Lei de Patrimonio e tróuxena aquí por se queren vostedes revisala, porque parece que se esqueceron dela, non, non se esqueceron dela, resulta que parecía que se esqueceran pero non porque pediron un informe que dixeron que non facía falla curiosamente, pero este proxecto necesitaba a autorización de Patrimonio porque non temos Plan Xeral, porque afecta a zonas de edificios catalogados e polo tanto, están vostedes tamén incumprido a lei, poñendo en risco 9 millóns de euros que temos asignados de fondos europeos, 9 millóns de euros

nada máis e nada menos que se poderían utilizar para facer algo tan sinxelo como construír, porque queremos construír o Vigo de futuro, por suposto, porque queremos mellorar a mobilidade en Vigo, por suposto, pero o que non queremos é construír destruindo o que nos trouxo ata aquí, e o que lle pedimos e lle pedimos de verdade con toda a boa intención é que reformulen este proxecto que o repensen que contén con todos e que todos da man fagamos o Vigo do futuro, respectando o que nos trouxo ata aquí e o que nos fixo orgullosos de sentirnos vigueses.

SR. PÉREZ CORREA: Nós queremos ler unha parte do proxecto que vostedes presentaron aos fondos EDUSI que finalmente a Unión Europea entendeu que eran fondos que poderían ser asimilables ao criterio de accesible e medioambientalmente sostible, cousa que nós poñemos en dúbida, que fala “dunha estrutura acristalada en forma de pentágonos irregulares que cambian de cor” home sabendo que xa nos anos 90 esa era unha zona de afters seguramente a xente agradecería toda esa situación, eu creo que é unha auténtica, e o digo así abertamente, chorrada, é poñer fondos europeos que son para a integración, para a accesibilidade, para o mantemento de cidades sostibles, nunha especie de feira, das que saen moito nas películas norteamericanas de feira dos horrores e creo que é discutible que este criterio cumpra os requisitos para ser algo sostible, algo que non xere CO2, algo que non xera consumos enerxéticos altos e algo que manteña a integración urbana co desenvolvemento ambiental sostible, iso, o proxecto en si digo que é para nós ten esa discusión, pero ademais dicimos máis, vostedes unha das actuacións, quizais unha das actuacións que afortunadamente abriu este debate, é retirar a estatua porque vostedes din que esa estatua estaba aí de prestado, é dicir, que nalgún momento había unha estatua que sobrava, foron a un “cash converter” de estatuas e compraron unha saldo e a puxeron aí, pero que vostedes teñen a Memoria, como temos o proxecto de acondicionamento do primeiro bulevar da Gran Vía que comeza a dicindo, isto está aprobado polo Concello nos anos 90 e creo que tamén algunhas das persoas que hoxe son concelleiros naquela altura eran secretarios xerais de dous sindicatos, estiveron na inauguración porque entendían que eran un monumento ao traballo e que polo tanto, deberíamos tamén defender, creo que é importante porque as fotos tamén

dicían que queríamos un monumento á clase traballadora e que o queríamos nesa ubicación, “La Gran Vía de Vigo es el eje vertebrador del ensanche surgido en Vigo en los años 40, apoyándose en la ladera norte del Castro a partir de la antigua carretera de la Avenidade de Madrid. Su trazado se plasma en el Plan de Alienaciones de Comingues”, é dicir xa están nun Plan de Alienacións dun arquitecto recoñecido, que polo tanto, tamén teríamos que ter un coidado patrimonial de telo en claro, “y a manera de la época como rambla bulevar polo paseo central arbolado”, é dicir, non é un capricho naquela altura o desenvolvemento arquitectónico das cidades, incluía ese modelo de ramblas, ese modelo de bulevar, discutible ou non se os vigueses queren pasear por alí ou polo medio, unha decisión, digo non é un deambulatorio, a pesares de que haxa xente que necesite pasear de maneira frenética, Vigo tamén hai xente que hai espazos que non necesariamente hai que percorrer, que necesariamente hai pasar por eles, tamén forma parte da arquitectura urbana, e o máis sangrante é que este informe do Concello, este proxecto di, “en el año 91 el Ayuntamiento ha localizado en este lugar, el monumento al trabajo. Escultura en bronce de Ramón Conde con estanque en su base, pretendiéndose ahora, con la última gran actuación de la Gran Vía, la adecuación del entorno creando un digno marco a dicho monumento”, é dicir, o monumento se puxo antes e se modificaron algunhas cuestións arquitectónicas do proxecto da Gran Vía para adecuar a Gran Vía, unha vez quitado o scalestrix, a esa estatua. Polo tanto, esa estatua está aí porque houbo un deseño urbanístico que dixo que estaba aí, esas árbores están aí porque forma parte tamén do patrimonio biolóxico desta cidade, que haxa un informe que diga que hai que talar árbores porque teñen buratos, home, aínda que sexan nos debuxos animados que é onde viven os bufos, aínda que sexa iso, claro que as árbores teñen buratos, e que curiosamente a recomendación da tala sexa para o 100% nun ámbito concreto e no outro non se para o 100%, parécenos preocupante, que propoñemos nós? A modificación do proxecto, propoñemos non perder os fondos europeos, propoñemos adecualo á estratexia europea que substancia estes fondos, nós incluso fixemos unha proposta a algúns veciños, recuperar, o Alcalde dixo en xaneiro que estaban localizados as antigas tranvías de Vigo, os físicos, nalgunha ubicación en Zaragoza, recuperar un tranvía actualizado, homologalo en industria e un tranvía circular que permita facer todo iso de

maneira, a parte sería un reclamo turístico e non poñer absolutamente rampas que teñen un custo enerxético brutal, non o dicimos nós, calquera cidade sabe cal é o custo enerxético que vai en contra da estratexia, e redefinir o proxecto, vostedes obviamente poden facer o que queiran pero tamén forma parte da estratexia europea escoitar aos veciños, que a Unión Europea lle preocupa cando as administracións non escoitan e se poñen dous tapóns na orella para seguir adiante con quen sabe que políticas, o que nos preocupa é que eu non lle quero facer unha avenida ao Corte Inglés, o Corte Inglés é un negocio privado.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Varias cousas, eu creo que nestes momentos falamos moito de escoitar, tanto Marea de Vigo como o Partido Popular e Marea de Vigo engadía, claro que este goberno parece que ten o defecto de pasear claro, paseamos moito e falamos coa xente porque a xente nos para e fala con nós, algúns pasan polos sitios desapercibidos entón non me estraña que vendo ao Alcalde e vendo ao goberno pois lle entren esa especie de frustracións, escoitar moito, pasear moito a cidade para saber o que a cidade necesita.

Nós, este goberno xa vivimos protestas similares a estas, todos lembrades cando comezamos a humanizacións da contorna de POVISA, aquelas concentracións que tiñamos tódalas tardes cortando o tráfico na contorna de POVISA, cal foi a sorpresa que o Partido Socialista no barrio da contorna de POVISA pasou do 52% dos votos, a maioría das mulleres e homes que vivían na contorna de POVISA aprobaron o que alí estabamos facendo, como van aprobar o que estábamos facendo na Gran Vía, por que? Porque imos ser moi respectuosos coa Gran Vía, como somos sempre, imos facer unha Gran Vía que vai manter o seu bulevar e imos facer unha Gran Vía que respecte as árbores que non estean enfermos, se cae unha árbore en Gran Vía e mata a alguén, quen é o responsable? Se mata unha árbore en Gra Vía a un neno de 4 anos, quen é o responsable? Todos creo que lembran o que pasou no Retiro estes días, todos lembran a ese neno de 4 anos que faleceu ao caerlle unha árbore por terlle unha falla de mantemento.

Nestes intres hai unha interrupción do público.

Eu creo que non é o sitio para expresar as expresións en público pero agora lles pido que sexan capaces de gardar un pouco de silencio para que podamos seguir co normal funcionamento do Pleno se vostedes o estiman oportuno.

Como estabamos a dicir, ás árbores de Gran Vía estaban nunha situación de enfermidade, pero non só iso e non o dicimos nós porque o que nos gusta é utilizar a ciencia e os informes científicos como este informe que vai neste expediente que é público, que se mandou a Europa, no expediente de tramitación onde fala da enfermidade que sofren as árbores analizando cada un das árbores, unha por unha de forma determinada, non de forma colectiva como poden ver cunha foto e cun expediente e unha radiografía de cada un das árbores, un por un, e este informe colga no expediente municipal e no expediente que se mandou a Europa e que foi valorado coa mellor puntuación dos proxectos presentados a Europa, porque o que dicíamos antes, este goberno o que non vai a arriscarse é a manter unhas árbores enfermas e que causen dano nas persoas, non nos vai pasar o que pasou en Madrid ou polo menos imos a tomar tódalas medidas oportunas porque a Sra. Manuela Carmena acaba de anunciar que vai retirar 750 árbores do Paseo da Castellana e do Retiro decenas e decenas de árbores, a Sra. Manuela Carmena que non é sospeitosa de ser do Partido Socialista.

O proxecto de Gran Vía cando falamos da masa de árbores, podémoslle indicar que aumenta en 307 árbores a masa de árbores e que aumenta o 55% de zonas verdes, por que? Porque aquelas beirarrúas que non levaban a ningún sitio, que nestes momentos copan o bulevar de Gran Vía unificarémolo á xardineira, á arboleda central para poder gozar dunha gran zona verde. A verdade que o 55% máis, máis de 1.170 metros cadrados axardinados dun total de 1.815 metros cadrados, como va a lucir a Gran Vía de verde aumentando a zona verde nun 55%, como vai lucir a Gran Vía de verde aumentando en 307 árbores, árbores de gran porte, de gran calidade e que luzan na Gran Vía e que estean de acorde a unha humanización.

A vexetación existente se transplantarán e manteranse todos aqueles árbores que se poidan manter que non estean enfermos e o resto se fará como se fixo ata agora, todos lembrades sobre todo os veciños reais de Gran Vía do ano 2012 cando caía unha árbore en Gran Vía e tivemos que retirar 20 árbores dende parte do Concello, iso foi no ano 2012 e o podemos ver aquí nun xornal local, aquel árbore enfermo que caía no ano 2012 e cando fomos a analizar as árbores vimos que había 20 árbores máis, iso non foi suficiente aquelas árbores seguían enfermos por que? Porque eran árbores que non estaban adecuados á Gran Vía, eran árbores

que tiñan as beirarrúas constreñíndoos, eran árbores que tiñan sufrido durante os últimos 30 anos, podas agresivas que fixeron que entraran os fungos, quen o di? Dino os enxeñeiros agrónomos, non o di o rumor nin a lenda, entón nos atopamos que no ano 2015 volveu a caer unha árbore en Gran Vía, unha árbore das mesmas características, tivemos que coller e seguir tratando ás arbores e volver retirar máis de 7 árbores no ano 2015, naquela situación, como dicía tamén os xornais locais naqueles momentos, non só iso, todos vos acordades de aqueles temporais do 2015 que fixeron que caese unha árbore na Avenida de Castelao, aqueles chopos salvaxes que algunha xente do Partido Popular dicía que tiñamos que manter, pero que dende o goberno municipal non mantivemos porque era un perigo e no ano 2015 caeron enriba dun coche, por desgracia un amigo do Alcalde e meu, un veciño de Coia que lle caía a árbore enriba do seu coche, que sorte tivemos de que naquel momento non estaba no vehículo, temos que ser responsables, temos que facer o equilibrio entre a natureza, o respecto pola natureza que imos a ser completamente escrupulosos e o respecto tamén á vida e a convivencia cidadá, iso en referencia ás árbores, máis de 300 árbores imos plantar, máis zona arborada, imos aumentar a zona verde nun 50% e despois hai outro tema que é un tema técnico e a min sempre me gusta falar dos informes dos técnicos municipais porque eu creo que non podemos improvisar, e eu creo que a Sra. Muñoz nos fixera aquel informe en dúas horas do hospital e vemos tódalas sorpresas que nos da o hospital privado de Vigo como dixo o Sr. Rodríguez Escudero, o hospital das sorpresas, e hoxe vimos como nos xornais nos podíamos atopar con que a zona de laboratorio os traballadores ensinaban estas mans brancas de aquel informe, aquel informe das dúas horas que cualificaron a este hospital de privado que puidese seguir adiante, isto é o que lemos hoxe nos medios de comunicación, o que estamos a dicir é que os informes nosos son máis rigorosos, por iso cando falamos da necesidade de que fora informado por Patrimonio da Xunta de Galicia, non entendo eu ese interese, volvemos repetir, nós mandamos o informe, mandamos o expediente á Xunta de Galicia para o seu coñecemento, como xa lle demostramos a tódolos medios de comunicación, mandándolle a carta na que remitíamos dito informe, e lle remitíamos tamén o informe do Concello de Vigo, informe dos técnicos municipais onde dicía que os ámbitos da cidade onde exista un Plan Especial de Protección sexa Bouza, Casco

Vello ou o Ensanche como saben vostedes, a Gran Vía está dentro do Plan do Ensanche non necesita este tipo de control por parte da Comunidade Autónoma. De todas formas, se queren informar que informen porque teñen alí o documento e sobre todo a legalidade é a que nós demostramos e nos gusta non falar de lendas, senón falar de datos obxectivos e sempre de forma científica baseados en informes municipais e claro falamos da escultura ao traballo, de que foi unha escultura que se fixo para Vigo, eu creo que este Concello xa dixo en máis dunha ocasión esa escultura que o Secretario Xeral de UGT e de Comisións Obreiras daqueles momentos defenderon e respectaron e seguen defendendo e respectando, piden que se poñan nun lugar digno, de realce porque é o que se merece o monumento aos traballadores, pero como vostedes saben ben non é unha escultura que se fixera para Gran Vía, e como vostedes saben ben estaba xa antes a Gran Vía e o bulevar que esa escultura, esa escultura que rompe o bulevar sen ningunha harmonía e que imos poñer nun sitio digno recoñecendo o traballo ás traballadoras/es, non do Mar senón de toda a cidade.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Despois de ter triplicado o seu tempo na contestación espero que tamén sexa flexible na de peche.

PRESIDENCIA: Neste Pleno tódalas as súas exposicións superaron o tempo de exposición e non a interrompeu ninguén, eu crin que lle fallaba unha parte por completar e lle deixei que se estendese no tempo unha media de 30 segundos, voulle deixar que se estenda no tempo o que vostede crea necesario porque creo que o tema de referencia meréceo, agora lle digo máis, durante a miña intervención me interromperon dez veces, e eu tivo que proseguir a intervención das distintas fases da miña exposición, co cal por iso o tempo adapteino a esas intervencións.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Non me vou a estender moito porque cando hai moitos argumentos, claros e contundentes tampouco fai falla.

Mire, Sr. Regades, é unha mágoa a contestación que deu a esta moción, sinceramente, a contestación que deu a este problema porque o que non se pode é contestar algo tan serio do que estamos a falar dende a mentira e dende a

demagogia barata, porque vostede utilizou a demagogia barata intentando infundir medo aos vigueses de que se lles van caer as árbores enriba e vostede sabe que iso é radicalmente falso porque non hai ningún informe que diga que pode caer algunha árbore e se o houbera están vostedes incorrendo en imprudencia temeraria porque se neste momento hai algunha árbore en Vigo que ten risco de caer ao día seguinte o teñen vostedes que cortar, polo tanto están vostedes mentindo, pero é que tamén o desminte os seus propios informes que acompaña ao expediente porque todos vimos o expediente, e todos vimos como dentro dos argumentos para a tala o que se di é que leva moito mantemento esas árbores e que é moi caro o custe, e que unha das razóns é abaratar custes, claramente pono aquí, se pretende diminuír os custes de mantemento neste momento moi elevados debido a gran cantidade de medios humanos e materiais necesarios para a labor de poda, polo tanto, están vostedes mentindo, as árbores están ben e cando unha árbore, se ten un problema puntual, o que se fai é curalo e coidalo, non tallalo, iso non é a solución pero mire, sabe o que pasa? Que ningunha xustificación é a real, porque saben o que vostedes queren realmente, sabe o que está detrás desta tala? Sabe o que está detrás de que se elimine este emblema de Vigo e este arbolado, que o que vostedes queren por é isto, un pezseto na Gran Vía, esa é a verdadeira razón pola que vostedes queren eliminar árbores centenarios porque queren substituílo por un pezseto porque o pezseto, rinseto, o dinoseto é o símbolo do emperador o Sr. Caballero que non se atreveu a dar a cara aquí diante dos veciños porque é un covarde e cando os veciños queren protestar el o que fai é esconderse, polo menos o Sr. Regades está aquí dando a cara diante dos veciños, o Sr. Caballero non deu a cara diante dos veciños porque nos quere colocar un pezseto, isto, e ademais o quere facer saltándose a lei porque ten que cumprir a lei porque ninguén está por enriba da lei, porque está sometido ao imperio da lei e a lei di que necesitan unha autorización de Patrimonio, porque estamos a falar do Patrimonio de Vigo, do Patrimonio dos vigueses e porque hai que coidalo e hai que ser absolutamente escrupulosos e vostedes non o foron, aprobaron un proxecto sen esa autorización e di vostede, primeiro dixo o Alcalde que non facía falla, despois se descubriu que o pediran, agora din que non, que no a piden, que lle mandaron o expediente por si acaso, mandáronllo á NASA? Mandáronllo á ONU o expediente? A que non? Por se acaso, ímolo mandar a todo o

mundo, non señores, mandáronllo vostedes a Patrimonio porque saben que Patrimonio ten que informar e porque sabían que Patrimonio ía a analizar escrupulosamente ese proxecto e porque saben que Patrimonio verá que están vostedes destruindo o Patrimonio dos vigueses, destruindo ás árbores, o bulevar e destruindo unha escultura emblemática, esa é a realidade. E queren tirar para adiante, e non van poder porque se non queren escoitar aos veciños, se non queren escoitar á oposición, se non queren escoitar a ninguén máis que así mesmos, e acabo, Sr. Regades, terán que escoitar á lei porque como adxudiquen ese contrato sen a autorización de Patrimonio estarán prevaricando e polo tanto estarán falando deste tema nos tribunais de xustiza, espero que non cheguemos aí e espero que sinceramente replanten o proxecto, atendan ao sentido común e atendan ao respecto ao que nos trouxo ata aquí, aos nosos emblemas.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Eu tiña dúbida hoxe, eu dixen, hoxe non van falar da ausencia do Alcalde porque claro dun grupo de 5 levan no Pleno tres durante todo o Pleno, escusándoa a ausencia de a Sra. Sánchez que a verdade o primeiro que fixo o Alcalde foi mostrar o noso máis sentido pésame, pero despois o resto do grupo vemos que non está, que teñen tres e nos fala a nós que somos 17 e nos falla un, pois a verdade é que o Partido Popular pode con todo. Pero si que queremos que quede claro o que dixemos, aumentamos as zonas verdes en Gran Vía en 645 metros cadrados que agora son de beirarrúas, saben canto son 645 metros cadrados, un campo de fútbol, iso é o que imos facer en Gran Vía que é o que di o proxecto que está publicado na páxina web do Concello, na nosa orde de transparencia. Eu creo que é moi interesante escoitar e escoitar os mais de 307 árbores que imos plantar en Gran Vía, esa é a realidade. E despois cando din non hai un informe que diga que as árbores non están en mal estado, o enxeñeiro agrónomo colexiado G-492, Jorge Prieto Sevilla o 3 de outubro do ano 2017, fai unha radiografía de árbore tras árbore de Gran Vía que tamén facilitarei aos medios de comunicación para que as mentiras da Sra. Muñoz sexan completamente desmontadas, estamos fartos das mentiras do Partido Popular co cal enxeñeiro agrónomo colexiado G-492 di a saúde das árbores e o ímolo trasladar ao medios de comunicación.

(No momento da votación preside o 1º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández, por ausencia do Presidente).

VOTACIÓN: Con seis votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Gago Bugarín, e Muñoz Fonteriz e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e trece votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 20.04.2018 (Rex. Nº 1750/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

- FORMULACIÓN DE ROGOS.

14(70).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO Á CREACIÓN DE PRAZAS DE APARCADOIROS PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL NA ZONA DE SÁRDOMA.

SR. PÉREZ CORREA: Rogamos teñan en conta ante a reiteradas solicitudes de veciños/as da zona de Sárdoma, na contorna do Centro de Saúde que se artellen prazas de aparcamento para persoas con diversidade funcional, sobre todo porque se reduxeron dentro do ámbito do Centro de Saúde e que se estuda a posibilidade

de colocar prazas para este tipo de aparcadoiros.

PRESIDENCIA: Queda recollido o seu rogo.

15(71).- ROGO FORMULADO POLA CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. MUÑOZ FONTERIZ RELATIVO AO ACORDO ADOPTADO NO PLENO SOBRE AS REMUNERACIÓN DOS POLICÍAS LOCAIS.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Queremos rogar que o acordo plenario ao que chegamos no Pleno pasado para equiparar e acabar coa discriminación dos Policías Locais, sexa tido en conta por este goberno e sega negociando cos Policías Locais para que acabe esa discriminación.

PRESIDENCIA: Queda recollido o seu rogo.

- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

16(72).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA, SR. PÉREZ CORREA RELATIVO AO INCREMENTO NO BONO DA PISCINA.

SR. PÉREZ CORREA: Coñece este goberno local que nos bonos das piscinas municipais os incrementos que marca a ordenanza para o 2018, algunhas persoas estalle chegando por enriba deses incrementos dos que viña na ordenanza e unha vez consultados os recibos bancarios, pedimos que se nos informe se realmente está a pasar isto de que hai un incremento con respecto ao que viña na ordenanza.

PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito.

17(73).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. EGERIQUE MOSQUERA RELATIVO AO ARRANXO DAS RÚAS PARALELAS Á PRAZA DE COMPOSTELA.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Presentamos a pregunta por escrito, queríamos preguntarlles se tiñan pensado facer paralelamente ao arranxo da Praza de Compostela as rúas adxacentes que son Carral, Velázquez Moreno, Luis Taboada, Reconquista e Marqués Valladares.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade é que esta pregunta eu a agradezo moito porque a finais do goberno do Partido Popular en Vigo e a comezo do goberno do Sr. Abel Caballero, na cidade se fixeron obras, é increíble que as obras que fixo o goberno do Sr. Abel Caballero están en perfecto uso, están novas, a xente di que acaban de humanizar a súa rúa e no mesmo tempo se fixeron obras realizadas polo Partido Popular e están completamente desfeitas, todos nos lembramos no ano 2015 cando tivemos un afundimento nesa rúa que vostedes citaba, e que nos atopamos que tiñamos unha taxea de pedras de principios do século pasado en funcionamento en vez de tubaxes de última tecnoloxía, que é o que nós poñemos á hora de recoller as augas, co cal debería preguntarlle ao Partido Popular, a aquel goberno por que nestes momentos temos que afectar zonas feitas hai pouco, que se fixeron con orzamentos municipais e outras zonas feitas no mesmo tempo polo grupo do Sr. Abel Caballero, polo grupo socialista, pois están en perfecto estado.

18(74).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN RELATIVO Á SEGURIDADE DOS PEÓNS POLOS ATROPELOS NOS PASOS DE PEÓNS.

SR. GAGO BUGARÍN: Presentamos tamén outra pregunta en tempo e en forma, a

pregunta é a seguinte, debido ao aumento significativo no derradeiro ano de atropelos nos pasos de peóns, concretamente nos pasos de peóns da nosa cidade, que medidas vai adoptar o goberno local para por unha banda e aumentar a seguridade dos peóns e por outra mellorar as condicións de visibilidade dos condutores a fin de contribuír á redución do número de atropelos.

SR. LÓPEZ FONT: Invítoos a presentar unha moción se é que considera esta tema importante e estaremos encantados de debatela, de dar conta de toda a situación actual por que é moi complexa e das medidas que se adoptaron e se adoptarán.

PRESIDENCIA: Rematado o punto 14 e 15, finaliza este Pleno desexándolle a todos e a todas unha feliz mañá.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e cincuenta e dous minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.